Asinado dixitalmente por:
REXISTRO ELECTRÓNICO
Data: 29/06/2022 01:19:08
Razón: Rexistro electrónico
Localización: Parlamento de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

XI lexislatura
Serie Pleno
Número 69

Sesión plenaria
9 de febreiro de 2022

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira

CSV: BOPGDSPG-OKp0MFw64-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

ORDE DO DÍA (Continuación)

Punto 4. Interpelacións

4.1 27317 (11/INT-001404)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Otero Rodríguez, Patricia e dous deputados/as máis
Sobre as actuacións do Goberno galego en relación coa implantación da fábrica de fibras téxtiles da multinacional lusa Altri na comarca da Mariña lucense
Publicación da iniciativa, BOPG nº 259, do 19.01.2022

4.2 28362 (11/INT-001429)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e dous deputados/as máis
Sobre a política do Goberno galego respecto da execución dos fondos de achega estatal do IV Plan de rescate
Publicación da iniciativa, BOPG nº 265, do 27.01.2022

4.3 28627 (11/INT-001436)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana e dezaoito deputados/as máis
Sobre a política eólica da Xunta de Galicia
Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 265, do 27.01.2022

Punto 5. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia

5.1 29456 (11/POPX-000055)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel
Sobre as liñas estratéxicas do Goberno galego para facer efectivo o acceso á vivenda
Publicación da iniciativa, BOPG nº 270, do 03.02.2022

5.2 29458 (11/POPX-000056)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana
Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para que a mocidade galega deixe de estar á cola en emancipación
Publicación da iniciativa, BOPG nº 270, do 03.02.2022

CSV: BOPGDSPG-OKp0MFw64-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Punto 6. Preguntas ao Goberno

6.1 27419 (11/POP-003979)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Francisco Rivera, Juan Carlos e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña
Sobre os prazos previstos pola Xunta de Galicia para sacar a licitación pública e de libre concorrencia o contrato de xestión da estación de esquí de Manzaneda
Publicación da iniciativa, BOPG nº 260, do 20.01.2022

6.2 29457 (11/PUP-000233)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Otero Rodríguez, Patricia e Francisco Rivera, Juan Carlos
Sobre o funcionamento do transporte interurbano de viaxeiros por estrada na comarca do Eume
Publicación da iniciativa, BOPG nº 270, do 03.02.2022

6.3 29412 (11/PUP-000231)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Verea Fraiz, Borja e nove deputados/as máis
Sobre a opinión do Goberno galego respecto das consecuencias de que as desgravacións fiscais aos patrocinadores do Xacobeo non se estendan ata o 31 de decembro de 2023
Publicación da iniciativa, BOPG nº 270, do 03.02.2022

6.4 26306 (11/POP-003657)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Castro Rey, Paloma e dous deputados/as máis
Sobre a recuperación para o público do convento de Santa Clara, en Pontevedra
Publicación da iniciativa, BOPG nº 250, do 03.01.2022

6.5 26642 (11/POP-003748)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Rodeiro Tato, Ovidio e seis deputados/as máis
Sobre a situación en que se encontra a elaboración dos novos currículos derivados da aplicación da Lei orgánica pola que se modifica a Lei orgánica de educación para a súa aplicación en Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG nº 255, do 12.01.2022

6.6 26923 (11/POP-003855)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Rodeiro Tato, Ovidio e seis deputados/as máis
Sobre a situación actual do procedemento para as oposicións no ensino galego
Publicación da iniciativa, BOPG nº 255, do 12.01.2022

CSV: BOPGDSPG-OKp0MFw64-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

6.7 28740 (11/POP-004273)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana e dezaoito deputados/as máis
Sobre a valoración da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural respecto da Sentenza 14/2020 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia
Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 265, do 27.01.2022

6.8 29439 (11/PUP-000232)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e dous deputados/as máis
Sobre a necesidade de ofrecer bacharelato de artes no concello de Redondela
Publicación da iniciativa, BOPG nº 270, do 03.02.2022

6.9 27413 (11/POP-003978)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e tres deputados/as máis
Sobre a actuación do Goberno galego para repoñer a totalidade dos profesionais de atención primaria que teñen asignados o centro de saúde e o PAC de Vilalba
Publicación da iniciativa, BOPG nº 260, do 20.01.2022

6.10 28746 (11/POP-004274)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana e dezaoito deputados/as máis
Sobre a consideración do Goberno galego respecto da sanción imposta a unha profesional do Servizo de Urxencias do Centro Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela
Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 265, do 27.01.2022

6.11 26787 (11/POP-003803)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Egerique Mosquera, Teresa e seis deputados/as máis
Sobre as accións postas en marcha para iniciar o desenvolvemento do Plan da cultura marítima de Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG nº 255, do 12.01.2022

CSV: BOPGDSPG-OKp0MFw64-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

SUMARIO

Retómase a sesión ás dez e catro minutos da mañá.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Luis Manuel Álvarez Martínez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as liñas estratéxicas do Goberno galego para facer efectivo o acceso á vivenda. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Álvarez Martínez (S).* (Páx. 9.)
Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo.* (Páx. 10.)
Réplica do autor: *Sr. Álvarez Martínez (S).* (Páx. 11.)
Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo.* (Páx. 13.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de Dª Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para que a mocidade galega deixe de estar á cola en emancipación. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG).* (Páx. 15.)
Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo.* (Páx. 16.)
Réplica da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG).* (Páx. 18.)
Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo.* (Páx. 19.)

Alteración da orde do día

O señor presidente anuncia un cambio no desenvolvemento da orde do día consistente en adiantar cinco preguntas, dúas delas aprazadas da sesión anterior. (Páx. 21.)

Pregunta de Dª Paloma Castro Rey e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a recuperación para o público do convento de Santa Clara, en Pontevedra. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Castro Rey (S).* (Páx. 21.)
Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Educación, Cultura e Universidade (Rodríguez González).* (Páx. 22.)
Réplica da autora: *Sra. Castro Rey (S).* (Páx. 23.)
Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Educación, Cultura e Universidade (Rodríguez González).* (Páx. 24.)

Pregunta de D. Ovidio Rodeiro Tato e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a situación en que se encontra a elaboración dos novos currículos derivados da aplicación da Lei orgánica pola que se modifica a Lei orgánica de educación para a súa aplicación en Galicia (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Rodeiro Tato (P).* (Páx. 26.)
Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Educación, Cultura e Universidade (Rodríguez González).* (Páx. 27.)

CSV: BOPGDSPG-OKp0MFw64-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Réplica do autor: *Sr. Rodeiro Tato (P).* (Páx. 28.)
Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Educación, Cultura e Universidade (Rodríguez González).* (Páx. 29.)

Pregunta de D. Ovidio Rodeiro Tato e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a situación actual do procedemento para as oposicións no ensino galego. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Rodeiro Tato (P).* (Páx. 30.)
Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Educación, Cultura e Universidade (Rodríguez González).* (Páx. 31.)
Réplica do autor: *Sr. Rodeiro Tato (P).* (Páx. 32.)
Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Educación, Cultura e Universidade (Rodríguez González).* (Páx. 32.)

Pregunta de Dª Ana Belén Pontón Mondelo e dezaoito deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a valoración da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural respecto da Sentenza 14/2020 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Queixas Zas (BNG).* (Páx. 33.)
Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Educación, Cultura e Universidade (Rodríguez González).* (Páx. 35.)
Réplica da autora: *Sra. Queixas Zas (BNG).* (Páx. 36.)
Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Educación, Cultura e Universidade (Rodríguez González).* (Páx. 37.)

Pregunta de D. Manuel Antonio Lourenzo Sobral e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a necesidade de ofrecer bacharelato de Artes no concello de Redondela. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Lourenzo Sobral (BNG).* (Páx. 38.)
Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Educación, Cultura e Universidade (Rodríguez González).* (Páx. 39.)
Réplica do autor: *Sr. Lourenzo Sobral (BNG).* (Páx. 40.)
Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Educación, Cultura e Universidade (Rodríguez González).* (Páx. 41.)

Interpelación de Dª Patricia Otero Rodríguez e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as actuacións do Goberno galego en relación coa implantación da fábrica de fibras téxtiles da multinacional lusa Altri na comarca da Mariña lucense. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Otero Rodríguez (S).* (Páx. 42.)
Resposta da Xunta: *Sr. vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación (Conde López).* (Páx. 46.)

CSV: BOPGDSPG-OKp0MFw64-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Réplica da autora: *Sra. Otero Rodríguez (S).* (Páx. 48.)
Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación (Conde López).* (Páx. 50.)

Interpelación de Dª Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política do Goberno galego respecto da execución dos fondos de achega estatal do IV Plan de rescate. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención da autora*: Sra. Rodríguez Rumbo (S).* (Páx. 52.)
Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Emprego e Igualdade (Lorenzana Somoza).* (Páx. 55.)
Réplica da autora: *Sra. Rodríguez Rumbo (S).* (Páx. 58.)
Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Emprego e Igualdade (Lorenzana Somoza).* (Páx. 60.)

Interpelación de Dª Ana Pontón Mondelo e dezaoito deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a política eólica da Xunta de Galicia. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención da autora*: Sra. Presas Bergantiños (BNG).* (Páx. 63.)
Resposta da Xunta: *Sr. vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación (Conde López).* (Páx. 66.)
Réplica da autora: *Sra. Presas Bergantiños (BNG).* (Páx. 69.)
Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación (Conde López).* (Páx. 71.)

Pregunta de D. Juan Carlos Francisco Rivera e Dª Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre os prazos previstos pola Xunta de Galicia para sacar a licitación pública e de libre concorrencia o contrato de xestión da estación de esquí de Manzaneda. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Francisco Rivera (S).* (Páx. 73.)
Contestación da Xunta: *Sr. vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo (Rueda Valenzuela).* (Páx. 74.)
Réplica do autor: *Sr. Francisco Rivera (S).* (Páx. 75.)
Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo (Rueda Valenzuela).* (Páx. 75.)

Pregunta de Dª Patricia Otero Rodríguez e D. Juan Carlos Francisco Rivera, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o funcionamento do transporte interurbano de viaxeiros por estrada na comarca do Eume. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Otero Rodríguez (S).* (Páx. 77.)
Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle).* (Páx. 78.)
Réplica da autora: *Sra. Otero Rodríguez (S).* (Páx. 79.)
Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle).* (Páx. 80.)

CSV: BOPGDSPG-OKp0MFw64-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pregunta de Borja Verea Fraiz e nove deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a opinión do Goberno galego respecto das consecuencias de que as desgravacións fiscais aos patrocinadores do Xacobeo non se estendan ata o 31 de decembro de 2023. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Verea Fraiz. (P).* (Páx. 81.)
Contestación da Xunta: *Sr. vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo (Rueda Valenzuela).* (Páx. 81.)
Réplica do autor: *Sr. Verea Fraiz. (P).* (Páx. 83.)
Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo (Rueda Valenzuela).* (Páx. 83.)

Pregunta de D. Julio Torrado Quintela e tres deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a actuación do Goberno galego para repoñer a totalidade dos profesionais de atención primaria que teñen asignados o Centro de Saúde e o PAC de Vilalba. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Otero Rodríguez (S).* (Páx. 85.)
Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña).* (Páx. 85.)
Réplica da autora: *Sra. Otero Rodríguez (S).* (Páx. 86.)
Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña).* (87..)

Pregunta de Dª Ana Pontón Mondelo e dezaoito deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a consideración do Goberno galego respecto da sanción imposta a unha profesional do Servizo de Urxencias do Centro Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Carreira Pazos (BNG).* (Páx. 88.)
Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña).* (Páx. 90.)
Réplica da autora: *Sra. Carreira Pazos (BNG).* (Páx. 91.)
Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña).* (Páx. 91.)

Pregunta de Dª Teresa Egerique Mosquera e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as accións postas en marcha para iniciar o desenvolvemento do Plan da cultura marítima de Galicia. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Egerique Mosquera (P).* (Páx. 93.)
Contestación da Xunta: *Sra. conselleira do Mar (Quintana Carballo).* (Páx. 94.)
Réplica da autora: *Sra. Egerique Mosquera (P).* (Páx. 95.)
Réplica da Xunta: *Sr. conselleira do Mar (Quintana Carballo).* (Páx. 96.)

Remata a sesión ás dúas e corenta e un minutos da tarde.

CSV: BOPGDSPG-OKp0MFw64-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Retómase a sesión ás dez e catro minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bos días.

Reiniciamos a sesión co punto 5 da orde do día, preguntas para resposta oral do presidente.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Luis Manuel Álvarez Martínez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as liñas estratéxicas do Goberno galego para facer efectivo o acceso á vivenda

O señor PRESIDENTE: Comezamos coa pregunta de don Luis Manuel Álvarez Martínez, portavoz do Grupo Parlamentario Socialista.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Grazas, señor presidente.

Bo día, señor Feijóo.

Señor presidente, todos os galegos e galegas, en canto a españois, teñen dereito a desfrutar dunha vivenda digna e adecuada. «Os poderes públicos promoverán as condicións necesarias e establecerán as normas pertinentes para faceren efectivo o dito dereito». Señor presidente, vostede, a quen tanto lle gusta a Constitución —a min tamén—, saberá perfectamente que estou a ler o artigo 47 da Constitución española. E nese marco hoxe vimos aquí trasladarlle a nosa profunda preocupación sobre o acceso á vivenda en Galicia da xente nova e da non tan nova, así como a ineficacia do Goberno galego con respecto ás políticas públicas de acceso a este dereito básico.

Señor presidente, desde o 2010 ao 2020 deixaron sen executar vostedes en materia de vivenda case catrocentos millóns de euros, cuestión que se viu agravada nos dous últimos anos, onde a execución nesta materia por parte da Xunta de Galicia é, con todo o respecto, patética. Galicia é a última comunidade autónoma do Estado en creación de vivenda protexida terminada sobre o total de vivenda creada entre o 2011 e o 2019. Mire: este gráfico *(O Álvarez Martínez amósalle á Cámara un gráfico tamaño A3.)* reflicte a porcentaxe de vivenda protexida sobre o total de vivenda construída en España nese período ao que acabo de facer referencia. Isto que está aquí sinalado é a Comunidade Autónoma de Galicia, e aquí si que son vostedes pioneiros pero pola cola, porque, evidentemente, trátase dun extremo que evidencia ese fracaso das políticas públicas en materia de vivenda. Vostedes, que sempre queren ser os primeiros —como lle acabo de dicir—, son os últimos.

A isto súmase que fixeron durante todo este tempo o mesmo: continuar coa súa política habitual de propaganda anunciando plans e plans. Uns documentos que —como din en América do Sur— resultan ser moi *pintones*, iso si, pero que xa nin contemplan tan sequera ningún tipo de indicador ou obxectivos concretos e medibles como o número de vivendas protexidas que van construír, a cantidade de axudas que van outorgar; nada de nada de nada. Porque, señor Feijóo, no anunciado Pacto social pola vivenda 2021-2025 non se inclúen ningunhas cifras concretas de execución, e será seguramente porque vostedes saben que non as van cumprir de antemán. Este pacto social ten un orzamento total de 72,6 millóns de euros, que

CSV: BOPGDSPG-OKp0MFw64-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

son a quinta parte dos que vostedes deixaron sen executar durante estes dez anos. ¿Como vai resultar crible que vostedes vaian ser capaces de levar a bo porto esta materia?

En todo caso, señor presidente, o balance da súa xestión nesta materia é un fracaso. Só no ano 2020 deixaron vostedes sen executar en materia de vivenda 52 millóns de euros; concretamente, no Programa de fomento de rehabilitación e de calidade de vivenda deixaron sen executar un trinta e cinco por cento, e no de acceso á vivenda un sesenta e catro por cento. E todo isto cando Galicia vive un panorama certamente desolador: existe una enorme dificultade de acceso á vivenda, temos un acusado atraso na emancipación xuvenil, e ademais cando tristemente constatamos en todos os indicadores un empobrecemento da poboación. E nese marco —e para que non me acuse de falta de pluralidade informativa—, segundo este medio de comunicación *(O señor Álvarez Martínez amósalle á Cámara unha fotocopia.)* —distinto ao que lle citei fai dúas semanas— o prezo do alugueiro en Galicia subiu un vinte por cento nos cinco últimos anos.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Ante toda esta situación —remato, presidente— eu pregúntolle moi preocupado: ¿cales son as liñas estratéxicas que vai seguir a Xunta de Galicia para facer efectivo o acceso á vivenda e permitirlles ás galegas e aos galegos viviren con dignidade? *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Álvarez.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Álvarez, que un socialista veña pedir explicacións sobre as políticas de vivenda a un goberno autonómico non deixa de resultar curioso actualmente. Están vostedes invadindo as competencias das comunidades autónomas, están cerceando o Estatuto de autonomía. Por iso cando vostede se declara defensor da Constitución; a Constitución e as leis orgánicas que a desenvolven en materia de autonomía é o bloque constitucional. O seu proxecto de lei é un proxecto de lei a todas luces inconstitucional. Non o digo eu, dio o Consello Xeral do Poder Xudicial, por laminar as competencias autonómicas.

Agora entendo —dados os datos que a vostede seguro que lle pasan e que son falsos— quizais que vostede o que quere é intervir as comunidades autónomas porque non son dilixentes na execución presupostaria. Falsidade sobre falsidade; falséannos as nosas competencias e falsean a execución das nosas competencias. É unha nova técnica recentralizadora dun partido chamado «federal» que realmente é o Goberno máis centralista de todas as lexislaturas do Estado. *(Aplausos.)*

Señorías, o Plan de vivenda 2018-2021 son 106,5 millóns de euros, cen por cento executado, cen por cento comprometido. ¡O cen por cento! Reitero: o cen por cento comprometido.

CSV: BOPGDSPG-OKp0MFw64-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Señorías, os orzamentos de vivenda da Comunidade Autónoma para o ano 2022 son 124 millóns de euros. ¿De onde vostede saca ese tipo de datos? Ensíname unha gráfica, fai unha gráfica na súa oficina e vén aquí cunha gráfica. ¡É sorprendente! Igual que considerar que o primeiro Pacto social pola vivenda subscrito en Galicia en corenta anos, 2021-2025, vén vostede falar de setenta e pico millóns de euros; non, 430 millóns de euros. Revise o plan, está asinado por todos os axentes. Son 433 millóns de euros en 2021-2025; investimento inducido, 650 millóns; investimento total público e privado, 1.083 millóns de euros. Permite apoiar a setenta mil familias, e creará aproximadamente trinta mil postos de traballo. Non o digo eu, dino as once entidades que asinaron o pacto.

Señoría, vir aquí falar deste tipo de datos que vostede inventa, e seguro que vostede non é. Pero, volvo reiterar: ¿quen lle pasa os datos?

Vinte e tres mil beneficiarios de axudas, 23.000; vivendas rehabilitadas, 279. Seguimos con datos, señoría: quiñentas axudas para xoves en concellos pequenos e cascos históricos. ¿Sabe cantas persoas se beneficiaron da rebaixa do imposto de transmisións patrimoniais en Galicia en materia de vivenda? Corenta e dúas mil. ¿Sabe que os mozos de menos de 36 anos nas zonas rurais non pagan o imposto de transmisións patrimoniais? Señoría, ano 2022, ¿número de vivendas? Dúas mil duascentas oitenta e tres. Delas, 512 vivendas de promoción pública, 65 vivendas rehabilitadas e solo urbanizado para vivendas 1.716. Estes son os datos, señoría.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Por certo, se quere vostede, por exemplo, en materia Rexurbe, dos sete concellos seis do Partido Socialista Obreiro Español.

¿Pero realmente vostede cre estes datos que vostede vén aquí, que se non facemos, que se non executamos? E resulta que o presuposto da Comunidade Autónoma está o cen por cento executado.

Por iso, señoría, pídolle simplemente, primeiro, que revise os datos; segundo, que nos aclare se nos vai deixar sen competencias en materia de vivenda ás comunidades autónomas.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): E terceiro, tamén lle pido se algúns alcaldes do Partido Socialista Obreiro Español, sobre todo nas cidades, van deixar de bloquear as licenzas para construír vivenda, para rehabilitar vivenda ou para urbanizar solo residencial. ¿Van vostedes deixar facer vivendas públicas ou de protección autonómica en Galicia, si ou non?

Máis nada, señorías. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, presidente.

CSV: BOPGDSPG-OKp0MFw64-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Réplica, señor Álvarez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Señor Núñez Feijóo, voulle facer unha petición sincera. Imos establecer un criterio vostede e mais eu baseado na consistencia e na veracidade dos datos que imos intercambiar neste parlamento. ¿Por que? Porque se eu digo que deixaron sen executar 400 millóns de euros en dez anos, que son as cifras que se extraen das execucións orzamentarias que o seu goberno presenta como contas públicas, temos un problema. Unha parte dese problema posiblemente sexa a nosa torpeza inherente á nosa condición de socialistas, que non sabemos nin sumar; outra que as contas sexan falsas, o cal sería gravísimo, e un terceiro escenario é que vostede veña aquí retorcer un cero ata que pareza un oito, que é o que me parece que está a ocorrer neste caso. Señor Feijóo, así non imos a ningunha parte. *(Aplausos.)*

Vostede continúa cunha oposición continua e sistemática ás políticas doutras administracións. Señor Feijóo, citei eu na miña primeira intervención algo relativo ao Goberno central ou cinguín a miña intervención a unha cuestión de ámbito autonómico? Creo que a resposta é evidente. Pregunteille polas súas propias competencias. *(Murmurios.)*

Agora ben, se vostede quere falar doutro tipo de cousas podemos falar. O Goberno de España, desde que comezou este ano, fixo unha aposta decidida polas políticas públicas de vivenda, co Bono Alugueiro, que non lles gusta, para menores de 35 anos; cun Plan estatal de acceso á vivenda 2022-2025, que tampouco lles gusta, e con esa lei, que xa vostedes saben que é inconstitucional.

Mire: voulle citar a Séneca fillo, que era fillo de Séneca pai evidentemente, *(Risos.)* cando dicía que «cando non sabemos a que porto nos diriximos, todos os ventos nos son desfavorables». E a vostede pásalle iso, pois todo lle vén á contra, vostede non ten ningún tipo de responsabilidade en nada.

Señor presidente, é vostede o presidente do «non». Do non á Lei de vivenda, do non ao Bono Alugueiro, do non ao Plan estatal de acceso á vivenda, do non a non garantir o acceso a unha vivenda digna. E cando votaron en contra das emendas que presentou este grupo parlamentario nos orzamentos, votaron tamén e dixeron que non á construción de vivendas de protección pública, axudas á mocidade e axudas ás familias.

Señor Feijóo, de verdade, pídolle que traballemos xuntos para consolidar ese quinto piar do Estado do benestar, que é o acceso a unha vivenda digna para todas as galegas e os galegos. Simplemente invocando ao que está nesa Constitución española.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Álvarez.

Peche da pregunta, señor presidente da Xunta.

CSV: BOPGDSPG-OKp0MFw64-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Oxalá, señor Álvarez, que veña vostede aquí con algún dato, porque de momento dese cadriño que presentou descoñecemos a orixe dese dato. *(Murmurios.)* Non, non, se lle dá igual, se aquí vimos con cadros. O problema, señoría, non é o cadro. O problema é a verdade.

Señoría, Pacto social pola vivenda 2021-2025, 433 millóns de euros. E vostede vén aquí e le 70 millóns. E queda tan campante. E di que a ver se traemos datos reais. Pero é que este é un pacto asinado cos colexios, cos promotores, cos consumidores, coa Administración autonómica, e vén aquí dicir que os documentos da Xunta de Galicia...

Agora estamos pechando o exercicio, xa lle digo que imos executar o cen por cento do exercicio. E vén aquí dicindo que non executamos o presuposto.

En materia de vivenda acabo de darlle 106 millóns de euros o pasado ano, comprometidos o cen por cento. E acababa de trasladarlle datos concretos do ano 2022, dúas mil duascentas oitenta e tres en vivendas públicas, rehabilitación de vivendas ou solo residencial para vivenda pública ou vivenda de protección autonómica. Estamos dando datos concretos: 2.223. Non falo arredor de dúas mil; non, 2.223. Teño os concellos en cada un dos sitios onde imos facer esas vivendas.

Pero, claro, agora resulta, señoría, que nos atopamos co seguinte: concellos socialistas.

Vigo. ¿Canto tempo tardou Vigo para aprobar o Plan parcial que poidamos executar as vivendas de Navia? Dous anos. ¿Canto tempo está tardando Vigo para darnos licenza de urbanización en tres proxectos concretos dentro de Navia? Un ano. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* E aínda non deu resposta. Pedimos a licenza en abril e en maio do ano 2021. Estamos en febreiro do ano 2022 e nin sequera responde. Dous anos para aprobar un plan parcial a proposta da Xunta e un ano para dar licenzas.

Concello de Ferrol. Compramos dezanove inmobles, pedimos licenza para estes inmobles. ¿Cando? En febreiro e en marzo do ano 2021. Sen dar resposta. Un ano sen licenzas para rehabilitar edificios en Ferrol Vello.

Podemos ir a Lugo, creo que vostede o coñece. O de Lugo é sorprendente. ¿Sabe canto tempo levan sen dar licenza de ocupación? Acabamos as vivendas, rehabilitamos as vivendas, pedimos licenza de ocupación; as primeiras pedímolas en maio do ano 2021. Sen licenza de ocupación nove meses despois. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Se quere imos a Betanzos. Estamos comprando vivendas en Betanzos. Pedimos desde hai un ano a concesión para seis edificios. Sen resposta.

E vén vostede aquí falar das vivendas executadas pola Xunta de Galicia. En todos os concellos do Partido Socialista un ano sen dar licenzas, dous anos sen aprobar un plan parcial.

Pero acabamos de pedirlle aos concellos galegos que nos remitan e que fagan público o tempo medio de outorgamento de licenzas. Ningunha cidade contestou a ese requirimento, ¡ningunha! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

CSV: BOPGDSPG-OKp0MFw64-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

¿Podemos pactar, señoría, vostede e mais eu que se transparente o tempo medio de outorgamento de licenzas nos concellos de Galicia? Sería un gran pacto en favor da vivenda, señoría.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Un gran pacto, cando entran e cando saen.

¿Vostede cre, señoría, que en Lugo tarden vostedes un ano en dar unha licenza de ocupación finalizada unha vivenda pública? Iso é lamentable, señor Álvarez. ¡Lamentable! *(Aplausos.)*

Pero, señorías, non pasa nada. Gústame que vostede se proclame defensor da Constitución. Iso significa que vostede se proclama defensor do Estatuto de autonomía. Vostedes están invadindo as competencias de Galicia.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Rectifiquen, rectifiquen. Non só as de Galicia, senón as de todas as comunidades autónomas. Pero, en fin...

En todo caso, señoría, eu felicítoo polas dúas primeiras preguntas que vostede me fixo no seu rol de portavoz. Teño que agradecer a forma sobre as mesmas, e o contido vostede elíxeo. En todo caso, sorpréndeme. A primeira sobre fondos europeos. Resulta que acaban de saír os datos de fondos europeos e Galicia é a comunidade número once en fondos europeos...

O señor PRESIDENTE: Remate por favor, presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...per cápita. E das dez primeiras nove son do Partido Socialista Obreiro Español e outra, ¡ah, sorpresa!, Castilla y León.

O señor PRESIDENTE: Grazas, presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ¡Viva a campaña de Castilla y León!

O señor PRESIDENTE: Terminou o seu tempo. Grazas.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Insisto: non o digo eu, dío o Ministerio de Facenda...

O señor PRESIDENTE: Grazas, grazas, grazas.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...once, número once...

O señor PRESIDENTE: Grazas, presidente. Terminou o seu tempo.

CSV: BOPGDSPG-OKp0MFw64-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...en gasto público.

E en materia de vivenda, señoría, vir aquí...

O señor PRESIDENTE: Terminou o tempo, presidente. Xa terminou o tempo.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...con temas de vivenda, nun suposto de inconstitucionalidade da lei do Partido Socialista...

O señor PRESIDENTE: Grazas, grazas. Xa terminou o tempo, presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...hai que felicitalo, e eu fágoo, señoría. Falamos de datos reais. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Xa terminou o tempo. Grazas.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de Dª Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para que a mocidade galega deixe de estar á cola en emancipación

O señor PRESIDENTE: Pregunta de dona Ana Belén Pontón Mondelo, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

A señora PONTÓN MONDELO: Moitas grazas.

Moi bo día, señorías.

Señor Feijóo, eu hoxe quero falarlle dos mozos e mozas que queren emanciparse, que creo que todos e todas podemos entender que é algo moi importante na vida dunha persoa, poder saír da casa de seus pais, de súas nais, e realizar os seus proxectos de vida. E o certo é que hai que recoñecer que non o teñen nada fácil.

Eu pídolle que se poña na pel dunha moza investigadora de 27 anos que busque un piso, ¿eu que sei?, na Coruña. Non sei se sabe, señor Feijóo, cal é a súa posibilidade de éxito, a vostede só lle importan os papeis, non lle importan as persoas. Pois teno moi difícil; un quince por cento conséguen e para un oitenta e cinco por cento resulta imposible e, polo tanto, fracasará.

Podemos tamén poñernos na pel dun mozo que teña entre 30 e 34 anos, por exemplo, que traballe na hostalería e que busque piso en Vigo. O 40 % non vai ser capaz de atopar un piso que poida pagar.

E todo isto é porque nos últimos anos non deixou de subir o prezo da vivenda, mentres baixaron os salarios da mocidade. Se imos aos datos do Instituto Galego de Estatística, o que nos di é que nestes últimos anos subiron un vinte e tres por cento os alugueiros, e no caso das cidades, un trinta e un por cento. Pero hai portais inmobiliarios, como El Idealista, que

CSV: BOPGDSPG-OKp0MFw64-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

nos están dicindo que nas cidades o incremento é do 51 %. Eu o que lles pido é que fagan contas: a maioría dos mozos e mozas deste país non chegan a mileuristas, con eses recursos teñen que pagar un piso —400 ou 500 euros—, os gastos dese piso, comer —porque, claro, a xente nova ten o vicio de comer todos os días—, e daranse conta de que é unha misión imposible para a maioría da mocidade poder emanciparse.

Por iso, señor Feijóo, nós temos datos preocupantes. Temos a segunda taxa de emancipación xuvenil máis baixa de todo o Estado de persoas entre 30 e 34 anos. E, iso si, lideramos un *ranking*, que é o *ranking* de vivenda baleira.

E vostede ven aquí dicirnos que non ten ningunha responsabilidade, pero é que ten todas as competencias en materia de vivenda. ¿Que fixo vostede, señor Feijóo? Pois basicamente o que fai é propaganda, e, iso si, cargouse toda a política social de vivenda que puxera en marcha o BNG desde o goberno. (*Aplausos.*)

E isto non o digo eu, é que o din os seus datos, os datos da Xunta: o 80 % das axudas de alugueiro non se conceden por falta de fondos. Se imos ás vivendas protexidas que impulsaron, é que é de traca, señor Feijóo. Mire: en 2015 impulsaron cinco; en 2016, catro; en 2017, cinco; en 2018, dúas, señor Feijóo. E ve este uve, *(A señora Pontón Mondelo, cos dedos índice e maior da súa man dereita levantada, fai o símbolo do uve.)* non é de vivenda, nin de vitoria, é de vergoña das súas cifras en materia de vivenda. *(Aplausos.)*

A súa política de vivenda non existe, é como un unicornio, unha fantasía que crean na TVG, na que tanto manipulan e retorcen a opinión pública. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, señor Feijóo.

E por iso pregúntolle: ¿vai seguir vendéndolle unicornios á mocidade ou vai poñerse a traballar, exercer as competencias e facilitarlle o acceso a unha vivenda digna? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señoría.

Señora Pontón, efectivamente, mellorar os índices de emancipación da xuventude é un dos obxectivos e das preocupacións das sociedades occidentais, das sociedades libres, das sociedades con gobernos e con parlamentos. Polo tanto, Galicia está entre elas.

Agora ben, que veña vostede aquí mentir de forma explícita dicindo que Galicia é a segunda comunidade autónoma con menor porcentaxe en emancipación da xuventude, cando teño: Observatorio de Emancipación, Consejo de la Juventud de España, últimos datos publicados, primeiro semestre do ano 2021, *Taxa de emancipación en la comunidad autónoma: 15,2*; por riba da media de España. E queda tan campante. Somos a segunda pola cola e resulta que somos a oitava por arriba, e queda absolutamente tan campante. Temos máis taxa de emancipación da xuventude que o País Vasco ou que Navarra, ou que Andalucía, Asturias, Canarias, León, Can-

CSV: BOPGDSPG-OKp0MFw64-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

tabria, Castela-A Mancha, queda tan campante e dálle exactamente igual. Porque o importante, señoría, son as súas clases de oratoria. *(Aplausos.)* Pero mire, señoría: o problema non son as clases de oratoria, o problema son os rapaces e as rapazas que vostede quere manipular.

Señoría, para a emancipación dun rapaz ou unha rapaza necesita, primeiro, formación, despois emprego e despois vivenda. E en materia de formación, señoría, síntome moi orgulloso do sistema educativo galego; ese que vostedes están criticando de forma constante e continua.

Formación profesional: 60.000 alumnos, un setenta por cento máis que cando empezamos, 3.000 millóns de euros de investimento en FP. Iso significa que o 85 % dos alumnos se emancipan e atopan un traballo na FP, e na FP dual o 94 %.

Universidade. Fala vostede da investigación. Si, pero para estudar unha carreira, en Galicia a taxa universitaria é máis baixa de España. *(Aplausos.)* Esa é exactamente a emancipación universitaria.

E en materia de abandono escolar, señoría, isto si que é emancipar. Emancipar é formarse. Cando vostedes gobernaban, o 25,8 % dos mozos e mozas non acababan a educación obrigatoria; agora é o 8 %. Esta é a maior emancipación de liberdade que se basea na formación da xente, señoría. *(Aplausos.)*

Por iso, señoría, falar disto simplemente aquí é unha cousa moi sorprendente. Non fala vostede de que o paro xuvenil baixou dende o ano 2009 un sesenta e cinco por cento. Cando vostedes gobernaban había 51.000 mozos en paro. Non falan vostedes que o paro este ano xuvenil baixou un vinte e nove por cento, iso non lles interesa.

E en materia de vivenda —dado que vostede volve outra vez, parece que o Partido Socialista non fixo ben a pregunta— pois leo o Observatorio, parágrafo dedicado a Galicia: «*El mercado de la vivienda, un mercado de la vivienda menos excluyente que la mayoría de las comunidades. De hecho, el coste económico de acceso de una persona joven a la compra o al alquiler de una vivienda libre seguía siendo de los más reducidos de España*».

E vén vostede aquí falar do número de vivendas. Pero é sorprendente, se a vostede lle dá exactamente igual. Vivenda de promoción pública: na Coruña, 80; en Santiago, 60; en Vigo, 26; en Vigo, 79; en Vigo, 128; en Pontevedra, 76; en Lugo, 57; en Oímbra, 3; en Pontevedra, 3. Seguimos: 1.700 vivendas de solo...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...residencial adxudicadas no ano 2022. En Pontevedra —aí está algún concelleiro de Pontevedra—, 33. Hai que recoñecer que en Pontevedra nos deron licenza, ¡menos mal! Na Coruña, 224; en Ferrol, 458; en Lugo, 370; en Pontevedra, Valdecorvos, 104, e en Vigo, 331.

E ven aquí dúas, tres, catro..., simplemente para poñer os dedos a ver se lle fan unha foto. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Señoría, isto non vai de fotos,...

CSV: BOPGDSPG-OKp0MFw64-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PRESIDENTE: Remate.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...isto vai de formación, de emprego e de vivenda.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, presidente.

Réplica, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Señor Feijóo, falounos vostede de educación, e vén aquí e empeza dicindo que son unha mentireira, unha manipuladora. É que é vostede o rei do insulto. *(Aplausos.)* ¡Alá cadaquén co seu estilo! Déixolle a vostede, desde logo, ese patrimonio.

E si, o seu problema é que ten competencias e non as exerce. Por iso, claro, é que levamos doce anos onde non reclamou ningunha, porque a máis competencias, máis se lle ve a súa incompetencia, señor Feijóo, *(Aplausos.)* a súa incapacidade. *(Aplausos.)*

E imos falar do que está pasando neste país. E debería de sabelo porque lle debería de preocupar que se lle estea furtando o futuro á xente moza de Galiza. Mire: os menores de 29 anos, o 85 % non poden emanciparse, señor Feijóo... *(Pausa.)* Se me atende un momento porque logo equivócase cando me responde, *(Risos.) (Aplausos.)* e esta é unha cuestión importante. *(Aplausos.)* Temos a segunda taxa de emancipación xuvenil máis baixa de todo o Estado de persoas de entre 30 e 34 anos. É que non manipule as miñas palabras, señor Feijóo, *(Aplausos.)* porque xa está ben de cruzada sesión de control tras sesión de control. *(Aplausos.)*

O 50 % dos mozos e mozas que teñen traballo todo o ano non teñen recursos para poder marchar da casa dos pais aínda que queiran, teñen que seguir vivindo alí, *(Aplausos.)* porque se non terían que escoller entre comer ou pagar as facturas, señor Feijóo. *(Aplausos.)*

A súa política de vivenda —xa llo dixen— é que é un *bluff*, é un unicornio, é unha fantasía, van de fracaso en fracaso. Fíxese: Programa de alugueiro con opción de compra para menores de 35 anos, que foi un dos grandes anuncios estrela: en catro anos, trinta vivendas. Temos proxectos que tamén venderon a diestro e siniestro, como o Programa Realuga onde houbo anos que deron dúas axudas por valor de 7.000 euros, a pesar de que tiñan orzados 150.000 euros. *(Aplausos.)*

O orzamento de vivenda, señor Feijóo, é que ou nos engana na información que nos manda ao Parlamento ou non pode dicir as cousas que di aquí, porque o orzamento de vivenda de 2022 é un corenta e seis por cento máis baixo do que había no ano 2009, e, por riba, deixan sen executar dous de cada tres euros que aparecen nese papel. *(Aplausos.)* E teñen un Rexistro de demandantes de vivenda protexida colapsado, señor Feijóo, con 15.000 persoas agardando.

E as súas cifras en materia de promoción de vivenda son unha vergoña. Xa lle dei os datos que aparecen no Instituto Galego de Estatística. Pero se imos ás medias, antes de que vostede

CSV: BOPGDSPG-OKp0MFw64-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

chegara, cando o BNG tivo responsabilidade en vivenda promovíanse de media cada ano tres mil vivendas de protección. ¿Sabe cantas con vostede? Baixaron sete veces esa media...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: ...e non chegan nin a catrocentas en doce anos de media, señor Feijóo. *(Aplausos.)* ¡É que estes son os seus datos de vivenda! *(Aplausos.)*

E volve aquí, señor Feijóo, insultarnos e non traer propostas. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: E eu quero poñer sobre a mesa —remato, presidente— tres propostas porque nos preocupa a mocidade, e cremos que a función que temos que facer é precisamente darlles unha oportunidade. Hai que incrementar os recursos para axudas ao alugueiro; hai que promover, en segundo lugar, vivendas de promoción pública en alugueiro... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

Silencio.

A señora PONTÓN MONDELO: ...porque queremos parecernos a Europa, que ten un nove por cento de media de vivendas en alugueiro e aquí só temos o 1 %. Señor Feijóo, ¿cantas vivendas de Navia van ser de promoción pública de alugueiro? *(Murmurios.)* Estaría moi ben que nolo contaran porque esa é a posibilidade que ten...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PONTÓN MONDELO: ...a xente con menos recursos de poder acceder á vivenda.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: E, por último, póñase en serio a traballar...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: ...para mobilizar esa vivenda baleira, porque o que non pode é vir con máis *bluff* e vendéndolle máis unicornios á mocidade deste país. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Peche da pregunta, señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señor presidente.

CSV: BOPGDSPG-OKp0MFw64-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Di vostede que temos competencias en vivenda. Estarán vostedes en contra entón do Proxecto de lei de vivenda dos seus socios. ¡Dígano! *(Murmurios.)* ¿Van vostedes protexer Galicia ou van vostedes protexer os seus socios? Porque de momento, señoría, con que se aprobe ese proxecto de lei dáme a sensación de que non imos facer moitas sesións de control en materia de vivenda porque non podemos nin decidir a que dedicamos o parque público de vivendas da Comunidade Autónoma.

Señora Pontón, que vostede minta no Parlamento non é unha cuestión nova, é unha cuestión bastante continuada durante os últimos dezaoito anos. *(Murmurios.)* Pero dicir aquí cando cito o Observatorio do Consejo de la Juventud de España, e cito todos os datos do primeiro semestre do ano 2021, e agora dime: non, non, referíame aos de 30 a 34 anos... *(A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.)* Mire, señora Pontón, por favor: un pouco de respecto polos galegos, que parvos non somos tanto como vostede cre, señoría. *(Aplausos.)* ¡Non somos tan parvos como vostede cre! *(Aplausos.)*

Señoría, non veño presumir aquí de nada, pero si polo menos a defender o país. Xa sei que estou moi preocupado polo incremento dos prezos do seu socio que goberna en España. Temos o IPC máis alto dos últimos corenta anos, e vén dicir que é culpa da oposición en Madrid do Grupo Parlamentario Popular. É algo moi sorprendente, señoría. Temos os prezos máis caros da vivenda, e vén vostede botarlles a culpa aquí aos que están na oposición en políticas nacionais, en políticas económicas e en políticas de facenda. Temos os impostos máis altos: os impostos ao traballo, os impostos á Seguridade Social, os impostos aos carburantes, os impostos á electricidade, e vén vostede preocupada pola emancipación dos xoves. Si, señoría, niso coincidimos, eu estou absolutamente preocupado. O que pasa é que nós non estamos de acordo con esas políticas, e vostedes gobernan en todos os sitios con esas políticas. *(Aplausos.)* Esa é a gran diferenza, señoría, entre vostedes e mais eu. *(Aplausos.)*

Señoría, se temos 106,5 —digo a coma: 106,5— de presuposto no ano 2021 en materia de vivenda, e dígolle que o cen por cento están comprometidos, supoño que será unha declaración o suficientemente explícita.

Vén vostede aquí presumir da vivenda do Bipartito. Agradézolle que fale vostede do Bipartito de vez en cando. Vostede sabe que quebrou as xestures, as que se dedicaban a facer solo público para vivenda. Vostede sabe que lles tivemos que inxectar 200 millóns de euros. ¡Quebradas! E vén aquí presumir dunha quebra. A ver se a xente non se acorda de que quebramos as políticas de vivenda, quebramos as xestures e tiveron que vir os señores do PP pagar o que nós deixamos a deber. *(Aplausos.)* Iso si, señoría, ¡gran política en materia de vivenda! *(Aplausos.)*

Mire, señoría, o que pasa: hai que comprender que cando unha persoa leva tanto tempo na política sen resolver un só problema para os galegos *(Murmurios.)* e sen xestionar un só euro público, pois, evidentemente, vén aquí... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...facer de comentarista. Iso é doado, señoría. *(Murmurios.)*

CSV: BOPGDSPG-OKp0MFw64-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Tamén comprendo que practicamente ningún mozo no país foi quen de conseguir unha acta de deputada con 26 anos e mantela dezaoito anos despois. Iso realmente chámase «emancipación nacionalista». *(Risos.)*

A emancipación real, señoría, pasa pola formación, pola educación, pola rebaixa da taxa de abandono escolar, polas taxas universitarias máis baixas de España, señoría, e pola formación profesional, das mellores das rexións europeas. A emancipación pasa por diminuírlles os impostos aos xoves que compran vivenda. A emancipación pasa, señoría, por políticas de vivenda razoables e decentes. A emancipación non pasa por afiliarse ao Bloque Nacionalista Galego. *(Murmurios.)*

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

Alteración da orde do día

O señor PRESIDENTE: Agora temos unha alteración da orde do día, que creo que xa foi comunicada.

E vanse substanciar, en concreto, cinco preguntas, dúas delas eran aprazadas da sesión anterior, que non se puideron formular.

Pregunta de Dª Paloma Castro Rey e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a recuperación para o público do convento de Santa Clara, en Pontevedra

O señor PRESIDENTE: Entón comezamos coa pregunta de dona Paloma Castro Rey, do Grupo Parlamentario Socialista.

Espere un momento a que a cousa estea un pouco máis tranquila para formular a pregunta.

(Pausa.)

Cando queira.

A señora CASTRO REY: Grazas, presidente.

Bo día, conselleiro.

O convento de Santa Clara, en Pontevedra, data do século XIII. Foi un convento de clausura pertencente á orde das monxas clarisas. Ademais de ser un inmoble con valor histórico para os pontevedreses e pontevedresas, ten tamén un valor moi especial. Dende a súa construción en 1270 e ata o ano pasado, ata o 1 de decembro de 2021, que foi vendido ao Concello de Pontevedra e pasou a ser un ben público, pasaron setecentos cincuenta anos. Setecentos cincuenta anos de misterio que ninguén sabía o que ocultaba tras eses muros. Un lugar do que os pontevedreses e as pontevedresas só coñeciamos unha pequena capela e unha habitación cun torno, no que as parellas deixaban os ovos para que non lles chovera o día da súa voda e onde de nenos e nenas iamos buscar os recortes sobrantes das obleas.

CSV: BOPGDSPG-OKp0MFw64-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

E así no centro da miña cidade atopábase este misterioso inmoble e de espectaculares dimensións, case cinco mil cincocentos metros cadrados edificados, cun xardín que podemos dicir que é como un Central Park á pontevedresa, xa que ten máis de dez mil metros cadrados de zonas verdes, cun espectacular bosque de castiñeiros, innumerables árbores froiteiras e vides. E destas vides, algunhas cepas que se atoparon o outro día declarábanse xa extinguidas. Polo tanto, unha xoia dentro da nosa cidade.

Creo que non cabe dúbida sobre o valor patrimonial e cultural deste ben. Aínda que fai falla determinar o estado no que se atopa, nunha primeira visita dos técnicos, estes determinaban que facía falla unha rehabilitación integral deste inmoble e unha importante actuación nas zonas verdes.

O pasado 14 de decembro, o Concello e a Deputación de Pontevedra acordaron nun protocolo a futura cesión de Santa Clara ao Museo de Pontevedra, para adaptar esas instalacións ás necesidades da institución provincial. A primeira opción foi de uso museístico deste ben, xa que o Museo de Pontevedra —como xa sabe vostede— goza cunha gran riqueza patrimonial, que neste momento está almacenada por falla de espazo para expoñela ao público. Para iso teñen previsto encargar uns estudos arqueolóxicos, arquitectónicos e de conservación co fin de determinar exactamente o estado real no que se atopa este inmoble.

Pois ben, dada a importancia cultural deste patrimonio, o Grupo Parlamentario Socialista entendemos que o Goberno da Xunta ten que comprometer a súa colaboración económica para que esta xoia patrimonial poida ter ese uso cultural tan importante tanto para Pontevedra como para Galicia. E aínda que na primeira visita oficial tanto o vicepresidente da Xunta coma vostede evitaron confirmar este apoio financeiro da Administración autonómica para a rehabilitación deste ben, nós entendemos que debe comprometerse a investir nesta rehabilitación de Santa Clara aportando polo menos o cincuenta por cento do seu custo, como está a facer a Xunta de Galicia noutros lugares. E cítolle como exemplos o mosteiro de Santa María de Oia, o convento de Santo Antonio de Herbón, a casa museo de Valle Inclán en Vilanova de Arousa ou o castelo de Santa Cruz da Garda. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Castro.

Resposta do conselleiro de Educación, Cultura e Universidade.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González): Moi bos días, señor presidente.

Señora deputada, a verdade é que a pregunta que vostede formula por escrito non é exactamente a que me fai de xeito oral. Vostede pregunta se entende o Goberno da Xunta de Galicia que é positiva a recuperación para o público do convento de Santa Clara en Pontevedra.

O feito de que fose comprado neste caso polo Concello de Pontevedra, a verdade é que xa foi dito: nós entendemos que si, que é positivo que os concellos, as deputacións, calquera institución pública se involucre na compra, na protección e na defensa do noso patrimonio. ¡Oxalá fose máis recorrente e máis fácil todo isto! É unha boa noticia que se teña

CSV: BOPGDSPG-OKp0MFw64-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

mercado. Pero a partir de aquí, e tamén despois de escoitala a vostede, todo parece cando menos un pouco sorprendente. Un pouco sorprendente porque ata onde sabemos non temos ningunha constancia oficial, non temos ningún contacto oficial respecto do que se quere facer aí.

A verdade é que aquí case as preguntas había que facelas ao revés. Non me entenda que sexa unha perversión do exercicio democrático e do exercicio parlamentario, ¿non?, pero case é un pouco ao revés. É dicir, ¿vostedes cando compraron o inmoble sabían canto ía custar rehabilitalo?, ¿ou sabían cal era o seu uso?, ¿ou que uso querían facer?, ¿ou como estaba?, ¿ou que é necesario rehabilitar para conservalo?

Porque, claro, vostede estanos dicindo unha cuestión que realmente é moi difícil de entender. Dinos: que a Xunta poña o cincuenta por cento. E eu respóndolle: ¿e por que o cincuenta por cento?, ¿por que non o sesenta por cento?, ¿en que se basea vostede para dicir o cincuenta por cento?, ¿ou o trinta e tres por cento?, ¿ou o corenta e oito por cento? Di o cincuenta por cento, que me parece unha cifra redonda, pero podía ser outra cifra. Non hai ningún argumento que vostede nos dea para poder tomar unha decisión, non sabemos nada. Vemos unhas declaracións nos medios, vemos unha pregunta formulada como unha especie de desiderato pero realmente non sabemos nada máis.

Tampouco sabemos se vostede solicitou a outras institucións ou non, nin como se vai plantexar. Realmente non sabemos. Entón, é moi difícil responder na sede parlamentaria coa seriedade que implica respecto de algo que está absolutamente no aire e que está máis alá dunha declaración de intencións políticas.

Pero, en todo caso, señora deputada, pode estar vostede ben segura, pois creo que os grupos así o manifestaron a nivel local, o propio vicepresidente así o manifestou e eu maniféstoo: é unha boa noticia que se teña mercado ese ben, e oxalá se mercaran moitos máis bens por parte dos concellos e por parte das deputacións. A Xunta de Galicia está traballando en rehabilitacións en Pontevedra, no patrimonio histórico, en Santa María por exemplo, vostede citouno. No propio Valle Inclán, que tamén é patrimonio histórico.

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro, terminou o tempo. Terminou o tempo. Grazas.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González): Pero realmente…

O señor PRESIDENTE: Grazas, grazas.

(O señor Rodríguez González pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)

Grazas, había que facelo ao revés, iso xa. Fíxome moita graza. *(Risos.)* Fíxome graza esa expresión, ¡home!

Perdoen, pero fíxome moita graza a súa resposta. Claro, que é unha pregunta, había que facer a pregunta ao revés. Claro, unha pregunta ao revés é empezar pola resposta. Digo eu,

CSV: BOPGDSPG-OKp0MFw64-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

non sei. *(Risos.)* Fíxome graza... É unha cousa que... Pero nada. Pido desculpas por iso, nada máis. Non ten maior maldade isto. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Réplica da señora Castro.

A señora CASTRO REY: Grazas, señor presidente.

Vostede sempre botando balóns fóra. Eu vou dicirlle en que baseo a miña petición. Baséoa na Constitución española, que no artigo 148.1 recoñece ás comunidades autónomas as competencias en materia de patrimonio monumental; no Estatuto de autonomía, que tamén determina a competencia exclusiva para a promoción dos valores culturais do pobo galego; na Lei 5/2016, de patrimonio cultural de Galicia, que tamén fala de competencia exclusiva da Xunta de Galicia sobre o patrimonio cultural de Galicia, ou no seu artigo 3, onde fala de colaboración administrativa e fala de colaboración coas entidades locais para salvagardar o patrimonio cultural. Polo tanto, mire por onde vostede o mire: o compromiso da Comunidade Autónoma de Galicia co patrimonio cultural ten que ser irrenunciable.

Aquí estamos a falar dun inmoble que ten un gran valor estritamente vinculado co devir histórico da miña cidade e do pobo galego. E non é discutible, polo tanto, que este inmoble agoche bens que deban ser considerados de interese para a permanencia, recoñecemento e identidade da cultura galega a través do tempo. E podo citarlle os catro retablos do século XVIII, o púlpito, a sillería, o coro ou o órgano de 1795, así como unha ara romana que se atopou nunha das estancias —unha pequena columna que data da época dos romanos—, así como árbores milenarias ou —como dicía na primeira intervención— as cepas dunha vide que se temían extinguidas.

Como vostede sabe, o Museo de Pontevedra é un dos museos máis relevantes e máis importantes de Galicia, e aínda ten moitas pezas gardadas por non poderen ser expostas ao público. Polo tanto, o Goberno da Xunta ten que seguir fomentando o noso patrimonio cultural e ten que participar na rehabilitación integral deste edificio, para manter non só o seu valor en si mesmo, senón tamén para poder ampliar o Museo de Pontevedra, e que todos os galegos e galegas poidamos desfrutar destes bens que nos pertencen a todos.

Polo tanto, pídolle que non faga vostede o avión e que concrete se teñen pensado contribuír —eu dicía polo menos no cincuenta por cento— á rehabilitación integral deste ben. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Castro.

Peche desta pregunta, conselleiro de Educación, Cultura e Universidade.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González): Moitas grazas, señor presidente.

Señoría, o noso compromiso co patrimonio xeral de Galicia e, por suposto, co de Pontevedra eu creo que é claro. ¿Que nos gustaría ter máis recursos para ter máis capacidade investidora?

CSV: BOPGDSPG-OKp0MFw64-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sen dúbida ningunha tamén. E citei algúns exemplos que estamos facendo na propia cidade de Pontevedra, en Santa María. Creo que é unha rehabilitación dunha das igrexas máis simbólicas, cun valor emocional máis importante da cidade. Ou o propio instituto Valle Inclán, que é un elemento cun valor cultural tamén básico na propia cidade.

Podía darlle datos dos concellos onde investimos, das actuacións, dos millóns, pero, ben, son datos que tampouco aportan maior interese.

E repítolle o que lle dixen: entendemos positivo que se traballe, que se merque, que se rehabilite o patrimonio e que se potencie a nosa historia, a nosa tradición sen ningún tipo de dúbida. E recoñecemos que foi unha boa operación, se se quere plantexar. E o Museo de Pontevedra non se pon en cuestión, ninguén o pon en cuestión, é un dos grandes museos de Galicia e de España.

Agora, a partir de aí e a partir desta base común, o que vostede nos trae aquí realmente é —por dicilo dun xeito suave— unha postura moi indolente, porque, sen saber, a unha administración pública practicamente máis que unha declaración política mediática lle plantexa que na sede parlamentaria haxa unha serie de decisións, que, obviamente, non hai ningunha referencia sobre como tomalo. Iso é así. E realmente mentres non se teña máis información, mentres non se saiba o que se quere facer, que, por certo, vostede ben dixo que están intentando saber o que se quere facer, como está estruturalmente, non se sabe o proxecto museográfico, non se sabe o proxecto expositivo, haberá que ter algunha información e despois haberá que avaliar e tomar as decisións que sexan necesarias.

Pero, en todo caso, chegar cunha data concreta e cunha cantidade concreta parece moi pouco serio, máis alá de intentar sacar un titular ou máis alá de intentar que vostedes agora digan: é que a Xunta non se compromete, e quedar tan anchos. Ben, pódeno facer. Iso aos cidadáns vailles valer para pouco e van dicir: aquí están os políticos outra vez falando para eles. Non ten ningún sentido o que vostede nos plantexa.

Certamente, si temos que ter en conta que Pontevedra é un espazo, unha cidade cuns grandes equipamentos culturais, onde temos que mellorar o propio arquivo, a propia biblioteca. E temos un gran proxecto, que, por certo, está no corazón da cidade, que é a antiga sede de Facenda, San Francisco, onde se quere plantexar un novo arquivo. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Eu pedinlle —porque é do Estado, claro— ao ministro facer aí unha biblioteca, a biblioteca central, a Odriozola, porque sería un elemento que daría...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González): ...vitalidade ao centro da cidade...

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

CSV: BOPGDSPG-OKp0MFw64-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González): ...e xeraría dinámicas urbanas moi positivas.

O señor PRESIDENTE: Grazas. Terminou.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González): Creo que hai que velo así *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* e facelo con datos concretos, e non elucubracións...

O señor PRESIDENTE: Grazas. Terminou o tempo. Xa sabe como é isto. Terminou o tempo, xa entendemos.

(O señor Rodríguez González pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)

Ben, a ver se vai ben esa xestión logo. Grazas.

Pregunta de D. Ovidio Rodeiro Tato e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a situación en que se encontra a elaboración dos novos currículos derivados da aplicación da Lei orgánica pola que se modifica a Lei orgánica de educación para a súa aplicación en Galicia

O señor PRESIDENTE: Pregunta de don Ovidio Rodeiro, do Grupo Parlamentario Popular.

O señor RODEIRO TATO: Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, moi bos días.

Benvido, señor conselleiro.

A LOMLOE, ou a Lei Celaá, entrou en vigor en xaneiro do ano 2021 despois de utilizar de maneira inaceptable a pandemia para acurtar os prazos, evitando o seu debate e rachando con todo o traballo feito a través do Pacto do Estado pola educación.

Como é coñecido, o Grupo Popular considera que a LOMLOE é unha lei imposta, elaborada de costas ás comunidades autónomas, que son realmente as que teñen que aplicalas. Ademais, trátase dunha lei que introduce efectos perversos e ataca os piares básicos do sistema, como son: a calidade, a equidade, a igualdade de oportunidades e a cultura do esforzo.

En todo caso, a Consellería de Educación sempre afrontou esta nova situación dende a lealdade e o respecto á normativa. E este Grupo Parlamentario Popular de Galicia coincide coa Xunta de Galicia na necesidade de seguir traballando para que no marco da legalidade o sistema educativo galego non se vexa afectado pola aplicación desta nova lei, que vai en contra da cultura do esforzo, empobrecendo deste xeito a educación.

En calquera caso, a vixencia da lei orgánica obriga á adaptación dos currículos educativos; cuestión na que o Ministerio de Educación leva varios meses de atraso, co que incumpre deste xeito a súa propia lei.

CSV: BOPGDSPG-OKp0MFw64-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O Goberno de Pedro Sánchez estivo malgastando o tempo facendo foros de propaganda da lei, pero os textos dos reais decretos seguen pendentes de aprobación. Polo tanto, a súa publicación no *Boletín Oficial do Estado* non se fixo, cando xa se cumpriu máis dun ano da entrada en vigor. Esta situación afecta a adaptación que teñen que facer as comunidades autónomas dos currículos.

Ante esta situación, hai que lembrar que no mes de outubro a Cámara galega adoptou, cos votos do Partido Popular e do Bloque Nacionalista Galego e mais coa abstención do Partido Socialista, o seguinte acordo: «O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que solicite ao Ministerio de Educación axilidade na concreción dos novos currículos derivados da aplicación da LOMLOE, como paso previo para poder acometer a súa adaptación ás particularidades do ensino galego e, entre outras cuestións, facilitar que a consellería poida ofrecer ao profesorado galego un conxunto de instrumentos e ferramentas informáticas que permitan a elaboración das programacións didácticas acorde co modelo curricular vixente».

Á vista deste acordo desta mesma cámara galega, gustaríanos coñecer, señor conselleiro, en que situación se atopa a elaboración dos novos currículos derivados da aplicación da LOMLOE para a súa implementación na nosa comunidade.

Máis nada, señor presidente. Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rodeiro.

Resposta do conselleiro de Cultura, Educación e Universidade.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González): Moitas grazas, señor presidente.

Señor deputado, pois a verdade é que catorce meses despois da aprobación da lei e dúas ministras despois da aprobación da lei seguimos sen currículos nas etapas quizais máis complexas de organizar no sistema educativo, que son primaria, secundaria e bacharelato. Seguimos sen currículos pese a que en moitas ocasións xa vimos avances sobre datas que se incumpren, xa vimos sobre todo nos medios de comunicación diferentes aspectos que se tratan na parte básica dos currículos que desenvolve o Estado, e en moitas ocasións tamén nos enterabamos destas informacións a través dos propios medios, máis alá dunha falta de respecto bastante evidente cara ás comunidades autónomas. Pero a verdade é que estamos nunha situación que comeza a ser absolutamente preocupante, pois é preocupante o atraso da publicación dos decretos —como dixen— de primaria, de secundaria e de bacharelato.

O procedemento é que o Estado ten que aprobar os seus decretos cos contidos básicos do 50 % e as comunidades autónomas —entre elas a galega— teñen que aprobar o 50 % restante. Obviamente, aquí hai uns tempos de tramitación administrativa. A tramitación dun decreto autonómico en calquera comunidade autónoma está entre os seis e sete meses. Se o Estado mantén os niveis de atraso, dous meses xa en infantil, e trasládaos ao resto das etapas educativas, imos asistir —xa advirto a esta cámara e advirto a Galicia— a un final de curso e un inicio de curso tremendamente caótico, derivado da incapacidade na publicación por

CSV: BOPGDSPG-OKp0MFw64-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

parte do Goberno do Estado dos seus currículos —como dixen— catorce meses despois da súa aprobación e dúas ministras despois, pese ás declaracións que xa vimos nos medios de comunicación.

Obviamente, Galicia está traballando. Temos moitos grupos de traballo, arredor de aproximadamente cento cincuenta persoas, que xa están desenvolvendo os nosos propios currículos, para tan pronto estean publicados os currículos estatais poder de xeito inmediato —como estamos facendo no ámbito de infantil— aprobar os nosos currículos e poder chegar a final de curso- principio de curso sabendo o que os profesores teñen que impartir nas súas aulas, o que os alumnos teñen que recibir nas súas aulas e como se vai organizar o sistema.

Se se mantén este atraso, advirto, con preocupación e con pena, que imos ter un problema organizativo tremendamente serio no propio sistema educativo. E isto deriva basicamente da incapacidade do Estado de cumprir cos seus prazos, de cumprir cos seus tempos e de cumprir coas súas responsabilidades.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Réplica, señor Rodeiro.

O señor RODEIRO TATO: Grazas, señor presidente.

Galicia e o resto das comunidades autónomas, polo que vemos, seguen á espera de que o Ministerio de Educación concrete os textos de validez legal, as modificacións que implicarán os novos currículos educativos da LOMLOE e os obxectivos nos distintos niveis de ensinanzas do sistema educativo. E co que acaba de manifestar con este atraso estase comprometendo ou case imposibilitando chegar a tempo ao inicio do vindeiro curso escolar, que é a data fixada pola propia Lei Celaá para que entren en vigor os novos currículos.

Trátase dunha preocupación que teñen non só Galicia, senón todas as comunidades autónomas. Tanto é así que os propios socios do señor Sánchez acaban de reprocharlle á ministra o xeito precipitado na elaboración dos currículos.

Desde logo, este grupo parlamentario sempre defendemos que ese debate e que ese traballo debería facerse no marco do Pacto de Estado pola educación, ao que renunciou o Partido Socialista. Para que se fagan vostedes unha idea, o modelo finés, que é un dos modelos máis avanzados no ámbito da educación, estivo catro anos traballando e consensuando os currículos, fronte ao modelo que temos en Madrid, que queren facelo en catro meses. O que acredita, desde logo, pois o ben pouco interese por facer un traballo real para o futuro dos nosos alumnos. Porque é preciso dispor de tempo suficiente, xa que unha vez aprobados —como dicía o conselleiro— hai que adaptar os novos plans de estudos para elaborar as programacións correspondentes, así como crear as ferramentas informáticas precisas e imprimir os novos libros de texto.

CSV: BOPGDSPG-OKp0MFw64-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Polo tanto, señor conselleiro, con esta segunda intervención —e xa para rematar— se pode vostede adiantar como están desenvolvendo esas iniciativas para, dalgún xeito, minimizar o impacto que está a provocar tanto atraso na elaboración dos currículos.

Máis nada, presidente. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rodeiro.

Peche da pregunta, conselleiro de Cultura, Educación e Universidade.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González): Certamente, neste ámbito hai unha gran coincidencia na inmensa maioría das comunidades autónomas; todas, con independencia do signo político, estamos francamente preocupadas pola transcendencia organizativa de estruturar que ten para o sistema non dispoñer dos currículos necesarios para poder desenvolver as partes propias nos tempos necesarios, e poder iniciar o curso —como ben dixo o señor deputado— con editoriais, materiais, novas modalidades de bacharelato, etc. Dende Galicia fomos e somos absolutamente respectuosos e leais pero, obviamente, non podemos calar ante unha situación que pode xerar unha situación moi difícil.

¿Cal é a nosa función? ¿Que estamos facendo? Temos xa —como dixen anteriormente— os grupos de traballo formados dende hai tempo, dende antes do Nadal, con profesionais, inspectores, orientadores. Creo que hai un volume de cento cincuenta persoas que están xa desenvolvendo a parte curricular galega, que, obviamente, non se pode pechar ata que teñamos publicado o decreto estatal.

A partir de aí, hai unha parte técnica, na que se está traballando cos grupos de traballo, pero hai unha parte de tramitación administrativa, que é a que digo que está ao redor de seis meses e que nos pode levar a unha situación moi complexa. E esa situación tan complexa —como dixen— deriva da incapacidade de implementar dun xeito pactado, dun xeito sensato, dun xeito organizado, dun xeito razoable os novos currículos.

É difícil entender tanta présa. Pero oia, vostede: se hai tanta présa respóndase a esa présa. Que non só se diga: teño présa pero estou quieto. Porque esa inacción deriva posteriormente na incapacidade das propias comunidades autónomas para poderen desenvolver a parte correspondente dos currículos. E insisto: infantil hai quince días aproximadamente. Por certo, para Galicia practicamente sen novidades, porque os grandes principios que plantexa en Galicia xa o levamos facendo dende hai tempo. A gran novidade do currículo infantil é que haxa un programa educativo dentro das escolas infantís de 0 a 3 anos, e en Galicia xa o temos, ou que se avance progresivamente de cara á gratuidade, cando Galicia é un exemplo nese ámbito. Pero séguennos faltando —insisto— primaria, secundaria e bacharelato.

E eu o que quero —como xa dixen antes— é que Galicia sexa consciente desa situación e que sexamos conscientes de que é necesario, tremendamente necesario, que o Estado cumpra cos prazos que se di; porque se non realmente a medio prazo o sistema educativo de Galicia, pois igual que o do conxunto das comunidades autónomas, terá un problema.

CSV: BOPGDSPG-OKp0MFw64-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Pregunta de D. Ovidio Rodeiro Tato e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a situación actual do procedemento para as oposicións no ensino galego

O señor PRESIDENTE: Pregunta de don Ovidio Rodeiro, do Grupo Parlamentario Popular.

O señor RODEIRO TATO: Grazas, presidente.

A Xunta de Galicia leva máis dunha década comprometida coa estabilización do persoal educativo no ensino non universitario galego. Un compromiso real que se certifica a través da convocatoria de numerosas prazas en diferentes ofertas públicas de emprego. Un compromiso que significa algo básico como é a constancia nas convocatorias de oposicións, que se consegue grazas á estabilidade dos gobernos, porque cando hai estabilidade nos gobernos pois, efectivamente, pódese gobernar e facer as cousas como corresponde.

E digo isto porque fronte a esta situación noutras comunidades autónomas con gobernos inestables están sendo incapaces de convocar habitualmente estas prazas, e deste xeito incrementan as súas taxas de interinidade. No ano 2021 realizáronse as probas da OPE de 2020, que fora aprazada pola aparición da pandemia da covid. Esta convocatoria significou unha oferta de 3.894 prazas en distintas especialidades para fortalecer a estabilización do persoal docente e minorar a súa interinidade.

Con motivo da presentación tamén dos orzamentos autonómicos de 2022, vostede, señor conselleiro, explicou nesta cámara que este ano 2022 está prevista a celebración das probas da OPE da convocatoria de 2021, na que hai 1.600 prazas ofertadas, xunto coas correspondentes á nova convocatoria da OPE para o ano 2022.

A verdade é que ante a polémica xerada polo anuncio dun novo real decreto por parte do ministerio para cambiar o sistema de oposicións, nada máis e nada menos que a escasos meses de iniciar a celebración destas oposicións, dende logo que foi un feito que provocou unha incerteza no colectivo de milleiros de opositores que levan meses estudando con moito esforzo, dedicando moito tempo e tamén investindo os seus aforros.

Señor conselleiro, diante de tanto vaivén, e tendo en conta a necesaria aplicación da normativa vixente e dos procedementos que se deben seguir, gustaríame preguntarlle: ¿en que situación está actualmente o procedemento para as oposicións no ensino galego?

Máis nada, presidente. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rodeiro.

Resposta do conselleiro de Cultura, Educación e Universidade.

CSV: BOPGDSPG-OKp0MFw64-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González): Moitas grazas, señor presidente.

O desenvolvemento da LOMLOE é unha sucesión constante de caos, de improvisación, de cambiar as regras na metade do partido, de incertezas e, se se me permite, dun pequeno desastre, que se algún día se estuda será un exemplo do que non se debe facer.

E o tema das oposicións é o mesmo, pois cámbianse as regras do sistema de oposicións a poucos meses da celebración delas para o conxunto de España, sen ningunha cuestión aparente máis alá dun desiderato de intentar reducir a taxa de interinos no conxunto de España. Pero prexudicando gravemente centos de miles de mozos e mozas que están estudando para poder ser docentes, que depositan as súas esperanzas vitais nunha oposición docente e que da noite á mañá ven cambiado un sistema que pretendidamente está orientado a dar unha estabilidade aos profesores funcionarios, que tamén é importante facelo.

E creo que aquí en Galicia vimos esta situación, vimos a reacción social que había e tomamos as decisións correctas para garantir a igualdade, para garantir a equidade e para dar seguridade xurídica ás miles de persoas que se presentan ás oposicións. Por exemplo, o ano pasado 26.000 persoas presentáronse ás oposicións, e non merecen que lles cambien as regras de xogo uns meses antes de poñer en marcha un proceso vital tan importante para eles.

Anunciamos que imos facer —xa o dixemos—: Galicia vai sacar neste ano arredor de tres mil prazas. Estas tres mil prazas vanse dividir en dous procesos diferentes:

Por unha parte, aproximadamente 2.500-2.600 van ir polo sistema antigo, agregándose ás prazas do ano 2021 e ás prazas do ano 2022; necesarias para manter o sistema. Hai que ter en conta que as do ano 2021 non se celebraron porque se celebraron as do 2020.

E para a estabilización neste caso dos profesores interinos plantexamos un concurso específico con base nun real decreto que está sen aprobar aínda, e que o plantexamos para o final de curso para darlles tamén esperanzas e para darlles tamén unha esperanza neste caso aos profesores interinos na busca da súa tamén necesaria e positiva estabilización.

Deste xeito, creo que non lles fallamos a aqueles xoves que a través da aplicación da LOMLOE se vían absolutamente prexudicados, e non lles fallamos aos interinos tendo en conta tamén os procesos específicos que se van facer.

As datas nos primeiros casos serán as habituais, a mediados de ano, e as últimas, o concurso específico, será neste caso tirando a finais de mes.

Pero o máis importante —como digo— é que sexamos capaces —e Galicia é un exemplo— de estabilización do profesorado...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

CSV: BOPGDSPG-OKp0MFw64-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González): ...e de dar boas condicións laborais ao profesorado.

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro. Terminou o tempo.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González): Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Réplica, señor Rodeiro.

O señor RODEIRO TATO: Grazas, presidente.

A min gustaríame, dende logo, poñer en valor ese compromiso da Xunta de Galicia, tamén todo o esforzo que está desenvolvendo o seu departamento, conselleiro, para ampliar as plantillas docentes, para rebaixar a taxa de interinidade, que ten como obxectivo dar unha maior estabilidade ao profesorado, como ben acaba de dicir, e mellorando deste xeito a calidade do sistema educativo, que é unha das patas principais do noso sistema.

Polo tanto, creo que os datos son claros e que as convocatorias se están a desenvolver e que serven para desenmascarar dalgún xeito tanta mentira; mentiras sobre as que se asenta moitas veces a estratexia da oposición nesta cámara contra o sistema educativo. Porque fronte á estratexia dos mantras está a realidade dos datos, nos que Galicia segue liderando en España os procesos de estabilización do seu corpo de profesorado, Galicia é a comunidade de España xunto con Estremadura que máis profesores ten con respecto ao seu número de alumnos, Galicia conta con salarios homologados por riba da media estatal. E son datos que acreditan que a Xunta se está a preocupar por algo tan importante no sistema educativo como son os recursos humanos, como é o seu corpo de mestres e profesores, que, dende logo, conforman o piar fundamental do sistema educativo.

Xa para rematar, señor conselleiro, a ver se pode afondar un pouco máis nos procedementos da convocatoria de oposicións, nas que se veñen celebrando nos últimos anos e tamén os datos da taxa de estabilidade no profesorado galego.

Máis nada, presidente. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rodeiro.

Peche da pregunta, conselleiro de Cultura, Educación e Universidade.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González): Moitas grazas, señor presidente.

Galicia ten un bo sistema educativo; obviamente pode mellorar, sen dúbida. Pero ten un bo sistema educativo, e vese nos datos. Detrás dos bos resultados está todo o conxunto da comunidade, pero un eslabón moi importante da cadea de valor son os profesores, é o profesorado, son os profesionais da docencia. E dentro deste eslabón un elemento vertebral é a

CSV: BOPGDSPG-OKp0MFw64-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

estabilidade, a capacidade de ter estabilidade laboral, de poder implementar proxectos a medio prazo, a longo prazo, de poder desenvolver estratexias en cada centro conforme as características del. É dicir, a estabilidade profesional, que tamén desde o punto de vista vital é un valor.

Galicia está nuns bos datos. De feito, a política que quere implementar o Estado para chegar a un tope de interinos, Galicia xa o ten. As medidas que quere implementar o Estado é para chegar a un oito por cento de interinos. Galicia está nese oito por cento. Creo que é un feito para recoñecer que Galicia ten unha das taxas de interinos máis baixas de España, o 8 %, que precisamente é o obxectivo que se plantexa para o conxunto de España. A media de España está ao redor do vinte e cinco por cento, e algunhas comunidades autónomas están ao redor do corenta por cento de taxa de interinos. E isto non é froito da casualidade. Isto é froito do compromiso deste goberno, que dende o ano 2009, obviamente en función das características de cada ano, foi capaz de ir sacando todos os anos prazas para estabilizar o profesorado, para xerar prazas de profesores funcionarios e para poder darlles ás persoas e aos profesionais estabilidade.

E nese sentido —como dicía antes—, este real decreto, que está pensado cuns obxectivos, en Galicia os seus efectos son os que son, non son demasiados, porque ese obxectivo nós xa o temos.

E se non tiveramos feito o que fixemos adiantando a convocatoria das eleccións á publicación do decreto do Estado, estariamos prexudicando a miles de mozos e de mozas que depositan as súas esperanzas nun proceso de oposicións para o sistema educativo. Dixen o dato do ano pasado, que eran sobre vinte e seis mil persoas.

Este ano agardemos que todo o proceso selectivo se faga coa mesma normalidade que se fixo o ano pasado. E agardemos que o Estado, que o ministerio, vaia reflexionando sobre a súa gran capacidade —eu aí si lle recoñezo unha gran capacidade— para estar constantemente cambiando as regras de xogo na metade do partido, xerando un caos, unha incerteza e unha sensación de desapego absolutamente insoportable.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Pregunta de Dª Ana Belén Pontón Mondelo e dezaoito deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a valoración da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural respecto da Sentenza 14/2020 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia

O señor PRESIDENTE: Pregunta de dona Mercedes Queixas, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

A señora QUEIXAS ZAS: Grazas, presidente.

Moi bo día, señor conselleiro.

CSV: BOPGDSPG-OKp0MFw64-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O pasado mes de xuño do ano 2021 desde o BNG preguntamos na Comisión de Cultura á directora xeral de Patrimonio Cultural que razóns xustificaban as reiteradas ofertas de contratación á empresa Tragsatec para elaborar informes de intervencións en bens de interese cultural e en bens catalogados.

Este é un procedemento que a directora xeral, a señora Martínez Insua, tornou en habitual desde o ano 2018, encadeando no día de hoxe nove contratacións a Tragsatec, que importan un gasto superior a dous millóns de euros. Pediamos naquela altura explicacións á directora xeral de Patrimonio porque constatabamos múltiples irregularidades:

En primeiro lugar, entendiamos que a alta cualificación, a alta especialización que requiren estes informes técnicos, debían ser realizados polo equipo de arqueólogos, arqueólogas, arquitectos, funcionarios da propia Consellería de Cultura; persoal con suficiencia técnica, capacidade e independencia, e non por persoal alleo a unha empresa, contratado *ad hoc.*

En segundo lugar, porque percibiamos que a empresa Tragsatec en ocasións era arte e parte deste procedemento, é dicir, elaboraba informes de obras que logo se lle adxudicaban. Preguntabámonos logo onde estaba a imparcialidade que debía defender a Consellería de Cultura.

En terceiro lugar, indicabamos que Tragsatec é unha empresa de fins agrarios, que non ten en absoluto nos seus fins fundacionais realizar traballos deste tipo, nin tampouco contaba con persoal propio para executar esta encomenda. De feito, contrataron persoal a través de InfoJobs mediante entrevistas persoais.

En cuarto lugar, tamén indicabamos que a empresa Tragsatec en ocasións levaba fóra das dependencias oficiais da Xunta expedientes que contiñan evidentemente información sensíbel e datos persoais. Preguntabámonos onde estaba esa protección dos datos persoais que debe primar e priorizar a Consellería de Cultura.

E en quinto e último lugar, constatabamos que estabamos ante un proceso de externalización do traballo que correspondía aos funcionarios e funcionarias da Consellería de Cultura, que cadraba no tempo, no 2018, coa rescisión de contrato a funcionarios interinos.

En definitiva, cualificabamos este procedemento como a creación dunha administración paralela a partir do desbaldimento dos recursos humanos e técnicos da Consellería de Cultura. *(Aplausos.)*

E hoxe volvemos reiterar este asunto neste pleno, señor conselleiro, porque unha recente sentenza de hai moi poucos días, como resultado dun recurso interposto pola CIG perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza, acaba de fallar en contra desta práctica que nós xa denunciamos nesta cámara, declarándoa ilegal, anulándoa. *(Aplausos.)* Polo tanto, demostrando que no BNG tiñamos razón e que a directora xeral de Patrimonio Cultural mentiu nesta cámara.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Queixas. Terminou o tempo.

CSV: BOPGDSPG-OKp0MFw64-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A señora QUEIXAS ZAS: Estamos perante un escándalo maiúsculo do que vostede ten que responder hoxe neste pleno, señor conselleiro. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do conselleiro de Cultura, Educación e Universidade.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González): Moitas grazas outra vez máis, señor presidente.

Señora deputada, a verdade é que a razón pola que se fan estas encomendas é obvia, é dar, é atender as demandas da cidadanía. E unha encomenda de xestión non é nada ilegal, é absolutamente legal. Está recollida na normativa de contratación, e emprégana todas as administracións políticas, tanto en diferentes niveis como os diferentes partidos. E, por suposto, os profesionais que fan os informes, eu tería un pouco de rubor en desconfiar da súa capacitación. Non teño por que facelo; entendo que o fan conforme a súa base profesional.

Un dato, non o entenda como crítica, fala vostede da administración paralela, e voulle dar un dato: no ano 2005, Tragsa facturaba en Galicia 76 millóns de euros, unha consellería en; encomendas de xestión, ¡eh! No ano 2008 eran 126 millóns de euros en encomendas de xestión. Diso que vostede di «administración paralela». Dá a sensación de que unhas administracións poden facer encomendas de xestión e outras administracións non poden facer encomendas de xestión. Son datos descritivos, sen citar á consellería concreta, pero seguramente que vostede ten fácil acceso a estes datos.

Faino tamén hoxe a Administración central. Por exemplo, todas as tramitacións que se fixeron no ámbito do mundo das axudas culturais por parte do ministerio fixéronse con base en encomendas de xestión, con informes, con todas as partes que se incorporaron nos expedientes, dun xeito absolutamente normal, e por certo tamén con Tragsatec.

Vostede dá unha versión. Eu o que lle digo é que a Xunta de Galicia en ningún caso subcontratou traballadores de xeito ilegal para avaliar os impactos sobre o patrimonio, en ningún caso. Tamén lle vou dicir que todas as actuacións desenvoltas foron realizadas por equipos humanos con coñecementos técnicos e profesionais avalados e supervisados polos funcionarios —como ten que ser— da Dirección Xeral de Patrimonio.

Obviamente, en ningún caso a sentenza pon en dúbida a legalidade das encomendas de xestión, simplemente anula unha parte dos traballos que se desenvolven. Pero a partir de aí intentar xerar unha causa xeral, falar de «administración paralela», cando realmente...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González): ...se nos miraramos aos espellos tamén nos veriamos a nós mesmos...

CSV: BOPGDSPG-OKp0MFw64-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro. Terminou o tempo.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González): ...pois é realmente algo que carece de sentido.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, señora Queixas.

A señora QUEIXAS ZAS: Alégrame que teña, señor conselleiro, unha cadeira cómoda ao seu lado porque despois da pirueta tremenda que acaba de facer para non me responder é como para acabar mareado. *(Aplausos.)*

Mire: o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza declara ilegal unha acción política da Consellería de Cultura, da que vostede é o máximo responsábel como conselleiro. ¿Estame dicindo que se atende a cidadanía infrinxindo a lei? ¿De verdade estame dicindo vostede iso? *(Aplausos.)*

A sentenza é moi contundente. Lina, evidentemente, como vostede ou o seu equipo —como non me cabe a menor dúbida—, e a sentenza di que a elaboración destes informes corresponde a funcións exclusivas do persoal funcionario público. Di esta sentenza que non se xustifica falar de urxencia pola súa parte cando levan feito nove encomendas continuadas desde o ano 2018. Di que é fraudulento este procedemento que vostedes empregan porque nas listas de contratación da Xunta tiñan vostedes máis de cento trinta arqueólogos e arqueólogas coas que puideron completar o servizo técnico *(Aplausos.)* da Consellería de Cultura. E aínda así llo externalizaron conscientemente a Tragsatec, quen tivo que contratar dezaseis persoas, dun total de dezasete para realizar estas funcións. Co cal di a sentenza que queda probado que nin tiña esta empresa suficiencia técnica, nin tiña persoal para un traballo de alta cualificación, o que constitúe unha infracción aos requisitos de suficiencia, eficiencia e idoneidade.

Responda conselleiro, por favor, nesta segunda quenda que ten vostede para a súa palabra: ¿segue Tragsatec informando neste momento esta elaboración de informes para os BIC? ¿Cando van crear as prazas de arqueólogos e arqueólogas que se necesitan para a RPT? ¿Cando van cubrir por fin as vacantes que seguen ermas ano tras ano? Claro que o xustifica a carga de traballo, por iso teñen que actuar dotando de recursos humanos a Dirección Xeral de Patrimonio? *(Aplausos.)* ¿Quen vai asumir as responsabilidades do desbaldimento de máis de dous millóns de euros por parte da Consellería de Cultura, que agora esta sentenza declara ilegal? Responda a isto: ¿quen vai asumir responsabilidades...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Queixas. Terminou o seu tempo.

A señora QUEIXAS ZAS: ...a directora xeral de Patrimonio Cultural ou vostede como conselleiro de Cultura? *(Aplausos.)*

CSV: BOPGDSPG-OKp0MFw64-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PRESIDENTE: Resposta do conselleiro de Cultura, Educación e Universidade.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González): Señora Queixas, as encomendas de xestión son absolutamente legais, e é unha prerrogativa da administración pública. E vostedes como goberno fano, fixérono e farano. *(Murmurios.)* Fixérono, fano e farano, non teña a menor dúbida, porque o están facendo.

A partir de aquí faime unha pregunta que realmente lle vou responder gustosamente: ¿vai seguir traballando Tragsatec deste xeito? Obviamente non. Diso estea tranquilísima. De feito, xa estamos traballando con Función Pública para intentar incorporar os medios necesarios. Agora, intentar trasladar dun conflito técnico-xurídico, intentar crear unha peza xeral, *(Murmurios.)* realmente é algo claramente sorprendente.

Voulle dicir unha cuestión que creo que é importante: a Dirección Xeral de Patrimonio xestiona aproximadamente vinte e dous mil expedientes por ano. Nós pensamos nos cidadáns, nós queremos darlles unha resposta áxil e rápida aos cidadáns. Por iso recorremos a unha prerrogativa da administración para facelo. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* E acurtamos tremendamente os prazos. Iso nós entendémolo positivo.

¿Teremos que modificar o xeito de facer as cousas? Pois posiblemente si. Agora, intentar dicir que hai unha intencionalidade dunha administración paralela ou que os profesionais de Tragsatec non están capacitados, ou que non hai unha supervisión por parte dos funcionarios da Dirección Xeral de Patrimonio é un relato que lle queda moi ben para que a aplaudan, pero que non é verdade. Co cal non ten moito sentido, señora Queixas, manterse nese lío.

En todo caso, Tragsatec non fai resolucións, algo que é vital. As encomendas non fan resolucións; quen as fai son os propios funcionarios. E o que se lle pedían eran traballos internos, sempre baixo a supervisión dos propios funcionarios.

E, xa para rematar, quero que queden moi claras tres cuestións:

A primeira, as encomendas de xestión son instrumentos legais que forman parte da Lei de contratos e que están na normativa vixente. Aí estaremos de acordo, ¿non? ¿Estamos de acordo? Moi ben.

Segundo, son medios que utilizan todas as administracións públicas e todos os partidos políticos. ¿Estaremos de acordo, non? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Aí tamén estaremos de acordo.

E neste caso non o imos estar, por que nós fixémolo para mellorar a eficacia da xestión, e logrouse reducir notablemente os prazos para expedir as autorizacións pertinentes ás demandas de informes de Patrimonio, para dar un mellor servizo á cidadanía. A partir de aquí este sistema non vale, pois —como xa lle dixen— estamos traballando para...

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

CSV: BOPGDSPG-OKp0MFw64-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González): ...deseñar outro sistema...

O señor PRESIDENTE: Grazas, grazas...

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González): ...que permita manter o mesmo nivel de autorizacións. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Terminou o tempo. Grazas.

Pregunta de D. Manuel Antonio Lourenzo Sobral e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a necesidade de ofrecer bacharelato de Artes no concello de Redondela

O señor PRESIDENTE: Pregunta de don Manuel Antonio Lorenzo Sobral, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

O señor LOURENZO SOBRAL: Moitos estudantes teñen que renunciar aos seus soños porque non poden permitirse desprazarse a outros municipios e teñen que estudar algo que non os apaixona, algo que non os motiva, algo que non lles chega ao corazón. Quen non o queira ver, que abra os ollos.

Isto, señor conselleiro, non é algo que diga eu, é algo que dicía Estela, unha moza de 15 anos que hai escasos días se dirixía aos seus veciños nunha concentración convocada pola Federación de ANPA de Redondela. Xa sei que a algúns non lles viña ben asistir ese día, mais a pesar de ser unha federación que aglutinaba trece ANPA de centros públicos de Redondela —a quen ademais hoxe queremos agradecer a súa presenza neste parlamento e a quen queremos tamén enviar un saúdo aos que están seguindo en *streaming* esta sesión—, o que senten e o que están a trasladar publicamente, señor conselleiro, é que a Xunta mente e marxina ás familias de Redondela. *(Aplausos.)*

Están aquí, señor conselleiro, e están a seguir esta intervención porque o queren é que vostede lles mire aos ollos e lles explique por que o 22 de setembro neste parlamento se aprobou unha iniciativa do BNG para dotar Redondela de bacharelato de Artes, e agora vostedes desprezan non só os acordos deste parlamento, desprezan a veciñanza de Redondela, desprezan mesmo algún dos seus compañeiros que se quixo apuntar ao tanto e, o que é peor, señor conselleiro, desprezan as alumnas e alumnos de Redondela que queren estudar bacharelato de Artes.

Señor Rodríguez, vostede mentiu, vostede mentiu á veciñanza de Redondela. E a proba está en que, cando as direccións dos centros chamaban a Inspección educativa para pedirlle como proceder para instalar ese bacharelato, o que dicían dende a Inspección educativa era literalmente (*sic*): «dende a consellería non se trasladou ningunha variación para o próximo curso académico». ¡Hai que ter un rostro de formigón armado, señor conselleiro! *(Aplausos.)* Aquí implementando o bacharelato de Artes e non dando ningunha instrución á consellería. *(Aplausos.) (Murmurios.)*

CSV: BOPGDSPG-OKp0MFw64-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PRESIDENTE: Perdoe un segundo.

O señor LOURENZO SOBRAL: E, se cadra, por iso cando...

O señor PRESIDENTE: Perdoe un segundo, só un segundo. Parei o tempo.

Ao mellor non llelo advertiron —vai dirixido aos nosos invitados—: na tribuna non se poden facer manifestacións nin a favor nin en contra. Posiblemente... *(Murmurios.)* Non, o reloxo está parado... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, pero temos que... *(Murmurios.)* Estóullelo dicindo porque ao mellor non llelo dixeron, e creo que hai unha norma deste parlamento, e a miña obrigación é recordar as normas do Parlamento. *(Murmurios.)* Entón, pídolles, por favor, que non fagan esas manifestacións, nin a favor nin en contra.

Cando queira, señor Lourenzo Sobral. Pode seguir.

O señor LOURENZO SOBRAL: E por iso, señor conselleiro, se cadra debería tamén dar unha explicación a que a Federación de ANPA se dirixise á Xefatura Territorial, e a única resposta que atoparon foi o vergoñento silencio do Partido Popular. *(Aplausos.)* ¿E en que está? Pois no pimpampum, *(Aplausos.)* en botar balóns fóra, en botar a culpa a outras administracións.

E nós o que nos preguntamos, señor conselleiro: ¿era vostede o único que non se enterou en setembro de que este ano que entra iamos ter cinco bacharelatos de Artes? ¿Está vostede capacitado para dirixir unha consellería cando aproba acordos e agora alega que descoñecía esa realidade? Explíquenos, señor conselleiro: ¿ese mesmo problema que vostede alega non se dá en Mos, en Vigo e en tantas localidades nas que si se vai implementar o bacharelato de Artes?

Deixe de mentir, señor conselleiro. Respecte o estudantado de Redondela. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Resposta do conselleiro de Cultura, Educación e Universidade.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González): Moitas grazas, señor Lorenzo. Realmente o *streaming* case non fai falta co seu alto ton de voz. *(Risos.)* Eu creo que se lle entende igual, pero é a súa forma de facer política e de facer oratoria, e eu respéctoa. E vostede fai unha política de moito pico pero de escasa pa, *(Risos.)* porque constrúe un discurso —di que minto, que marxino, que engano...— pero vostede olvídase da cuestión clave e fundamental, olvídase da pa; o pico non, o pico teno moi ben, pero olvídase da pa. *(Murmurios.)*

¿Sobre que preguntamos? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Vostede non escoitou anteriormente a resposta dos currículos, entendo. Non creo que a escoitara.

Eu respecto moito as demandas que hai da Federación das ANAP, das familias. Véxoo bo. Iso quere dicir que hai unha implicación e quere dicir que se quere facer unha modalidade de bacharelato. Positivo, tremendamente positivo. Agora, a partir de aí que vostede constrúa un discurso absolutamente altisonante, pois é realmente o seu estilo —eu respéctoo—, pero non entendo que debe ser o que dirixa unha acción política.

CSV: BOPGDSPG-OKp0MFw64-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Mire: a LOMLOE modifica os currículos. Non sabemos como van ser os currículos, non sabemos como van ser as dúas novas modalidades do bacharelato de Artes. Vostede, ¿sobre que quere que se pregunte?, ¿sobre un bacharelato que vai extinguirse para o curso que vén? ¿Quere vostede que se implante este curso un bacharelato que para o ano que vén xa non existe? ¿Ou quere que se pregunte sobre algo que non sabemos como vai ser? Esa é a realidade. Hai novas modalidades de bacharelato, un bacharelato xeneralista, que ao mellor cambia as demandas das familias.

E despois eu o que non podo permitirlle é que vostede fale de que non se fixo nada. Houbo reunións do Servizo de Inspección para avaliar as demandas existentes, hai datos. Por exemplo, a solicitude de matrícula do alumnado de Redondela no bacharelato de Artes no ano 2019-2020 foron seis, no ano 2020-2021 foron sete, no 2021-2022 foron dez. Todos sabemos tamén que existe unha ampla oferta de bacharelato.

En todo caso, ante esta modalidade de Artes haberá que esperar a que estean os currículos feitos, haberá que estudalo. ¿Estudalo? Si, sen dúbida. ¿É o momento? Non é o momento. *(Murmurios.)* ¿Por que non é o momento? Porque non existen...

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González): ...os currículos e porque non sabemos...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González): ...como vai ser o bacharelato.

O señor PRESIDENTE: Grazas. Terminou o tempo.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González): E a partir de aí...

O señor PRESIDENTE: Ten outra rolda despois. Grazas.

(Aplausos.)

Réplica, señor Lourenzo Sobral.

O señor LOURENZO SOBRAL: Cando se actúa con honestidade, con coherencia e con respecto polo ensino público pódese falar alto, señor conselleiro. *(Aplausos.)* Cando se actúa do seu xeito ten que falar pola calada e dedicar un minuto e medio a facer pinchacarneiros para non ir ao centro do debate.

Señor conselleiro, é que a nós nos parece estupendo que se teñan que facer preguntas de autoloanza sobre o que está a acontecer cos currículos. E en parte pois mesmo podemos estar

CSV: BOPGDSPG-OKp0MFw64-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

de acordo. ¿Sabe o que pasa, señor conselleiro? Ano 2015, era vostede conselleiro, a Lei Wert tiña estas mesmas demoras que está a ter a lei actual. *(Aplausos.)* Fíxese o que dicía: «o atraso obrigou a elaborar novos materiais en tempo récord». *(Aplausos.)*

¿Que nos está a dicir? Non intente enganar a veciñanza de Redondela. O que vostede está tratando de implementar é un argumento técnico para ocultar o que é unha decisión política, que parte de que se negan a garantir o dereito do estudantado de Redondela a estudar o bacharelato de Artes. E o problema non é que se demostre que o rei vai espido, señor Rodríguez; o problema é que quede espido. E ata algún deputado desta cámara dicía hai escasos días neste parlamento: se hai demanda imos a por iso, este é un acordo que responde perfectamente á vontade dos redondeláns. Pois vai ser que non porque a vontade do señor Rodríguez di que *nanai de la China*. *(Aplausos.)*

Este é o problema que temos enriba da mesa, señores do Partido Popular. Este é o papelón que ten o Partido Popular deste país co ensino público. E isto é o que terá que explicar o Partido Popular de Redondela a estudantes, a todo o profesorado, a toda unha comunidade educativa, que exixe que os seus fillos, que os estudantes, que as mozas e mozos de Redondela poidan estudar bacharelato de Artes alá onde se demanda.

Claro que está habendo estudos. Fíxese: IES Mendiño, corenta e nove alumnos, vinte e oito terían interese en estudar o bacharelato de Artes, dezanove faríano se se puidese implementar alí.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Lourenzo Sobral.

O señor LOURENZO SOBRAL: Se queren estudos, fáganos e impleméntenos...

O señor PRESIDENTE: Grazas. Terminou o seu tempo.

O señor LOURENZO SOBRAL: ...se non estarán mentindo. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Peche da pregunta, conselleiro de Cultura, Educación e Universidade.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González): Señor Lourenzo, vostede pediume que vaia á cerna do asunto. Voulle ir á cerna do asunto: ¿estudado? Si. ¿É o momento? Non. ¿Por que? Vóvollo explicar, e se o explico máis baixo ao mellor tamén me entende, porque eu tamén defendo o emprego público e non me fai falta berrar.

Mire: estamos tramitando os currículos, estanse tramitando as novas modalidades de bacharelato, estase modificando o bacharelato de Artes, que de haber un só vai haber dous diferentes.

E vostede fala de datos, non sei de onde os sacou. Os datos que eu lle dei son datos que están en Inspección educativa das predemandas que existen reais. Outra cousa é que preguntemos:

CSV: BOPGDSPG-OKp0MFw64-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

¿vostede quere facer isto? Si, claro. Se vostede pon a firmar calquera cuestión en calquera praza da localidade pois ao mellor ten catorce mil firmas, sen dúbida que as ten. Agora ben, ¿iso é serio? ¿Vostede, que é docente, cre sinceramente que unha decisión deste tipo se pode tomar dun xeito político sen base técnica, sen máis? Se o pensan así, obviamente é unha forma diferente de entender o que é a política, o pico e a pa; que o pico vale para algo, pero despois se non hai pa acaba valendo para pouco.

Co cal, a cerna, o resumo: ¿estudar? Si. ¿É o momento? Non. ¿Por que non é o momento? Porque estamos en pleno proceso de adaptación da nova lei, que vai afectar os bacharelatos absolutamente e que vai modificar a estrutura dos bacharelatos de Artes, que de ser un vai haber dous: un, que se chama, Artes Escénicas e outro, Artes Plásticas. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Escoite, escoite!, si, artes escénicas e artes plásticas. ¡Vaino haber! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.)* ¡Vale! ¡É igual, é igual, que máis dá! *(Fortes murmurios.)* En todo caso, como tanto dá, como dá todo igual e só vale neste caso a súa percepción política do asunto, como non importa nada o que implica desde a perspectiva organizativa, desde a perspectiva profesional, etc., pois dá todo igual. Se esa é a súa visión, non hai moito máis que dicir.

En todo caso, como xa dixen, unha cousa é a realidade e outra cousa son os desexos. Vostede fala de desexos. E eu respecto —insisto— as familias que estean escoitando, que estean nesta Cámara. Respecto as súas demandas, absolutamente, porque son moi, moi positivas. Agora, intentar trasladar pola súa parte que aquí hai un trasfondo político que vai en contra da educación pública é, se se me permite, unha auténtica baixeza.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

(Pronúncianse palabras desde a tribuna de invitados á sesión.)

Por favor, xa lles dixen que iso non está permitido neste Parlamento. E, ademais, vostede, con iso que acaba de facer, penaliza o grupo que o invitou. Por iso eu lles fixen esa advertencia, e creo que con todo respecto. Vostede é o noso invitado e iso non se pode facer. Entón, por favor, agora que xa terminou a pregunta, pido que os servizos da Cámara os acompañen para que poidan abandonar o hemiciclo.

(Pausa.)

Grazas, continuamos coa orde do día. Volvemos ás interpelacións, que é o punto cuarto.

Interpelación de Dª Patricia Otero Rodríguez e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as actuacións do Goberno galego en relación coa implantación da fábrica de fibras téxtiles da multinacional lusa Altri na comarca da Mariña lucense

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación ten a palabra a señora Otero.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

CSV: BOPGDSPG-OKp0MFw64-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Bos días, señorías.

Benvido, señor Conde.

Permítanme tamén que lles dea a benvida ao tenente de alcalde de Viveiro, á tenente de alcalde de Alfoz, ao alcalde de Valadouro, tamén á alcaldesa de Trabada e ao alcalde de Foz —e presidente da Mancomunidade de Municipios da Mariña—. Porque, claro, é que eles hoxe tiveron que vir a esta Cámara, a esta interpelación que trae o Grupo Parlamentario Socialista, porque vostede, señor Conde, vostede e o señor Feijóo, non respostan a esas cartas que lles trasladan dende a propia Mancomunidade de Municipios da Mariña para ter unha reunión co propio conselleiro ou co presidente da Xunta de Galicia de cara a traballar para que Altri instale a súa nova planta na comarca da Mariña. E ante o esquivo que está a ser o presidente da Xunta de Galicia, e tamén vostede mesmo, hoxe os representantes municipais da comarca da Mariña tiveron que vir a esta interpelación para escoitar o que hoxe vostede nos queira trasladar.

Eu quero recordarlle, por poñelo en situación, o que aconteceu no día de onte. No día de onte o Grupo Parlamentario Popular trouxo unha iniciativa —que vou ler textualmente— que está rexistrada en xaneiro de 2022 e que dicía: «...dar prioridade ao proceso de deseño da primeira fábrica de fibras téxtiles en España, por ser unha gran aposta tanto dende o punto de vista económico e laboral como dende o punto de vista estratéxico, xa que permitiría pechar o ciclo de produción da madeira en Galicia, así como que se propicie o seu emprazamento na provincia de Lugo a través da súa representación na sociedade Impulsa».

Señor Conde, isto é o que trouxo onte o Grupo Parlamentario Popular, que, por certo, é a mesma proposta que trouxo ao debate do estado da autonomía o señor Feijóo. Nós propuxemos unha proposta de transacción xa daquela para que puntualizasen un pouquiño máis, dentro da provincia de Lugo, e que a trouxesen para a comarca da Mariña. Pero esa foi a iniciativa que hoxe trouxo a debate o Grupo Parlamentario Popular.

Mire, señor Conde, atenda. A nosa emenda dicía que se propiciase o seu emprazamento na comarca da Mariña. E finalmente chegamos a unha transacción que di que «a Xunta de Galicia propicie o seu emprazamento preferentemente na comarca da Mariña» —iso con base na emenda que presentou este grupo parlamentario— «e, se criterios técnicos non garanten a viabilidade deste emprazamento, en todo caso, na provincia de Lugo». Ben, estou lendo o que aconteceu onte, por se non o coñece, para que vostede despois non poida botar balóns fóra.

Polo tanto, onte o Grupo Parlamentario Socialista conseguiu que o Grupo Parlamentario Popular e tamén o Bloque Nacionalista Galego respalden que Altri teña que vir para A Mariña. Iso é o que conseguiron onte o Grupo Parlamentario Socialista, a presión dos representantes municipais dos concellos da Mariña, o Partido Socialista, tamén a Mancomunidade de Municipios da Mariña e, nomeadamente, o seu presidente, o alcalde de Foz. Polo tanto, onte conseguimos que o Partido Popular e o Bloque Nacionalista Galego respaldasen que Altri teña que ir para A Mariña lucense e agora, señor Conde, é o momento da Xunta de Galicia. ¿Que van facer, señor Conde? ¿Vanse sumar a ese acordo pola Mariña ou van seguir na súa ambigüidade?

CSV: BOPGDSPG-OKp0MFw64-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Repito, o que di o acordo parlamentario acadado onte é que Altri ten que vir para a nosa comarca, ten que vir para a comarca da Mariña. E, se non fose así, señor Conde, a Xunta terá que render contas, terá que explicar moi, moi ben as razóns que impidan que este emprazamento se leve a cabo na Mariña. Terá que xustificar por que Altri non se vai instalar na Mariña. Non se escondan, señor Conde, linlle eu o acordo que acadamos onte. Non fai falta que llo pasen dende as bancadas do Grupo Parlamentario Popular. Polo tanto, claro, nós queremos saber a opinión hoxe da Xunta de Galicia.

Non se escondan, porque vostedes teñen as competencias e os medios para que Altri vaia para a Mariña. E, repito, contraerían e cometerían unha grave irresponsabilidade se non se fixese realidade. Vostedes, a Xunta de Galicia, teñen a competencia para traer a Altri á comarca da Mariña. Xa ve que non digo un concello en concreto, hai concellos gobernados por todas as cores políticas. Eu digo para a comarca da Mariña. Polo tanto, emprazo o presidente da Xunta de Galicia e o señor Conde a que fagan uso da súa responsabilidade como presidente da Xunta de Galicia e como conselleiro da Xunta de Galicia para impulsar a instalación de Altri na nosa comarca, na comarca da Mariña.

Como ben saben, xa dende que en outubro de 2021 nós coñeciamos a noticia e a posibilidade de que Altri se instalase na comarca da Mariña —porque estaba buscando un emprazamento para a nova planta— a verdade é que sempre reivindicamos que esa planta viñese para A Mariña. E tamén o reivindican alcaldes do Partido Popular da propia Mariña, que lle dixeron tamén á Xunta de Galicia que puxese toda a carne no asador para conquerir que este emprazamento na Mariña sexa unha realidade. A verdade é que a empresa non está soa na busca deste emprazamento, señor Conde, xa que a Xunta de Galicia lidera o consorcio Impulsa Galicia que conforma a propia Xunta de Galicia, Abanca, Reganosa e Sogama, e no que Altri, dende logo, sería o socio industrial.

Xa daquela, como lle dicía, traballaban e traballan dende a comarca da Mariña para que este emprazamento na nosa comarca sexa unha realidade. Xa non só, señor Conde, polo que temos falado tantas veces nesta Cámara, pola grave crise industrial que está a vivir a nosa comarca, senón pola importancia que ten o sector forestal na nosa comarca, na que case o 70 % da súa superficie é masa forestal e na que se atopa a maior zona de produción de eucalipto.

Polo tanto, A Mariña é punteira no sector forestal, A Mariña conta coa materia prima, pero non ten a industria que o complemente e que lle dea ese valor engadido. Polo tanto, temos materia prima pero non temos empresa que lle dea ese valor engadido.

Como dicía, os alcaldes da Mariña puxéronse xa a traballar, puxéronse a disposición, enviáronlles cartas ao presidente da Xunta de Galicia e ao propio señor Conde. Eu pregúntolle, señor Conde, por que non contestaron esas cartas, por que non os queren recibir e como é posible que ata a data de hoxe os concellos da Mariña non tivesen a menor noticia dos estudos que se están a realizar para a ubicación neste emprazamento —estes estudos que estamos a coñecer hoxe pola prensa, aínda que din que hai tamén un estudo previo—, como é posible que estes concellos non tivesen a menor idea destes estudos e tamén do estudo previo que, como dixen anteriormente, parece que xa se realizou, e como non é posible que se lles brinde a posibilidade de colaborar coa empresa para buscar este emprazamento.

CSV: BOPGDSPG-OKp0MFw64-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Eu pregúntolle, señor Conde: ¿trasladoulle a Xunta de Galicia á empresa Altri a dispoñibilidade dos concellos da Mariña para que este emprazamento sexa unha realidade na nosa comarca, na comarca da Mariña? Eu pregúntolle se lle trasladou esta dispoñibilidade para traballar, como eles lle comentaban nesa carta que non obtivo resposta. Nesa carta dicíanlle que estaban dispostos a traballar conxuntamente coa Xunta de Galicia e a propia empresa de cara a buscar que Altri se instalase na Mariña. E no suposto —porque todos sabemos que os proxectos son complexos— de que ao longo dese percorrido se atopasen eivas ou atrancos, dende logo, coñecedores eles coma ninguén dos seus concellos, pois poderían poñer tamén solucións enriba da mesa. Eu quero que me conteste, señor Conde, se esa información, se esa dispoñibilidade dos concellos da Mariña, lle foi traslada á empresa Altri.

Vostedes falan tamén —e falará vostede— dos fondos europeos, dos fondos Next Generation. E dígoo porque no segundo punto da iniciativa do Partido Popular ía esa cuestión. Eu o que lle pido é que arrinquemos o compromiso tamén do Goberno da Xunta de Galicia —como onte o arrincamos do Grupo Parlamentario Popular— de que Altri veña para A Mariña e de que reciban os alcaldes da Mariña, porque xa é o momento despois de onte arrincar ese compromiso do Grupo Parlamentario Popular. Vostedes traballen para que Altri se instale na nosa comarca e logo traballaremos todas e todos xuntos para que estes fondos Next Generation poidan financiar este proxecto.

Eu onte ofrecíame, dicíalle á señora Candia que eu ofrecía o traballo do Grupo Parlamentario Socialista. Señora Candia, eu non me podo comprometer como ministra se non o son. Eu ofrecíalle o traballo do Grupo Parlamentario Socialista para traballar todos e todas xuntas para traer estes fondos Next Generation. Eu o que lles pido é que se aseguren da instalación de Altri na Mariña, que traballen para que haxa un bo proxecto, un proxecto solvente, e despois traballaremos todos e todas arreo para que estes fondos Next Generation cheguen a financiar este proxecto. Pero non fagan ao revés, porque os fondos van depender do proxecto que se presente e non de onde se instala a fábrica.

O que hoxe pretendemos, señor Conde, con esta interpelación é arrincar o compromiso do Goberno galego coa Mariña. Non veñan agora coas trampas de sempre, escudándose neses fondos Next Generation. Comprométase coa Mariña e logo iremos todos e todas xuntas por eses fondos Next Generation.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Eu o que hoxe lle pido é un compromiso coa comarca da Mariña. Onte coñeciamos o cambio de posicionamento do Grupo Parlamentario Popular, que agora por primeira vez...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Otero.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: ...opta pola Mariña como emprazamento, pero queremos coñecer o de quen ten as competencias, o do Goberno galego.

Pola miña parte, nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

CSV: BOPGDSPG-OKp0MFw64-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Ten a palabra o vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación, o señor Conde López.

O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Otero.

Quero agradecer, en primeiro lugar, a presenza da que entendo é unha parte dos representantes dos concellos da Mariña, e que os propios alcaldes, portavoces e conselleiros teñan a oportunidade neste caso de unirse, por primeira vez, ao interese que amosa o Grupo Socialista por este proxecto. Demostra dalgunha forma que a Xunta de Galicia acertou, que acertou cando apostou pola colaboración público-privada como motor da candidatura aos fondos europeos Next Generation. Por iso seguimos traballando —fixémolo dende o primeiro momento— para abrir un proceso de diálogo co tecido empresarial e deseñar xuntos o futuro de Galicia e, polo tanto, proxectos que poidan transformar o noso tecido produtivo.

Para isto desenvolvemos diferentes instrumentos, como é a Unidade de Proxectos Tractores —que está permitindo deseñar e colaborar no deseño da candidatura dos diferentes sectores produtivos—, o desenvolvemento da Lei de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia —dando prioridade, precisamente, ás iniciativas susceptibles de financiarse cos fondos europeos— e tamén a propia creación —como trasladou a señora Otero— da sociedade Impulsa, que se encarga de acelerar e consolidar novos proxectos empresariais industriais estratéxicos, procurando tamén a implicación das pequenas e medianas empresas.

Un destes proxectos estratéxicos, efectivamente, é a fábrica de fibras téxtiles de carácter sostible, un proxecto ambicioso, un proxecto que se está desenvolvendo con todo rigor e un proxecto solvente —a pesar das dúbidas que a propia portavoz e o propio Grupo Socialista trasladaba no seu texto da interpelación—. É un proxecto que forma parte do polo de transformación de Galicia impulsado pola Xunta coa axuda da sociedade Impulsa e tamén da participación de expertos. É un proxecto que se adapta, en definitiva, aos requisitos do programa Next Generation e que pode permitir pechar un ciclo da madeira novo en Galicia cun investimento de 800 millóns de euros, con capacidade para xerar 1.500 empregos directos e abastecer de materia prima sostible o sector téxtil —clave, como saben todos vostedes, para Galicia a través da produción de 200.000 toneladas ao ano de liocel reciclando roupa e utilizando madeira dos bosques galegos—.

Polo tanto, señorías, trátase dun proxecto que dá perfecta resposta á capacidade que ten Galicia para liderar unha nova oportunidade industrial e ter un impacto na transición ecolóxica —a través do uso eficiente dun recurso natural como é a madeira—, na transición dixital —a través do uso de novas tecnoloxías para pechar o ciclo produtivo—, e tamén

CSV: BOPGDSPG-OKp0MFw64-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

nunha maior cohesión social e territorial —a través da xeración de emprego e de riqueza no medio rural—.

Saben que conseguimos, traballando conxuntamente coa sociedade Impulsa, o compromiso cunha empresa —neste caso Altri— para que poida desenvolver o proxecto ata o punto final do investimento, e agardamos que o interese que esperta este proxecto en Galicia —que agora, por primeira vez, conta co apoio do Partido Socialista e do Bloque Nacionalista Galego, tras o acordo unánime aprobado onte na Cámara— poida servir tamén, señora Otero, para que o Goberno confirme dunha vez a súa implicación. Sería o mellor síntoma de que esta fábrica pode formar parte da asignación de fondos europeos. E recórdolle que a iniciativa xa foi presentada ao executivo, tanto á ministra de Industria, Comercio e Turismo como á ministra de Transición Ecolóxica e Reto Demográfico e á propia vicepresidenta primeira —cando solicitou ás comunidades autónomas que entregasen unha lista máis concreta de proxectos estratéxicos—. E lamentablemente, señora Otero, ata o día de hoxe non tivemos ningún tipo de resposta. Dado que o Goberno parece que se dedica a presentar os PERTE en plenas campañas electorais, espero que se dea présa para presentar un PERTE que poida permitir desenvolver este proxecto, porque sabe, señora Otero, que en Galicia non temos eleccións ata o ano 2024.

En canto á localización da fábrica —que vostede me trasladou—, sabe que a empresa está desenvolvendo un estudo de carácter técnico. Porque estamos falando de garantir a propia viabilidade do proxecto e, polo tanto, a decisión necesariamente ten que estar marcada por criterios medioambientais e tamén por aqueles recursos que condicionen a viabilidade do proxecto, como é a propia necesidade de auga doce. Falamos, polo tanto, dun proxecto empresarial que ten que garantir a súa viabilidade e, a partir de aí, loxicamente identificar a mellor ubicación posible. E, a pesar do exercicio que desenvolveu de «interpretar» o debate de onte —porque o que veu facer aquí foi interpretalo—, o acordo unánime da Cámara non teña ningún tipo de dúbida de que vai ser asumido pola Xunta de Galicia. E, polo tanto, sempre que se cumpran os requisitos que agora mesmo se están avaliando, nós, efectivamente, trasladaremos —como Xunta de Galicia— que somos partidarios de que o proxecto se poida levar a cabo na provincia de Lugo —e, máis concretamente, na comarca da Mariña— se tecnicamente se pode garantir a viabilidade do proxecto. É un acordo unánime que a Xunta de Galicia levará a efecto, como non pode ser doutra maneira.

Espero, iso si, que o Partido Socialista de Galicia non asuma neste caso as teses do Bloque Nacionalista Galego sobre economía planificada, porque me preocupa que vostede queira estar no comité técnico dunha empresa e que, polo tanto, e mentres están desenvolvendo os estudos, a señora Otero queira coñecer e participar sobre como unha empresa privada —non unha empresa pública, señora Otero— desenvolve con total profesionalidade e rigor os estudos que deben garantir esa viabilidade técnica. A empresa claro que trasladará, loxicamente no seu momento, non só a ubicación senón tamén os motivos que levan a esa ubicación.

Dito isto, dende logo, nós compartimos a preocupación que teñen os alcaldes —todos os alcaldes da Mariña, independentemente da súa cor política— polo futuro industrial da Mariña. Por iso creo que non deberiamos desviar debates, e seguramente ese futuro tamén

CSV: BOPGDSPG-OKp0MFw64-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

pasa, señora Otero —e debería aproveitar, xa que vén falar aquí da Mariña— por pedir responsabilidades ao seu Goberno por ter a responsabilidade directa de ter paradas as cubas de San Cibrao e que neste caso Galicia deixase de producir aluminio primario. Non pensen que a chegada no futuro de novos proxectos a esta comarca vai eximir o seu Goberno da responsabilidade na paralización da produción de aluminio. E, polo tanto, nós imos seguir apostando pola Mariña, apostando polos proxectos que están implantados e, polo tanto, exixindo a reactivación das cubas o máis axiña posible sen ter que agardar ao ano 2024. *(Aplausos.)*

E por suposto, señora Otero, adicionalmente imos exixirlle ao Goberno —espero que se sume á Xunta de Galicia— que reaccione para que se poida poñer en marcha a nova fábrica de fibras téxtiles en Galicia apoiando, a través dos diferentes fondos europeos, o desenvolvemento desta iniciativa. Nós xa deixamos claro cal é a nosa predisposición para traballar en ambos os dous proxectos, para permitir que haxa un impacto positivo no seu desenvolvemento e, polo tanto, para que os diferentes fondos poidan dar resposta a esas necesidades que ten neste caso Galicia, Lugo e a propia Mariña.

Polo tanto, creo que, señora Otero, na réplica seguramente terá unha magnífica oportunidade para certificar que algo cambiou no Partido Socialista de Galicia. ¡Benvidos! Polo tanto, ademais de axudarnos a identificar efectivamente a ubicación, deberían non só axudarnos a iso, senón a centrarse, señora Otero, en que o Goberno dea cumprimento ao acordo de establecer liñas de apoio no marco dos fondos europeos Next Generation para o desenvolvemento deste proxecto coa maior celeridade posible. Porque non se pode vir a este Parlamento a desprestixiar —intentalo, alomenos— o compromiso da Xunta de Galicia e da industria galega para impulsar un modelo máis competitivo e innovador, cando saben perfectamente que neste caso os problemas da Mariña lamentablemente pasan por Madrid, pasan polo goberno do Partido Socialista Obreiro Español.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor vicepresidente.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Para a rolda de réplica ten a palabra a señora Otero Rodríguez.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Señor Conde, ¡que previsible é vostede! Ía sacar o tema de Alcoa, o compromiso do Partido Popular coa Mariña, que todos os problemas da Mariña chegaron dende que Pedro Sánchez chegou á Moncloa... A verdade é que é vostede moi, moi previsible. Dende aquí volvo reiterar o máximo respecto ao acordo que acadaron os traballadores e a factoría de Alcoa, que garantiu eses postos de traballo. E dende logo que hai o compromiso do Goberno de España de traballar para que esas cubas se poñan a funcionar —e, se pode ser antes do 1 de xaneiro de 2024, pois moitísimo mellor—. *(Aplausos.)* Pero é moi previsible, señor Conde. ¡Sempre utilizando argumentos para botar balóns fóra!

CSV: BOPGDSPG-OKp0MFw64-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Nós hoxe o que traemos aquí con esta interpelación é que reclamamos un compromiso claro e serio da Xunta de Galicia. Reclamamos un compromiso e un pronunciamento moi claro, señor Conde: ¿Altri para A Mariña, si, ou Altri para A Mariña, non? ¿Cal é o posicionamento da Xunta de Galicia? Porque falou da comunidade autónoma, falou da provincia de Lugo e despois nalgún momento chegou a falar da comarca da Mariña. Pero a verdade é que non sei se ao resto de señorías e tamén aos nosos invitados lles quedou claro cal é o posicionamento da Xunta de Galicia. Eu vólvolle pedir que no seu turno de réplica me diga se Altri para A Mariña, si, ou Altri para A Mariña, non.

Porque —con todo o respecto, señor Conde— ¿como me vou fiar, ou como nos imos fiar, de que a Xunta de Galicia cumpra os acordos parlamentarios acadados nesta Cámara? ¡Home, señor Conde!, ri vostede. Claro que ri, porque a verdade é que non cumpren practicamente ningún acordo dos que adoptamos nesta Cámara. *(Aplausos.)* Por iso eu hoxe o que lle pido é que me diga se a Xunta de Galicia vai traballar a prol de que Altri se instale na nosa comarca.

Mire, vostede dicía ao principio da súa intervención que aquí había só unha parte na representación dos alcaldes da Mariña. É certo, hai máis alcaldes na Mariña. Pero é que tamén está o presidente da Mancomunidade de Municipios da Mariña. E a Mancomunidade de Municipios da Mariña está conformada por alcaldes e alcaldesas de todas as cores políticas. E vostede non leu esa carta que lle enviaron, pero nesa carta, despois dunha xuntanza, decidiron entre todos os alcaldes e alcaldesas pedir esa reunión. Non foi a título individual do alcalde de Foz, foi en nome de todos os alcaldes da Mariña que representa esa mancomunidade de municipios. Pero como vostede non le as cartas, como vostede non recibe os alcaldes e alcaldesas, pois pasan estas cousas.

Vostede di que eu cheguei a retorcer o acordo que acadamos onte. Vólvolle ler, señor Conde: «Que propicie a Xunta o seu emprazamento preferentemente na comarca da Mariña. E, se criterios técnicos...» —loxicamente, vostede falaba de criterios técnicos, tamén o contemplamos nós onte nesa transacción— «...non garanten a viabilidade deste emprazamento, en todo caso na provincia de Lugo». Isto é o que asinamos e acordamos onte. Señor Conde, eu non retorcín para nada o acordo acadado onte. Polo tanto, como lle dicía na miña primeira intervención, se finalmente Altri non vén para A Mariña, vostedes terán unha responsabilidade, o Goberno galego terá unha responsabilidade. *(O señor Conde López pronuncia palabras que non se perciben.)* Non, porque vostede mesmo acaba de dicir que o Goberno galego se compromete a levar a adiante o acordo parlamentario acadado onte; polo tanto, se incumpren ese acordo parlamentario acadado onte, terán unha responsabilidade. E teranlles que explicar xa non só aos alcaldes e ás alcaldesas da Mariña senón á veciñanza da Mariña por que tendo a materia prima na nosa comarca e tendo un grave problema de crise industrial non se traballou e non se puxo toda a carne no asador por parte da Xunta de Galicia para que Altri viñese para a nosa comarca. E será a súa responsabilidade porque teñen competencias para iso, porque forma parte desa sociedade. Entón, señor Conde, non veña a escudarse e a botar balóns fóra cos fondos Next Generation, que, como lle dicía onte á señora Candia, tan mal, tan mal non o debeu de facer o presidente do Goberno, o Goberno de España, para poder negociar eses fondos Next Generation que permitiron que só no ano 2021 para Galicia chegasen 681 millóns —¡só no ano 2021!—. Polo tanto, tan mal non o deberon de facer.

CSV: BOPGDSPG-OKp0MFw64-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Polo tanto, hoxe o que buscamos é unha garantía por parte da Xunta de Galicia. Onte logramos o respaldo do Grupo Parlamentario Popular e hoxe queremos saber o que vai facer a Xunta de Galicia. ¿Vaise sumar a Xunta de Galicia a ese acordo pola Mariña ou vai manter esas ambigüidades? Eu o que lle pido, señor Conde, é que aquí na tribuna na súa réplica diga se Altri vai vir para A Mariña, ¿si ou non? Porque na súa primeira quenda botando balóns fóra a verdade é que a min me deixou bastante preocupada.

E como vostede dicía que viñan levar a adiante...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: ...ese acordo parlamentario, pois, se non o levan a adiante, contraerán unha grave irresponsabilidade e a culpa de que Altri non vaia para A Mariña será do Goberno galego.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Otero.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Pola miña parte nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Grazas.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Ten a palabra o vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación, o señor Conde López.

O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Otero, creo que fun bastante claro. O Goberno, a Xunta de Galicia, asume integramente o acordo unánime que se acadou por parte dos tres partidos políticos na tarde de onte e, polo tanto, nós daremos cumprimento a ese acordo. Creo que máis claro non se pode ser. A partir de aí, se vostede entende que onte non fixo unha boa intervención, ou ía preparada para outra intervención, ou ía preparada para votar que non, esta é unha cuestión distinta. *(Murmurios.)* Pero debería cambiar os papeis e seguramente actualizalos. Efectivamente, onte houbo, señora Otero, un acordo unánime do Parlamento ao que a Xunta de Galicia vai darlle o seu desenvolvemento.

O que si queda claro é que o Partido Socialista de Galicia non quere falar de apoiar este proxecto. Ao que vén aquí é a facer ruído sobre a ubicación; pero a apoiar o proxecto, non. Porque, claro, non vaiamos molestar a Madrid. Non vaiamos molestar a Madrid con respecto aos posibles apoios que poida ter este proxecto. Iso si, fagamos de portavoz do presidente do Goberno sobre o ben que se están executando os fondos europeos en materia de política industrial, señora Otero.

Falemos de política industrial, e de política industrial na Mariña. ¿Sabe cantos fondos europeos —derivados dos fondos Next Generation— ten a Xunta de Galicia para poder desen-

CSV: BOPGDSPG-OKp0MFw64-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

volver as súas competencias en materia de política industrial? ¡Cero! ¿Sabe cantos ten Madrid? Ten 16.000 millóns de euros. *(Aplausos.)*

Iso si, xa que vostede, coma min, vén aquí defender A Mariña e a situación industrial da Mariña, a cuestión é como se pode explicar —se vostede defende que o Goberno anuncie unha fábrica de baterías para Cataluña con eses 16.000 millóns de euros incluso antes de abrir o prazo de admisión de solicitudes do PERTE— que vostede non poida solicitar liñas de axudas para un proxecto tractor nun sector estratéxico no noso territorio. ¿Pódeme explicar por que o Goberno concede 57 millóns de euros de forma directa a Estremadura sen ningún tipo de concorrencia e con asignación directa? ¿Por que ese centro non foi á Mariña? Esa é a pregunta. ¿Preguntoullo a Pedro Sánchez? Seguramente non porque a iso non se atreve, ¡non se vaia molestar!

Señora Otero, creo que ao Parlamento non se pode vir a intentar desviar a atención do que realmente importa. E o que realmente lle importa á Mariña nestes momentos é que, efectivamente, este proxecto se poida desenvolver, que este proxecto poida ter os apoios dos fondos europeos —porque nestes momentos non hai unha resposta por parte do seu goberno, e que vostede nin nomea para non molestar o Partido Socialista— e, polo tanto, traballar conxuntamente precisamente para que o proxecto se poida desenvolver con todas as garantías.

Tampouco se debería vir aquí intentando desviar a atención do fracaso do Partido Socialista na paralización das plantas de San Cibrao, porque iso tamén é política industrial e iso é emprego para todos os concellos da Mariña, señora Otero. Polo tanto, entendo que iso seguramente lle supón un problema a vostede para defender realmente A Mariña e para defender o emprego na Mariña. Pero nós imos seguir traballando pola Mariña. Imos seguir demandando que o Goberno se comprometa coa produción de aluminio primario na Mariña e imos exixir, efectivamente, que este proxecto poida ter todas as axudas. E, como lle dixen, desde a Xunta de Galicia daremos cumprimento ao acordo deste Parlamento —acordo por unanimidade— e seguiremos pedindo que a planta de fibras téxtiles se instale na provincia de Lugo coa confianza en que os estudos técnicos de Altri permitan efectivamente chegar a esta conclusión —que sexa tecnicamente viable—, como foi o acordo que se adoptou no Parlamento.

A partir de aí, se vostede entende que non fixo unha boa intervención onte e quería vir aquí a arreglala hoxe, *(Murmurios.)* pois seguramente é unha cuestión de estratexia, porque necesitan, como os estudantes universitarios, dúas convocatorias. Ben, pois, oia, tampouco nesta aprobou, señora Otero, tampouco aprobou. *(Aplausos.)*

Polo tanto, A Mariña ten o compromiso da Xunta de Galicia para desenvolver proxectos que permitan esa transformación, ten o compromiso da Xunta de Galicia para desenvolver o acordo unánime do Parlamento e ten o compromiso tamén da Xunta de Galicia, señora Otero, para exixir que, despois da xestión do Goberno de paralizar as cubas de Alcoa, realmente esas cubas se poidan reactivar para que todos os alcaldes da Mariña e todos os traballadores da Mariña teñan un futuro, o que nestes momentos o Partido Socialista lle está negando á Mariña.

CSV: BOPGDSPG-OKp0MFw64-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor vicepresidente.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Pasamos á segunda das interpelacións.

Interpelación de Dª Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política do Goberno galego respecto da execución dos fondos de achega estatal do IV Plan de rescate

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a interpelación ten a palabra a señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, señor presidente.

Bos días, señoras e señores deputados.

Bo día, señora conselleira.

Hoxe os socialistas interpelamos o Goberno da Xunta de Galicia para coñecer cal é a xestión que fixo o Goberno galego dos fondos que transferiu o Goberno do Estado encabezado polo presidente Pedro Sánchez.

O señor Feijóo e o seu goberno, do que vostede forma parte, iniciaron, dende o mesmo momento de decretar o estado de alarma pola covid-19, no mes de marzo de 2020, un ataque frontal a calquera proposta, resolución ou acordo que viñese do Estado. Vostedes levan case dous anos nos que non lles importou que puidese tambalearse a estabilidade do noso país. Pouco ou nada lles importaron os milleiros de postos de traballo que podían ser destruídos. Pouco ou nada lles importaron as familias máis vulnerables.

A obsesión de Feijóo —fiel seguidor do ayusismo— foi confrontar co Goberno do presidente Sánchez, e converteuse unha vez máis no alumno máis avantaxado do «non». Vostedes estiveron instalados permanentemente no «non» para acordar as necesarias medidas sanitarias. Vostedes estiveron e seguen instalados no «non» para que cheguen os fondos europeos a España e, polo tanto, que cheguen a Galicia.

Vostedes intentaron por todos os medios, votando en contra no Congreso dos Deputados e reiteradamente falando mal do noso país, que a Unión Europea dubidase e rexeitase transferir os fondos europeos, fondo de 140.000 millóns de euros que se, por vostedes fose, non chegarían ao noso país, 140.000 millóns de euros absolutamente necesarios para a recuperación e a transformación do noso país, 140.00 millóns de euros dos que, se por vostedes fose, non chegaría nin un só céntimo nin ás empresas nin aos traballadores e traballadoras autónomas.

CSV: BOPGDSPG-OKp0MFw64-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Mire, dende a Unión Europea tiveron que confirmarlles ata tres veces que o goberno de Pedro Sánchez estaba facendo ben a xestión dos fondos europeos. Miren as novas dos xornais durante eses días *(A señora Rodríguez Rumbo amosa documentos con referencia a noticias de prensa.)*, como esta do 3 do 12 do 2021: «España, primeiro país da Unión Europea en recibir os fondos europeos de recuperación», no que se destaca o avance do noso país na implantación do plan Next Generation-EU cun primeiro pago de 10.000 euros. Pero sigo, señora conselleira: «A presidenta da Comisión Europea felicita a Sánchez polo cumprimento de España no plan dos fondos», «Bruxelas pide a Pablo Casado que cese nas súas intencións de ir aos tribunais pola repartición dos fondos europeos», «Casado retoma dende Bruxelas a súa ofensiva contra a repartición dos fondos europeos» —isto é de hai dous días nada máis—, e «O PP é o único partido da oposición na Unión Europea que critica a xestión dos fondos europeos».

En fin, señora conselleira, a min gustaríame, aos socialistas gustaríanos, que vostede puidese dicir aquí en sede parlamentaria se vostede está de acordo coa postura de confrontación e do «non» do Partido Popular e do Goberno galego. ¿Está vostede de acordo en que se poña en dúbida a solvencia do noso país? Contéstenos, señora conselleira. ¿Está vostede de acordo con que se poidan perder 140.000 millóns de euros para España, e polo tanto para Galicia? Porque a verdade é que resulta un paradoxo que vostedes se opoñan a que cheguen os fondos da Unión Europea e ao mesmo tempo reclamen unha e outra vez que estes fondos cheguen a Galicia. As dúas cousas non son posibles e todo o Goberno da Xunta de Galicia é coñecedor desta circunstancia. Ou están de acordo, apoian e traballan para saír todos xuntos desta crise ou admitan claramente que vostedes antepoñen a estratexia partidista á recuperación e á transformación do noso país en beneficio de toda a cidadanía. *(Aplausos.)*

Señora Lorezana, hai situacións extraordinarias nas que ten que primar o benestar da cidadanía, nas que hai que ter sentido de país. E os que nos dedicamos á política deberiamos amosar altura de miras e responsabilidade sabendo que esta pandemia sen precedentes fixo tambalear as bases económicas e sociais de todo o mundo.

Mire, señora conselleira, o Goberno do Estado, o goberno de Pedro Sánchez, traballou dende o primeiro momento para conseguir fondos, elaborar e implementar un potente plan de choque de medidas económicas e laborais —inicialmente estimado nuns 200 millóns de euros— para protexer as empresas, para protexer as persoas traballadoras autónomas —que por vez primeira nunha crise tiñan cobertura do Goberno de España ante a paralización da súa actividade ou pola diminución dos seus ingresos—. Houbo medidas tamén para protexer os traballadores e as traballadoras a través dos ERTE, da implantación do teletraballo, do permiso retribuído recuperable, da mellora da protección dos fixos descontinuos e das persoas traballadoras con contrato temporal, da implementación de medidas para as empregadas do fogar; pero tamén coa aprobación do ingreso mínimo vital, tamén co incremento do salario mínimo interprofesional, da reforma do sistema de pensións para devolver o poder adquisitivo aos pensionistas e tamén coa aprobación da reforma laboral.

Mentres, os presidentes e as presidentas das comunidades autónomas gobernadas polo Partido Popular, e orquestradas por esa presidenta Ayuso, fixeron gala dese ayusismo torpedeando, enredando, facendo ruído e instalándose no «non». As últimas mostras da deleznable actuación do Partido Popular tiveron ocasión estes días no Congreso dos Depu-

CSV: BOPGDSPG-OKp0MFw64-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

tados coa aprobación da reforma laboral, na que o seu partido votou en contra e celebraban que esa reforma non saíse. Aínda que, por sorte, finalmente saíu adiante. E votaron en contra sabendo que son dereitos que se recuperan para os traballadores e para as traballadoras, que hai acordo cos sectores —tanto cos sindicatos como coa patronal— e que é necesaria esta reforma para que sigan chegando os fondos europeos a España e, polo tanto, a Galicia. ¿Que celebraban, señora conselleira? ¿Celebraban unha vez máis que non puidesen chegar os fondos europeos ou celebraban que os traballadores e as traballadoras deste país non recuperasen parte dos dereitos que foron anulados polo goberno de «eme punto» Rajoy?

Pois, mire, o Goberno do Estado traballa mentres que o presidente da Xunta de Galicia emprega os seus esforzos en confrontar culpando da súa nefasta xestión os concellos, as deputacións ou o Goberno do Estado. Claro, isto é simplemente naquelas administracións onde non goberna o Partido Popular, porque si que pon en valor o traballo da Deputación de Ourense —un exemplo de nepotismo e dedazo no que os criterios obxectivos non existen, e son vergoñentos na súa xestión—.

Pois mire, señora conselleira, a maioría dos galegos e das galegas votaron para que xestionasen, para que colaborasen e para que saquen a Galicia desta crise sanitaria, económica e social. Porque, mire, vostede non negará o apoio económico do goberno de Pedro Sánchez a Galicia para paliar os efectos da pandemia, ¿verdade? Non o negaran, ¿non? Voulle dar un informe de rendición de contas do Goberno de España —voullo deixar aquí ao señor presidente *(A señora Rodríguez Rumbo entrégalle un documento ao señor presidente, Calvo Pouso.)*—, de decembro de 2021 —do Goberno de España, non do ministerio, non do Partido Socialista—, para que llo fagan chegar e no que se poden comprobar con datos as achegas económicas transferidas a Galicia. É un documento no que se debullan as medidas destes dous anos, que suman para Galicia preto de 5.000 millóns de euros; polo que é o goberno máis investidor da historia para a nosa comunidade.

Entre esas medidas que se inclúen vou debullar unhas poucas —porque, evidentemente, non me dá para máis o tempo, pero, polo da transparencia, vounas dicir—. Pois mire: 824 millóns de euros nun fondo extraordinario para amortecer os efectos da crise nas finanzas rexionais; máis de 662 millóns de euros para os galegos e galegas que se beneficiaron da prórroga dos ERTE; case 500 millóns de euros para prestacións extraordinarias para traballadores e traballadoras autónomas cuxa actividade se vise afectada dende o inicio da pandemia; case 6 millóns de euros de subsidio extraordinario para 4.660 perceptores e perceptoras galegas ao esgotar a súa prestación por desemprego durante o primeiro estado de alarma; 9,4 millóns de euros para que 4.609 galegos e galegas con contrato fixo descontinuo se acollesen ás medidas extraordinarias adoptadas nas distintas modalidades; 37.664 empresas obtiveron avais a través da liña ICO-19; 215,8 millóns de euros para políticas activas de emprego; 36.892 persoas...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...que recibiron o ingreso mínimo vital ou 769 pensionistas que viron revalorizadas as súas pensións.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

CSV: BOPGDSPG-OKp0MFw64-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: E, evidentemente, 234 millóns de euros que se destinaron neste primeiro trimestre para axudas directas para os traballadores e traballadoras autónomas...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...e as empresas e os sectores económicos máis afectados pola pandemia.

E vostede no anterior pleno deixounos a dúbida...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas. Xa rematou o tempo. Ten outro turno.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...dos 70 millóns de euros que non van ser capaces de executar... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Ten a palabra a señora conselleira de Emprego e Igualdade, a señora Lorenzana Somoza.

A señora CONSELLEIRA DE EMPREGO E IGUALDADE (Lorenzana Somoza): Bos días.

Grazas, presidente.

Señora Rodríguez, menos mal que ao final de todo na súa intervención, e xa apagando os micrófonos, lle deu tempo a falar un segundo sobre o que vostede me interpela hoxe. Porque a interpelación que vostede expuxo por escrito ten cinco preguntas que se refiren exactamente a todos os datos que vostede acaba de dicir que eu dei na sesión anterior de control. Entón agradezo que o saiba, porque tiña a sensación de que viña falar exactamente do mesmo que falei hai dúas semanas. Pero, ben, acaba de ampliar vostede moito e non sei se me vai dar tempo a contestar sobre toda a política económica e a política laboral que leva a cabo o goberno de Sánchez durante toda a pandemia. Porque eu estou francamente abraiada, abraiada.

Fálame do fondo covid —pono aquí na exposición escrita— para educación e para sanidade. Eu pensaba que viñamos falar de emprego. Fala do decreto do estado de alarma e da regulación que se fixo dos ERTE coma se fose unha cousa extraordinaria. E ademais di que este goberno en todo momento se opuxo ao goberno de Sánchez. Iso é radicalmente incerto. E tanto que lle gusta a prensa e tanto que saca os recortes de prensa, busque as declaracións miñas sobre a xestión do Ministerio de Traballo en relación cos ERTE, porque non vai atopar ningunha crítica en relación con isto. E tamén lle digo que non fixo nada de máis. ¡É que é todo o que fixeron todos os Estados europeos: regular os ERTE cunha ou outra denominación! E agora parece que o que é realmente unha cuestión absolutamente ordinaria, que é o que ten que facer un goberno da nación, resulta extraordinario. O goberno de Sánchez regulou os ERTE, uns ERTE que, por certo, tiveron que tramitar cada comunidade autónoma. Foron 36.000 expedientes os que se tramitaron na Comunidade Autónoma de Galicia pola

CSV: BOPGDSPG-OKp0MFw64-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Consellería de Emprego, polos funcionarios de Emprego, en tempo e forma. Fíxose adiantando o diñeiro —como vostede ben sabe—, porque non deu tempo á tramitación por parte dos ministerios —o cal non critico porque foi unha situación extraordinaria, nin o teño criticado nunca—. Agora ben, non falte á verdade, porque isto non é así.

Despois fala de 200.000 euros en xeral nun plan que puxo en marcha o Goberno do Estado para axudar no momento de tal... E, dentro deses 200.000 euros, mete vostede o teletraballo —que parece que é o goberno de Sánchez o que paga o teletraballo—, e mete vostede o incremento de 15 euros do salario mínimo interprofesional —que parece que tamén o paga o goberno de Sánchez—. Eu non dou crédito. ¡É que non dou crédito! Fala tamén do ingreso mínimo vital na súa interpelación como unha absoluta novidade. En Galicia existe a Risga dende hai trinta anos, dende o ano 1990.

Ben, no medio de todo isto agora amplía e fala da reforma laboral. Se quere, falamos outro día da reforma laboral, porque agora non teño tempo, evidentemente. Agora, que me diga que o texto da reforma laboral está pactado... O que non se pode facer é que nunha norma que ten natureza ordinaria, e que debe ser tramitada como un proxecto, como unha proposición de lei, se adopte un acordo e llelo dean cerrado aos grupos parlamentarios. E, aínda por riba, cando isto é un fracaso absoluto, por un erro dun deputado considérase que é un éxito do Goberno a aprobación desa norma. *(Murmurios.)* Cando queira falamos da reforma laboral.

Fala da paralización dos fondos europeos por parte do Goberno de Galicia. Ese informe xa o coñezo. Non o vin pero supoño que é o mesmo. Ese informe fala da repartición e da proporción de fondos que lle chegaron á Comunidade Autónoma de Galicia respecto dos que se repartiron. Agora ben, nós non estamos falando en ningún momento dos fondos que se repartiron. Deixando á marxe os plans de rescate —que agora falamos deles, e nos que Galicia recibiu menos do que lle correspondía—, Galicia sempre recibe entre un 6 % e un 8 % —non teño nada que dicir, e así o digo nas conferencias sectoriais—. Agora ben, do Ministerio de Traballo —que é o que a min me compete— existen entre o orzamento do ano 2021 e o orzamento do ano 2022 —vaia comprobalo, xa que tanto falaban hoxe á mañá dos orzamentos, vaia comprobalo— 1.800 millóns de euros do Mecanismo de recuperación e resiliencia. Destes 1.800 millóns de euros hai 800 que non se repartiron ás comunidades autónomas e son fondos que están destinados a políticas activas de emprego. Díxollo o presidente da Xunta hoxe: a Constitución e o Estatuto de autonomía establecen unhas competencias moi claras, e as competencias en políticas activas de emprego están asumidas estatutariamente por todas as comunidades autónomas. Galicia é a competente en políticas activas de emprego, polo que hai 800 millóns de euros que está empregando o Ministerio para facer política. E ¿sabe como xustifica o feito de poder quedar con eses 800 millóns de euros? Dicindo que dá formación a traballadores, por exemplo, que están en ERTE e cuxas empresas teñen centros de traballo en máis dunha comunidade autónoma. É dicir, que os traballadores en ERTE que están en Galicia nunha empresa que non ten sede noutra comunidade autónoma, por exemplo, non poden participar nesa formación. ¡Son 800 millóns de euros que están sen repartir!

Aquí non se está tratando de facer ruído de ningunha clase. Se eu quixera facer ruído tería presentado un recurso en decembro perante o Tribunal Supremo ou perante o Tribunal Cons-

CSV: BOPGDSPG-OKp0MFw64-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

titucional —calquera das dúas vías é válida—. Aínda non o fixen. Así que, por favor, non diga que aquí se copia a política de Ayuso, porque non é o caso. E, se se quixese facer iso, o recurso estaría presentado. Aínda estou esperando a que me respondan e a que me expliquen o que pasa con eses 800 millóns de euros. Aquí non hai unha parálise de envío dos fondos, os fondos xa están no Ministerio. ¿En que estou prexudicando eu os galegos pedindo que me dean os fondos que nos corresponden? Os fondos xa están en España. Eu o que quero é que cheguen a Galicia. E vostede debería querer que chegasen a Galicia, ¡digo eu! ¿Ou é que queren que queden no Ministerio porque o Ministerio é socialista? ¡É que non ten sentido ningún o que está plantexando! Está terxiversando o que se está solicitando. *(Aplausos.)* ¡Está terxiversando o que se está solicitando! *(Aplausos.)* Entón, faga o favor de velar por Galicia, non polo Partido Socialista ou pola vicepresidenta Calviño, que é o que está facendo co que está facendo hoxe aquí.

Pregunta polo III e polo IV Plan de rescate. Esa creo que era a interpelación que vostede facía. En concreto, non o dixo porque non lle deu tempo ante todas as cuestións á marxe da interpelación que eu non puiden preparar e que estou tendo que dicir aquí, porque está ampliando sobre o que preguntou. Pero ben..., preguntaba que órgano tiñamos previsto para negociar os plans de rescate e para establecer a xestión destes 234 millóns de euros. Eu creo que disto, de como se facían os plans de rescate, dei conta mil veces tamén aquí. Penso que si, que dei conta moitas veces de como facemos os plans de rescate, de todos, os de fondos autonómicos e os que se fan cos fondos do Ministerio. Pero vólvoo dicir: no diálogo social, con mesas específicas sobre estes plans, na mesa de traballo autónomo e en mesas con sectores especialmente afectados.

Entón, vou dar conta soamente das reunións que tivemos na Mesa de Diálogo Social, pero nas que participei eu —hai moitas máis pero soamente nas que participei eu como conselleira—: o 4 de novembro preséntase o borrador do I Plan de rescate e negócianse as bases; o 12 de novembro continuamos coas reunións; o 12 de xaneiro de 2021, o balance do I Plan de rescate, e presentamos aos sindicatos e aos empresarios o borrador do segundo plan; o 26 de xaneiro avanzamos no deseño do segundo plan; o 2 de febreiro, nova reunión para pechar a proposta definitiva ese plan; o 22 de marzo, borrador do III Plan de rescate; o 26 de abril e 6 de maio continuamos avanzando no deseño deste plan; o 8 de xullo xuntámonos para analizar o estado da situación do terceiro plan e para valorar as propostas de modificación; o 5 de outubro volvemos reunirnos para abordar o IV Plan de rescate. Son 10 reunións. E hai 15 reunións máis cos autónomos sobre os mesmos temas —coas tres asociacións de autónomos que forman parte da mesa—: o 29 de setembro do 2020; e no ano 2021, os días 13, 20, 22 e 26 de xaneiro, o 1 de febreiro, o 22 de marzo, o 26 de abril, o 6 e 10 de maio, o 14 de xuño, o 8 de xullo, o 6 de outubro e o 27 de decembro; e o pasado 2 de febreiro foi para dar conta do que dei conta no Parlamento hai dúas semanas, dos resultados.

A isto hai que sumar reunións cos representantes dos sectores máis afectados pola covid, como son a hostalería e o turismo. Son 25 reunións nas que participei eu tamén directamente, e na meirande parte dos casos acompañada do vicepresidente. No 2020: os días 16, 19, 23, 26 e 30 de novembro; o 7 e 15 de decembro. No 2021: os días 13, 22, 25, 27 e 29 de xaneiro; o 8, 15 e 24 de febreiro; o 9, 15 e 23 de marzo; o 8 de abril; o 11 de maio; o 7 e o 15 de xuño e o 28 de decembro. E no 2022: o día 31 de xaneiro. A isto engadimos reunións con sectores como o comercio, as atraccións de feiras, o ocio infantil e as orquestras, entre outros.

CSV: BOPGDSPG-OKp0MFw64-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

E vostede pregúntame cal foi o órgano que tivemos para dialogar. Eu o que preguntaría sería cal foi o órgano que tivo a señora Calviño para dialogar ese suposto plan de rescate aos autónomos e ás pequenas empresas. A min si que me gustaría saber cal foi o diálogo da señora Calviño. *(Aplausos.)*

E xa para rematar —porque as restantes preguntas que vostede fai xa as di na propia interpelación e entón non sei o que está preguntando— pregunta cantos foron os fondos que recibiu o Goberno de Galicia para traballadores autónomos e empresas. Foron 234,5 millóns de euros, dío vostede. ¿Cal foi a execución? Díxeno no pasado pleno, o 70 %. Para o restante 30 % existen solicitudes suficientes, dous mil millóns de euros en peticións. Non os podemos pagar polos requisitos...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora CONSELLEIRA DE EMPREGO E IGUALDADE (Lorenzana Somoza): ...que están no Goberno do Estado.

Xa remato, presidente.

E nada máis. ¿Cantos foron os fondos que empregou Galicia? Pois soamente da Consellería de Emprego, fondos da Consellería de Emprego, foron 182 millóns —80.000 solicitudes pagadas en seis meses—.

Máis nada. Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora conselleira.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Para a rolda de réplica ten a palabra a señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Señora conselleira, precisamente porque velamos por Galicia e porque nos preocupa, en primeiro lugar plantexamos esta interpelación; e, en segundo lugar, o que lle pedimos ao Goberno de Galicia é colaboración fronte á confrontación, colaboración para traballar todos xuntos por esas persoas que necesitan eses cartos que veñen do Estado, ou dos fondos europeos, que estes cheguen á súa fin e, polo tanto, sexan os beneficiarios os que reciben eses cartos. Pero esa non é a actitude que ten a Xunta de Galicia, esa non é a actitude que tivo a Xunta de Galicia, nomeadamente o presidente Feijóo, durante estes dous anos de pandemia. Foi continuamente de confrontación. *(Aplausos.)*

E, ademais, vostede fálame de que veu dar conta varias veces a este Parlamento. Ben, eu síntoo pero é que vostede, como membro do Goberno, terá que vir as veces que consideremos necesarias, dentro dunha normalidade, a dar conta do que plantexemos os distintos grupos parlamentarios. Entendo que iso tamén forma parte do seu traballo. Ben, polo tanto, non estamos plantexando nada que sexa raro, a verdade.

CSV: BOPGDSPG-OKp0MFw64-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

E vostede fala de que non van recibir os cartos os traballadores e traballadoras autónomas e as empresas que poidan ser beneficiarias. Pero é que, mire, o 70 % chegou, ¿verdade? Chegou o 70 % deses 234 millóns de euros que viñeron do Estado. Polo tanto, o que lle preguntamos é: ¿que vai facer o Goberno galego para que non perda eses 70 millóns de euros? ¿Vai dialogar ou vai seguir en contra do Estado? Pois o que lle pedimos é iso, que xestione para que eses 70 millóns de euros cheguen aos posibles beneficiarios, que é para o que veñen.

E, mire, señora conselleira, a verdade é que eu teño que empregar datos, seguir empregando datos, posto que vostede é a conselleira de Emprego. E vostede sabe que o emprego neste país, en Galicia, durante os anos en que leva gobernando Núñez Feijóo non foi unha prioridade. Temos os últimos datos publicados polo Instituto Galego de Estatística da última EPA —referida ao cuarto trimestre de 2021—. E non quero que faga como o señor Feijóo hai un momento, que dubide deses datos, porque o IGE, ata onde eu sei, depende do propio organismo da Comunidade Autónoma e, polo tanto, digamos que non serán discutibles.

Pois, mire, eses datos da EPA dinnos que mentres que en España se crearon 840.000 empregos nun ano —e supera a ocupación da prepandemia cun crecemento do 4,35 % para o conxunto do Estado— en Galicia temos un crecemento dun 0,96 %. É a terceira peor evolución de todas as comunidades autónomas, incluídas as cidades autónomas —só por detrás de Murcia e de Ceuta—. E seguimos a ter 50.900 persoas ocupadas menos que no mesmo trimestre do ano 2009. Entre outubro e decembro de 2021 destruíronse 21.200 empregos en Galicia. É dicir, á razón de 230 empregos por día.

E, se miramos ao número de parados, ocorre exactamente o mesmo, señora conselleira. En Galicia, no cuarto trimestre de 2021 respecto do mesmo trimestre do ano anterior, baixa un 5,3 %. Pero é que no conxunto do Estado a baixada é do 16,56 %. É dicir, o número de parados en Galicia baixa un 11,3 % menos do que baixa no resto do Estado.

Señora conselleira, se enmarcamos estes datos tendo en conta a perda de poboación activa dende que goberna Feijóo na Xunta de Galicia, temos que no noso país perdemos, do cuarto trimestre de 2009 ao cuarto trimestre de 2021, 83.400 persoas activas, 83.400 persoas menos; e 27.000 persoas menos menores de 40 anos.

Polo tanto, a ver, señora conselleira, eu creo que o que teñen que facer é poñer todos os medios ao seu alcance para que esta situación reverta dunha vez por todas. É que, ademais, mire, se miramos os datos de execución orzamentaria destes últimos tres anos, supoño que tampouco serán dubidados, como fixo o presidente da Xunta de Galicia hai un momento ante unha pregunta do noso voceiro parlamentario, que dubida incluso dos datos que vostedes, o Goberno galego, nos facilitan. Entón, unha de dúas, ou vostedes nos menten ou realmente os que menten son vostedes cando empregan os datos ao saír a esta tribuna. Pois, miren, en 2019 deixou sen executar a súa consellería 135 millóns de euros. En 2020, en ano de pandemia, deixou sen executar a súa consellería máis de 135 millóns de euros.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

CSV: BOPGDSPG-OKp0MFw64-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: E en 2021 —é verdade que son datos do terceiro trimestre, e esperamos que neste último trimestre mellore— teñen sen executar máis de 519 millóns de euros.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Polo tanto, estamos falando de 790 millóns de euros sen executar en tres anos...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...da súa consellería, que deberon chegar para que o emprego...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...non fose un problema e non tivese os datos que acaban de aparecer publicados...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...na EPA do cuarto trimestre de 2021.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, xa rematou o seu tempo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Pola miña banda, nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Ten a palabra a conselleira de Emprego e Igualdade, a señora Lorenzana Somoza.

A señora CONSELLEIRA DE EMPREGO E IGUALDADE (Lorenzana Somoza): Señora Rodríguez, de verdade que é complicado seguila, ¡eh! Porque é capaz de sacar quince temas en cinco minutos que non teñen nada que ver, sinceramente, e que son dignos dunha comparecencia de orzamentos, pero vamos... Si, si, non sei que ten que ver a execución de fondos de emprego, pero falamos de todos eles... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, si, falamos, falamos.

Isto é ao parecer o que vostede pide a un goberno de colaboración fronte á confrontación. Creo que eu o que dixen no pasado pleno, o que pedín —ademais de pedirllo, por suposto, á forza política do Partido Popular, tamén ás restantes forzas do Parlamento—, foi que apoiasen a Galicia nesa colaboración da que vostede fala solicitando que, por favor, quedasen en Galicia e non mandasen devolver eses millóns de euros —no caso de Galicia ese 30 %, que son sesenta e tantos millóns de euros— do Plan de rescate. Eu enviei, non confrontei, enviei

CSV: BOPGDSPG-OKp0MFw64-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

senllas cartas —e así o dixen— á vicepresidenta Calviño e á ministra de Facenda, á señora Montero, para solicitar especificamente isto, e volvéndolle pedir —xa non sei por que número de vez— cales serían os criterios para poder gastar —en Galicia e creo que nas restantes comunidades autónomas— e para que chegasen aos autónomos e que chegasen ás empresas eses cartos.

¡E vostede pregúntame que vou facer! ¡É que eu teño que devolver ese diñeiro! Chega vostede a dicir —non o teño aí na interpelación— que é que prorrogaron por un real decreto lei ata xuño para poder, desta maneira, gastar os cartos nos autónomos. ¿Pero vostede o di en serio? ¿Leuno? ¿É un erro? ¿Vostede sabe o que fixo aí o Estado? Prorrogar a devolución. O 31 de decembro rematou o prazo para gastar cos autónomos. Entón, ¿que clase de demagoxia é esa de que se prorrogou por un real decreto en xuño? Non, eu en xuño teño que devolver os cartos, e non teño nada máis que facer. Eu cos requisitos que estableceu a señora Calviño non podo pagar un euro máis, porque é ilegal. Entón, ¿que quere que faga eu? Máis ben o terá que facer vostede co seu partido no Goberno de Sánchez. ¿Non o terá que facer vostede? Fale vostede con eles, *(Aplausos.)* pídollo aquí. Fale vostede. Pídolle esa colaboración. Eu non podo facer nada máis. ¡E pregúntame a min! ¡É que de verdade que é unha cousa...!

Din que o Goberno de Galicia, que o señor Feijóo, estivo confrontado co Goberno de Sánchez. ¿Pero vostede coñece algún estado europeo onde o presidente da nación delegue a responsabilidade sanitaria no presidente, por exemplo, dunha rexión, en Francia, dun *länder* en Alemaña...? *(Murmurios.)* ¿Vostede dáse conta de que chegamos a tal extremo que acabamos regulando a pandemia por parte do poder xudicial? ¿Vostede coñece un presidente que tivese tal deixamento de funcións na maior situación de emerxencia que tivo España? *(Aplausos.)*

¡E din que o Goberno Feijóo confrontou co Goberno de Sánchez! O Goberno de Feijóo levou a cabo o seu traballo da maneira máis leal posible, tendo en conta a situación do Goberno que existe en Madrid... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Silencio! ¡Silencio! Cando vostede... Perdón, conselleira...

¡Silencio!

A señora CONSELLEIRA DE EMPREGO E IGUALDADE (Lorenzana Somoza): Entón, por favor, non teña a cara de sinalar o Goberno de Feijóo como un goberno de confrontación, porque non o foi nunca. É un goberno leal, é un goberno que dialoga, e non se parece en nada ao Goberno da señora Ayuso. *(Aplausos.)* Entón, non diga moitas veces unha cousa que é mentira para ver se, ao final, é verdade, porque iso non é así. Nin o Goberno de Feijóo nin ningún dos seus conselleiros nos caracterizamos pola confrontación. Pero unha cousa é esa e outra é que nos tomen o pelo, porque a todos nós nos pagan os galegos e as galegas, e o que non imos consentir, para non facer confrontación, é deixar que nos tomen o pelo. *(Aplausos.)* ¿Onde están eses 800 millóns do Ministerio de Traballo que temos que recibir as distintas comunidades autónomas, os galegos e as galegas, na parte que nos corresponde? ¿Onde están? Fale vostede en Madrid. ¡É que vamos ver...!

CSV: BOPGDSPG-OKp0MFw64-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Fala con demagoxia total de que o meu deber é vir ás sesións de control. ¡Home, claro que si! É que eu non dixen outra cousa. ¡É que é demagoxia tras demagoxia! Eu o único que dixen é que xa vexo que tiñan moitas cousas polas que preguntarme, , pero resulta que me pregunta polo mesmo ao que vin responder na anterior sesión de control. Entón, sinceramente, cando lin a interpelación, o primeiro que pensei é que vostede non coñecía a miña pregunta e que ¡menuda falta de respecto! Iso foi o que pensei. Agora vexo que esta é unha maneira de deixar caer outro montón de temas que vostede non expuxo na súa interpelación por escrito para sacalos aquí a ver se eu non tiña datos e non podía contestar. Deduzo iso porque non ten nada que ver o que vostede interpelou con todo o que está sacando aquí.

Respecto da execución de fondos por parte da Consellería de Emprego, se sabe vostede un pouco de execución presupostaria e sabe o tipo de fondos que temos na Consellería de Emprego, saberá que oitenta e tantos por cento son fondos europeos, fondos finalistas, co cal a execución debe medirse en compromisos. Dende hai moitísimos anos —é que non teño aquí os datos— a execución de emprego ronda o oitenta e tantos por cento; é das máis elevadas de toda España —e son datos—. A vostede non sei que datos lle están dando. *(*A señora Rodríguez Rumbo*: Os que nos pasa vostede.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Silencio!

A señora CONSELLEIRA DE EMPREGO E IGUALDADE (Lorenzana Somoza): ¡Pero teñen que saber interpretalos! *(Interrupcións.) (Murmurios.) (Aplausos.)* Teñen que saber interpretalos. Vostede está mirando as fases de pago, e as fases de pago nun orzamento público soamente hai que velas respecto dos fondos propios. Hai que saber executalo.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Silencio! Remate, por favor.

A señora CONSELLEIRA DE EMPREGO E IGUALDADE (Lorenzana Somoza): Execución do ano 2022, orzamento da Consellería de Emprego de trescentos e pico millóns de euros. Hai máis de cen millóns de euros que están actualmente activados, en ordes de axudas. É máis dun terzo do orzamento, a golpe de finais de xaneiro do ano 2022.

Ben, remato, e remato de verdade. Como vostede dicía, colaboración. Pídolle de verdade que interveña no Ministerio, que interveña na Vicepresidencia Económica e que pida que eses millóns de euros que agora mesmo temos que devolver Galicia, como o resto das comunidades —son máis de dous mil millóns os que vai recibir de novo o Ministerio—, volvan aos autónomos, que volvan ás empresas e que non regresen ao Ministerio. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora conselleira.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Interpelación de Dª Ana Pontón Mondelo e dezaoito deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a política eólica da Xunta de Galicia

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a interpelación ten a palabra a señora Presas Bergantiños.

CSV: BOPGDSPG-OKp0MFw64-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, señor presidente.

Bo día, señor vicepresidente.

Mire, desde o Bloque Nacionalista Galego volvemos insistir unha vez máis con esta cuestión que é tan importante para este país, e teño que dicirlle, señor vicepresidente, que a consistencia do modelo eólico do Partido Popular é como un castelo de naipes; non ten a máis mínima consistencia, señor Conde. *(Aplausos.)* E canto máis tempo pasa, máis se evidencia esta situación. Desmorónase absolutamente por todos os lados.

E, mire, Galiza vive hoxe, precisamente, na forma en que vostedes aplican o desenvolvemento eólico, un dos seus principais problemas, un problema que, insistimos, é económico, medioambiental e tamén é social e de control democrático, e iso é moi grave. Este problema triplo é ben certo que ten unha responsabilidade que é tripla: en primeiro lugar do *lobby* eléctrico, dunha serie de grandes firmas eléctricas que o que están facendo neste contexto é aproveitar a coartada da transición enerxética para reposicionarse e asegurar os seus ingresos multimillonarios.

En segundo lugar, evidentemente, o Goberno central tamén ten unha responsabilidade, toda vez que lexisla para manter ese papel de Galiza como fornecedora da enerxía, sen importar cal é o prezo a pagar por parte dos galegos e galegas, simplemente para ter conivencia con ese *lobby* eléctrico ao que logo van os cargos do Partido Popular e do Partido Socialista.

Pero, en terceiro lugar, os principais responsables dos problemas que está habendo en Galiza son vostedes, señor Conde, é o Partido Popular de Galiza, porque vostedes poderían facer as cousas doutra maneira, pero deciden ser parte do problema, parte activa do problema, e lexislar para favorecer que este problema non só se perpetúe, senón que aumente. E, así, pois estamos vendo un *boom* que é insostible do norte a sur do país e que é singularmente antidemocrático.

E, mire, vostedes non son inocentes, señor vicepresidente, porque empregan o autogoberno en lugar de defender os intereses do país, precisamente, para poñer unha gran alfombra vermella para este modelo ao gran servizo das grandes eléctricas, e iso sen buscar o máis mínimo equilibrio entre industria, entre medio ambiente e entre sociedade. E non son inocentes, porque lexislan para favorecer iso precisamente sen importar que caia quen caia. Actúan como se o recurso natural, o noso vento, a xeografía, fose directamente unha propiedade do Partido Popular que privatizar, como xa fixeron con outros recursos, como, por exemplo, a auga. O problema, basicamente, é que vostedes empregan esa maioría absoluta que teñen para lexislar, para legalizar eses abrazos de Iberdrola.

Iso está tendo resultados no noso país, señor vicepresidente, e iso é o que explica que impulsaran vostedes xa dez reformas da Lei do sector eólico —¡dez!, a última na Lei de orzamentos que entrou en vigor hai escasamente un mes—. Pero é que aínda non pasara un mes e vostedes xa anunciaron a reforma número once. ¡É que son vostedes absolutamente insaciables! Serán once reformas, que acumulan máis de 60 cambios, e, desde logo, isto non é nin seguridade xurídica nin nada que se lle pareza. *(Aplausos.)* Basicamente, o que veñen a

CSV: BOPGDSPG-OKp0MFw64-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

ser é reformas pola tapada, intentando buscar que ninguén se entere e que non haxa reacción social. Iso é o que intentan e iso é o que explica que empreguen sempre outras leis para reformar a Lei do sector eólico en lugar de facer o que sería o racional e o democrático, que é abordar unha reforma integral e abordar tamén unha actualización do Plan sectorial eólico. Pero vostedes non o fan fundamentalmente por dous obxectivos: o primeiro, favorecer a fragmentación que están a desenvolver as empresas; e o segundo, evitar que tamén coas características actuais destas tecnoloxías, que aumentaron de potencia, que aumentaron de tamaño, coa conciencia ambiental que hai hoxe en día, coas novas necesidades, que non son as mesmas de 1995, saben vostedes que tería que haber máis áreas de exclusión. Entón, vostedes evitan dar un debate de país sobre esta cuestión para evitar iso.

Por iso tamén paralizaron a Rede Natura, como quedou evidente onte, negro sobre branco, no debate que houbo entre o meu compañeiro Bará e a conselleira Vázquez, onde, ademais, non foi capaz de explicar por que a vertente tan antidemocrática na que están vostedes instalados fai que incluso se levanten dos foros de participación onde se pide, por parte dos colectivos, debater sobre o que está acontecendo. *(Aplausos.)*

En todo caso, hoxe queremos centrarnos, señor Conde, na trapallada lexislativa permanente na que viven vostedes instalados, que basicamente busca unha política de feitos consumados. Isto é algo que advertimos nesta Cámara unha e outra vez desde a oposición, que advertiron colectivos sociais de todo tipo, que advertiu o Consello da Cultura Galega, que advertiu o Observatorio Eólico de Galiza, que advirten as comunidades de montes, que advertiron concellos de todo o país —incluídos do Partido Popular— e que mesmo advirte a propia patronal. Porque, por exemplo, a última moratoria que aplicaron —esa pseudomoratoria—, claro, é que é a dedo, porque vostedes habilitan o seu Consello da Xunta para dar excepcións. Entón, xa vemos aquí a innovación absoluta. Non nos chegaba con que vostedes estiveran instalados no capitalismo verde, que agora temos unha nova versión, que é o capitalismo verde e caciquil, ao máis puro estilo Deputación de Ourense. *(Aplausos.)*

E, mire, isto é tan clamoroso que xa non é que haxa unha unanimidade social no que estamos describindo, é que xa a propia xustiza falla neste sentido que eu estou a explicar. E, mire, non levamos nin o ecuador da lexislatura e eu podo falarlle hoxe de Sasdónigas, *(A señora Presas Bergantiños amosa unhas fotografías.)* podemos falar do Iribio, ou podemos falar da última sentenza de Corme. Mire, en Sasdónigas quedou claro que a Xunta é parte conivente e activa nos procesos de fragmentación dos grandes proxectos eólicos que veñen a Galiza. No Iribio quedou claro que vostedes non auditaban que houbese declaracións de impacto ambiental acordes co tempo e coas necesidades do momento. E agora, nesta sentenza de Corme, pois vemos máis cousas, vemos máis evidencias, señor Conde. Eu quero sinalar tres nas que pon o foco esta sentenza. A primeira é que, evidentemente, as repotenciacións non son inocuas, son un recurso que nalgún caso pode beneficiar o territorio, pero teñen tamén un impacto que hai que avaliar e que hai que medir.

En segundo lugar, señor Conde, o que fai é poñer negro sobre branco o que levamos moito tempo denunciando, que é que vostedes traballan recortando prazos por riba do asumible, xa non só dende un punto de vista democrático e moral, senón que agora incluso demostrándose pola propia xustiza que atenta contra o dereito comunitario, que non hai argu-

CSV: BOPGDSPG-OKp0MFw64-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

mentos xurídicos —e, insisto, tampouco morais e de control democrático— para reducir prazos de 30 a 15 días en procedementos que están incardinados nun proceso de autorización dun parque eólico, que sabe vostede que ten unha media neste país de seis anos. Entón, a pregunta é: se nun proceso de seis anos nos interesa tanto quitar 15 días de participación pública, ¿non será porque o que queren é furtar espazo á cidadanía e que así non se saiba qué se está facendo? *(Aplausos.)*

En terceiro lugar, queriamos insistir en que tamén a sentenza fai mención —dunha forma, ademais, moi concreta— a eses procesos de tramitación múltiple e simultánea, que o que fan é furtar a moita veciñanza poder consultar en tempo e forma todos os informes para coñecer realmente cal é o alcance do problema, cal é o alcance do proxecto. E isto abunda no que xa sinalaba o Informe do Consello da Cultura Galega do pasado mes de decembro, que vostedes tampouco queren escoitar, que é en que non hai unha participación real pola cal a xente poida coñecer —propietarios, propietarias, afectados, etc.— de que estamos a falar e cales son as condicións dos proxectos que se van instalar.

En resumo, señor Conde, esta nova sentenza da repotenciación de Corme o que fai é poñer unha vez máis na picota a súa política eólica; é o que está facendo esta sentenza, e despois desta seguramente virán moitas máis.

Polo tanto, señor Conde, desde logo, o que está demostrando é que isto é a antítese do que debera ser un procedemento democrático, está demostrando que as denuncias de falta de transparencia dos colectivos, efectivamente, estaban acertadas. E isto, desde logo, nós pensamos que ten que ter consecuencias e ten que ter unha reacción por parte do Goberno galego que non sexa seguir batendo no peito e dicindo: que ben o facemos, imos seguir así. Porque iso é, desde logo, o contrario do que deberan facer.

E, mire, en primeiro lugar, nós pensamos que teñen que rectificar, que isto ten que levar a unha mudanza inmediata do marco legal; inmediata, cando menos, para garantir procesos amplos de exposición pública, que é o mínimo que vostedes teñen que empezar a facer. E iso, desde logo, entendemos que tería que ir acompañado, ademais, de vías de reforzo e das garantías para a veciñanza; cuestións que temos proposto, como unha oficina específica ao abeiro do Inega, cuestións como facer do Rexistro eólico galego un instrumento útil, etc.

Polo tanto, señor Conde, eu quería preguntarlle hoxe se asumen que o marco legal vixente ten que ser modificado neste sentido e ten que ser derrogado para impulsar un novo.

En segundo lugar, insistimos en que isto tamén ten que ter unha consecuencia no inmediato, porque hai moitos parques que están na situación similar ao que reflicte esta sentenza. Pero, ¿que acontece? En Corme, en Sasdónigas, no Iribio..., a xustiza chega tarde, chega cando o impacto e o dano están feitos.

Polo tanto, apelamos á súa responsabilidade, a que digan aquí abertamente que van facer: ¿van abrir prazos máis amplos de exposición pública? ¿Van facer algún tipo de paralización cautelar de proxectos que son susceptibles sen estar nas mesmas condicións? ¿Que van facer, señor Conde?

CSV: BOPGDSPG-OKp0MFw64-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

E, por último —e non por iso menos importante—, desde logo, sentenza tras sentenza, alguén terá que asumir algún tipo de responsabilidade política na Xunta de Galiza. Estes tres parques foron tramitados co extinto director xeral de Minas —algún día saberemos por que foi instado a abandonar o seu cargo—, pero, desde logo, esa responsabilidade non é suficiente. Alguén do seu departamento —quizais vostede mesmo— debera asumir algún tipo de responsabilidade, señor Conde. ¿Ou pensan seguir recibindo informes, sentenzas, argumentos de todo tipo de todas as partes e seguir como se nada, sen asumir ningunha responsabilidade política e sen facer ningún cambio?

Nós, desde logo, exixímoslle que asuman algunha responsabilidade, e, polo tanto, señor Conde, espero que na súa intervención o faga. Esperamos tamén que abandonen este despotismo eólico no que están instalados e que inicien a partir de hoxe unha rectificación, polo ben deste país, antes de que esta desfeita sexa tarde.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Moitas grazas, señora Presas.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Para dar resposta a esta interpelación, ten a palabra o vicepresidente segundo do Goberno, o señor Conde López.

O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN (Conde López): Moitas grazas, señora presidenta.

Señora Presas, eu estou encantado de que vostede traia permanentemente aquí as falacias do Bloque Nacionalista Galego cando quere falar do sector eólico, porque é unha oportunidade, simplemente, para que o Goberno poida trasladar con transparencia e con rigor cal é, efectivamente, a política que estamos a desenvolver.

Coma sempre, o Bloque Nacionalista Galego trata de facer interpretacións parciais das diferentes iniciativas que se desenvolven simplemente co ánimo de confundir e co ánimo —que é o único que busca o Bloque Nacionalista Galego— de bloquear o desenvolvemento dun sector, *(Murmurios.)* aínda que iso teña un custo de oportunidade en termos de emprego, en termos de riqueza e en termos tamén de futuro para o noso país.

Vostede fala permanentemente do modelo eólico do PP. Claro que temos un modelo; temos un modelo perfectamente coñecido, perfectamente garantista e perfectamente planificado para garantir que, efectivamente, o desenvolvemento sexa ordenado. Ata o de agora nós coñecemos o modelo eólico do Bloque Nacionalista Galego, porque non o mudaron, que eu saiba; se o mudaron, pois é bo coñecelo. Pero o seu modelo —recórdolle— puxérono en práctica no Bipartito, e recórdolle que lle anularon tres concursos, avalados polos tribunais. E recórdolle tamén que seguramente sexa a súa mellor folla de servizos. Seguramente que o Bloque ten mala conciencia —eu enténdoo— polo que quixo facer, pola desfeita que quixo desenvolver en Galicia no sector eólico. Recórdolle o que dicía o presidente da Xunta, Emilio

CSV: BOPGDSPG-OKp0MFw64-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pérez Touriño —leo—: «Fixeron un concurso eólico que non ofrecía garantías dende a óptica da ordenación do territorio, da sustentabilidade ambiental e da viabilidade económica dos proxectos que acompañaban as ofertas». Este é o mellor resumo do seu modelo. Polo tanto, señora Presas, lexitimidade do Bloque Nacionalista Galego para falar de eólico, ningunha. *(A señora Presas Bergantiños pronuncia palabras que non se perciben.)*

En calquera caso, sabe perfectamente vostede que é rotundamente falso que haxa ningún tipo de debate sobre as garantías ambientais e técnicas no desenvolvemento eólico en Galicia. Todos os proxectos que se chegan a autorizar contan —¡todos!— con declaracións de impacto ambiental favorable e contan con todos os informes sectoriais pertinentes. Intentar poñer isto en dúbida é simplemente un exercicio de demagoxia e de intentar confundir, que é ao que vostede vén aquí cada vez que quere falar do sector eólico.

Señora Presas, é rotundamente falso que estea a debate a seguridade xurídica dos proxectos que se tramitan. E recórdolle que o propio Tribunal Supremo ten ratificado en diferentes ocasións o marco legal do sector eólico en Galicia. Así que debería ser —creo—, honestamente, un pouco máis prudente, falar cun pouco máis de rigor nas súas afirmacións, evitar, dende logo, xerar medo coas interpretacións erróneas e mal intencionadas que vostede traslada neste Parlamento e tamén intentar mandar mensaxes equívocas aos propios investidores. Porque, señora Presas, os votos e a confianza da xente non se conseguen con manipulacións e mentiras permanentes, como fai o Bloque Nacionalista Galego.

En realidade, todos sabemos que vostedes só teñen un obxectivo, que é paralizar o desenvolvemento das renovables en Galicia. Nun contexto de descarbonización, onde temos todos o compromiso de chegar a cero emisións no ano 2050, onde hai un obxectivo claro, que é que o prezo eléctrico que teñen que asumir as familias e as industrias se poida ver reducido, vostedes simplemente están tendo unha posición negacionista e incoherente co noso país. Están vostedes boicoteando permanentemente todos e cada un dos proxectos; dálles igual, todos. Non hai un só proxecto que vostedes non intenten boicotear, independentemente de que iso teña un impacto en centos de empregos e en centos de ingresos, tamén para os concellos e para os propios propietarios dos terreos.

Lamentablemente, vemos como a política enerxética do goberno que vostedes están apoiando está supoñendo incrementos recorrentes no prezo eléctrico e, aínda así, non son capaces de facilitar e de axudar para que Galicia poida seguir desenvolvendo a enerxía renovable.

O que lamento é que manipule e que realmente non diga a verdade. Porque se vostede quixera desenvolver un diálogo minimamente rigoroso co Goberno sobre o sector eólico, seguramente tería que ter un pouco máis de prudencia coas súas afirmacións.

Fala de *boom* eólico da Xunta de Galicia. ¡Oia!, o Goberno, na aprobación do Real decreto 23/2020, estableceu un prazo que vostede sabe perfectamente que provocou que os diferentes promotores intentasen tramitar os proxectos aínda que non cumprían as garantías, e o Goberno, sabéndoo, admitiu a trámite proxectos que non cumpren coa Lei eólica de Galicia. A Xunta de Galicia denegou todos e cada un deses proxectos formalmente ante o Ministerio;

CSV: BOPGDSPG-OKp0MFw64-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

4.000 megavatios que teñen informe negativo da Xunta de Galicia. E fálame vostede de *boom* eólico. ¡Pero se temos informado negativamente eses parques! ¿Por que non di toda a verdade? O Bloque Nacionalista Galego sempre di unha parte da verdade, como se non houbera máis que a súa visión.

Fálame de fragmentación de parques. Señora Presas, ¿é que non ten coñecementos xurídicos ou non os quere trasladar aquí? A fragmentación de parques significa que o promotor fragmenta o parque para evitar a autorización ambiental integrada ordinaria. Recórdolle que en Galicia todos e cada un dos parques que se están tramitando están tramitándose pola declaración de impacto ambiental ordinaria. Non hai ningún tipo de posibilidade xurídica para falar de fragmentación, pero vostedes seguen.

Falan de evolución da tecnoloxía, e non apoiaron que, efectivamente, adaptásemos o Plan sectorial precisamente para garantir que as distancias poidan responder aos desenvolvementos tecnolóxicos que se están desenvolvendo no sector. Están permanentemente manipulando, están permanentemente dicindo falsas verdades, e, lamentablemente, están vostedes utilizando a boa fe da xente e, polo tanto, intentando enganar tamén a xente para que impida o desenvolvemento do sector eólico en Galicia.

Nós, señora Presas, imos seguir. O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia en ningún caso pon en dúbida as diferentes leis de axilización administrativa, igual que tampouco pon en dúbida a seguridade xurídica. Sabe perfectamente que nós demos resposta no trámite a todas as alegacións que se presentaron, e emitíronse todos os informes sectoriais no caso que está trasladando sobre a sentenza do Tribunal Superior.

Polo tanto, creo que aquí, señora Presas, o único que amosa un talante pouco democrático neste asunto é o seu grupo parlamentario, *(Risos.)* moi pouco democrático e moi pouco responsable con este país.

Lamentablemente, vostedes teñen un currículo, e eu entendo perfectamente que se avergoñen del, pero é o que é. Polo tanto, deberían de ser un pouco máis prudentes cando este goberno ten un plan sectorial eólico vixente que garante que nestes momentos o 77,5 % do territorio estea exento de eólicos no noso territorio por lei, e lamento que, polo tanto, se estean intentando poñer por parte do Bloque Nacionalista Galego en cuestión os criterios técnicos e ambientais cos cales se están aprobando os diferentes proxectos. É unha irresponsabilidade, é unha vocación negacionista do Bloque Nacionalista Galego e é simplemente intentar enganar a xente por motivos políticos. E iso creo que requiriría algún tipo de rectificación ou, cando menos, señora Presas, un pouco de rigor, porque estamos no Parlamento de Galicia.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Grazas, señor vicepresidente.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Para a quenda de réplica desta interpelación ten a palabra a señora Presas Bergantiños.

CSV: BOPGDSPG-OKp0MFw64-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, señora presidenta.

Ben, eu quería facer un breve repaso do que levamos visto nas dúas últimas horas sobre o autodenominado «goberno do rigor». Porque aquí falamos nunha pregunta ao conselleiro de Educación e nunha interpelación a vostede de dúas sentenzas, e un falounos de versións e vostede fala de falacias. Desde logo, señor Conde, os que deberían repasar un pouco as clases do rigor e da lectura son vostedes. *(Aplausos.)*

Miren, nós non nos cremos posuidores da verdade, nin sequera incluso ás veces consideramos que a propia xustiza sexa posuidora da verdade. Pero, desde logo, o que é evidente é que hai sentenzas absolutamente demoledoras sobre a política eólica do Partido Popular, señor Conde. Vostede é que non o quere ver.

Respecto da fragmentación. Di que de onde sacamos a fragmentación. Oian, que a sentenza de Sasdónigas di abertamente que vostedes foron coniventes coa fragmentación. *(Aplausos.)*

Di que as garantías ambientais están cumpridas. Sentenza do Iribio, que di que non, que pretendían coar vostedes unha declaración de impacto ambiental de máis de quince anos que non valía para nada. *(Aplausos.)*

E sentenzas como a de Corme dinnos cuestións como que non pode actuar respecto dun humidal, porque non está protexido e porque non o incluíu a Xunta de Galiza no seu rexistro de humidais, que leva anos e anos sen actualizar. *(Aplausos.)* Claro, é que se vostedes non amplían a Rede Natura, fan que a través da lei de depredación *bis*, a Rede Natura quede sometida ao desenvolvemento industrial, e por riba xa collen e din directamente: ¡ala, cargámonos as áreas de desenvolvemento eólico e vai ser área de desenvolvemento eólico a que diga o Consello da Xunta! Claro, así, con ese despotismo eólico, señor Conde, desde logo, estarán vostedes moi contentos. *(Aplausos.)*

En todo caso, esa sentenza di algo moi grave, que é que está contra dereito comunitario a lei de depredación de 2017 que vostedes aprobaron e, polo tanto, aínda que non afecta este proxecto, tamén a de 2021, que vai no mesmo sentido. ¿Que van facer vostedes? Como se nada; agora, despois de volverse case independentistas co Goberno central de Sánchez, van pedir vostedes a saída da Unión Europea. Pois, en fin, desde logo, rozan vostedes o surrealismo. *(Aplausos.)*

E miren, nós non xogamos a confundir a ninguén, ¡eh!, nós cremos na maioría de idade deste país e na intelixencia colectiva da xente, dos colectivos, da veciñanza, de todos os que están contestando esta política eólica, que constitúen unha maioría social que implica incluso a patronal por como están facendo vostedes a cousa, señor Conde.

E, desde logo, estamos moi orgullosos do noso currículo. De feito, canto máis vostedes se enrocan en criticar o concurso eólico do Bipartito —e suman máis adeptos pola bancada socialista—, máis orgullosos estamos, porque o tempo nos dá a razón de que ese proxecto era absolutamente revolucionario, atentaba contra os privilexios do *lobby* eléctrico *(Aplausos.)* e buscaba unha alternativa económica para que a produción deste país fose asociada a garan-

CSV: BOPGDSPG-OKp0MFw64-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

tías ambientais, a garantías de participación democrática e tamén a garantías de reinvestimento público e desenvolvemento.

Esa é a cuestión. E, mire, *ya que me habla usted del Bipartito*, pois se quere falamos doutra sentenza tamén. Deixeina alí no escano, pero podo pasarlla ao señor Santalices ou á señora Prado, na súa substitución. Falemos da sentenza que esta semana volve condenar a Xunta de Galicia a pagar outro millón de euros máis por ter derrotado ese concurso eólico do Bipartito. *(Aplausos.)* Van catro millóns de euros, máis de catro millóns de euros, señor Conde, que vostedes detraen ás arcas públicas deste país para financiar retroactivamente a súa campaña electoral tan sucia de 2009. Esa é a realidade. *(Aplausos.)*

En todo caso, ten vostede tamén outra oportunidade aquí para volver desculparse das acusacións que recorrentemente fan vostedes contra o señor Quintana e contra o señor Blanco. Ten outra oportunidade.

E, mire, xa que fala vostede tamén da cuestión do Estado —vese que estaba aí enfrascado nos papeis e non atendeu—, eu dígolle que dixen moi claramente que unha parte da responsabilidade está no Goberno central. Si, si, porque hai unha folla de ruta que é que Galiza é a pila de España, e seguimos lexislando para que iso sexa así. Claro que hai problemas que están vindo desde o Estado, pero hai un problema que vostedes non queren resolver e que xa veu aquí a debate, e é a falta de soberanía deste país, porque se os parques de máis de cincuenta megavatios dependen do Estado é polas leis eléctricas que aprobou o Partido Popular e porque non hai unha resposta desde Galiza para exixir que agora a planificación sectorial eólica teña que ser integramente de Galiza. *(Aplausos.)* Volveremos incluír ese punto na moción a ver se vostedes son capaces de aprobalo.

En todo caso, vou facer un breve recordatorio das mentiras que verteu aquí a señora Vázquez o día de onte dicindo que o Bloque Nacionalista votara a favor do Decreto 23/2020, que é absolutamente falso. Iso si que é falta de rigor e intentar enlamar para poder tapar as súas propias vergonzas. Déixolle aquí, se quere, o resultado das votacións.

Remato xa, señor Conde. Non hai por onde collelo. Non fixo vostede unha soa alusión a esta sentenza porque é demoledora. Supoño que teremos que vivir a vergonza que xa vivimos nas dúas anteriores e que vostedes recorrerán. En todo caso, o dano está feito, pero o precedente está aí. As advertencias do que non está funcionando e do que non ten garantías democráticas están aí. Polo tanto, vostedes o que deberían facer é rectificar, asumir responsabilidades, mudar o marco legal para que sexa garantista e tamén poñer garantías enriba da mesa para os proxectos que se están tramitando e que son susceptibles de atoparse na mesma situación, para que a xente, os colectivos, a veciñanza teñan a capacidade de coñecer de que se está falando e se teñen algo que alegar a eses proxectos.

Iso, señor Conde, é o que ten que facer. E aquí quen está facendo unha espantada absoluta das empresas é a Xunta de Galiza, con inseguridade, con proxectos a dedo...,

A señora PRESISENTA (Prado Cores): Ten que terminar, señora Presas.

CSV: BOPGDSPG-OKp0MFw64-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...e así vai o índice de produción industrial. que onte saían os datos, e, mentres o de Galiza cae, o de España avanza.

Polo tanto, señor Conde, son vostedes os principais inimigos do sector eólico, os principais inimigos do desenvolvemento económico deste país.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Grazas, señora Presas.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Para a quenda de réplica desta interpelación, ten a palabra o señor vicepresidente segundo da Xunta.

O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN (Conde López): Moitas grazas, señora presidenta.

Señora Presas, desenvolvemento económico do noso país... Deberían reunirse cos traballadores de Ence e explicarlles que significa para o Bloque Nacionalista Galego o desenvolvemento económico do noso país. *(Aplausos.)*

É curioso que cando queren facer referencia á normativa do sector eléctrico fagan referencia aos gobernos do Partido Popular. Eu recórdolle, señora Presas, con total cordialidade, que levan tres anos apoiando o actual Goberno e, polo tanto, son vostedes cómplices de todo o que está ocorrendo no sector eléctrico e no desenvolvemento do sector eólico en Galicia. Polo tanto, creo que debería ser máis prudente cando fala de normativas nacionais, porque, insisto, vostedes levan tres anos gobernando, apoiando a este goberno.

E fálame de intelixencia do noso país. ¡Home!, dáme oportunidade de falarlle do parque eólico da Boibela —seguramente o señor Rivas estará tamén moi interesado—. Sabe perfectamente que este parque se desenvolve en dous concellos da provincia de Lugo, no Incio e na Pobra de Brollón. ¡Que curioso!, que o Bloque Nacionalista Galego se dedicou a recoller firmas no concello do Incio, gobernado polo Partido Popular, para pedir a paralización cautelar deste proxecto, pero, ¡ah!, non se lles ocorreu pasar o linde e chegar á Pobra de Brollón para facer a mesma campaña, porque aí goberna o Bloque Nacionalista Galego. *(Aplausos.)*

Señora Presas, se quere falar de intelixencia colectiva, os galegos parvos non somos. Pero trasládolle a tranquilidade de que este parque, o parque de Boibela, xa está informado negativamente por parte da Xunta de Galicia, precisamente por incumprir o Plan do sector eólico de Galicia.

Mire, creo que non seguiu a miña intervención. Eu claro que lle falei da sentenza, que é o que motiva esta interpelación. Vostede empezou a falar doutras cousas distintas ao propio texto da interpelación, que é a estratexia que desenvolve, pero eu intento responderlle a todo o que me traslada, simplemente, con toda a cordialidade.

CSV: BOPGDSPG-OKp0MFw64-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Mire, a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, en primeiro lugar, non é en firme, e trasládolle que presentaremos un recurso de casación ante o Supremo porque entendemos con toda humildade que non houbo ningún tipo de indefensión por parte do recorrente. Con todo, a sentenza sabe que non cuestiona en ningún momento os criterios técnicos e os criterios ambientais que levaron a aprobar o proxecto, e tampouco cuestiona a Lei do sector eólico nin as sucesivas leis de axilización administrativa que se puxeron en marcha en Galicia. Se fose así, agradeceríalle que explicitase en que ámbitos da sentenza se poñen en cuestión tanto os criterios técnicos ambientais como as diferentes leis de axilización administrativa.

En calquera caso, nós seguimos impulsando o proxecto do sector eólico, e os proxectos sabe que se tramitan conforme a normativa. ¿Por que queren intentar enganar a xente? Hai un procedemento administrativo que se ten que cumprir. Os proxectos teñen que pasar por todos os informes sectoriais, que teñen que ser favorables, e ten que haber unha declaración de impacto ambiental aprobada; polo tanto, teñen que cumprir todos e cada un dos aspectos normativos. Hai unha lei galega do sector eólico, hai unha lei estatal de avaliación ambiental e, polo tanto, non sei por que insisten en poñer en dúbida que este goberno cumpre coa normativa; unha normativa que é totalmente transparente coa exposición pública da documentación. E sabe que nós dende a Xunta de Galicia non temos outro obxectivo que a transparencia. Temos unha rede de información provincial de proxectos eólicos que leva máis de medio cento de reunións cos concellos, temos unha guía divulgativa de tramitación dun proxecto eólico que se contrapón á súa guía para poder evitar que se desenvolvan os diferentes parques e temos, señora Presas, unha oficina de información a propietarios de terreos, precisamente para facilitar a orientación sobre a normativa aplicable e métodos e criterios de valoración. Polo tanto, total transparencia.

Onde nós somos garantistas dende o punto de vista do desenvolvemento eólico, eu lamento que vostedes, simplemente por un tema absolutamente ideolóxico, queiran evitar que Galicia se poida sumar á descarbonización da nosa economía, ao desenvolvemento das enerxías renovables e utilicen o sector eólico simplemente para gañar un puñado de votos.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Moitas grazas, señor vicepresidente.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Pasamos ao punto sexto da orde do día, de preguntas ao Goberno.

Pregunta de D. Juan Carlos Francisco Rivera e Dª Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre os prazos previstos pola Xunta de Galicia para sacar a licitación pública e de libre concorrencia o contrato de xestión da estación de esquí de Manzaneda

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Para formular a pregunta ten a palabra o señor Francisco Rivera.

CSV: BOPGDSPG-OKp0MFw64-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor FRANCISCO RIVERA: Bo día.

Grazas, presidenta.

Señor Rueda, eu traslado aquí con esta iniciativa unha preocupación que existe na comarca de Manzaneda e de Trives en relación co funcionamento da estación de montaña. A estación de montaña pertence á sociedade MEISA, na que a Xunta de Galicia ten a maioría das accións, conxuntamente coa Deputación. Unha preocupación que amosan non só os alcaldes senón os propios sindicatos de traballadores da propia estación e mesmamente os provedores e que ten que ver co funcionamento e coa xestión da propia estación; xestión que neste momento —como vostede sabe— foi adxudicada no ano 2020 a unha sociedade que se constituíra dez meses antes, cunha adxudicación a dedo, porque se desestimaron no concurso as propostas que plantexaran outras dúas empresas do sector, e unha xestión que, en definitiva, reproduce a mala xestión que se leva producindo nesa estación de montaña durante anos, porque previamente ao actual adxudicatario, o anterior, Oca Hotels, como vostede ben sabe, tampouco tivo moita fortuna na xestión desta estación.

É unha estación na que se leva investido moito diñeiro público ao longo dos últimos anos en forma de ampliacións de capital, tanto da Xunta de Galicia como da Deputación, e é unha estación onde nos anos 2019 e 2020 mesmamente se levan feito préstamos dende a Deputación por contías importantes. Amén das loitas polo control da sociedade que hai no consello de administración entre a propia Deputación e a Xunta de Galicia, que conlevaron algún preito xudicial con sentenza incluída, a nosa pregunta ten que ver co funcionamento e coa xestión da propia instalación, basicamente despois de que nos anos 2017, 2018 e 2019 se investisen 5,5 millóns de euros na instalación de 29 canóns de innivación, dous aparellos de fabricación de neve e dúas balsas de acumulación de auga para fabricar neve, cun obxectivo, segundo o proxecto de instalación destes 29 canóns: que en Manzaneda houbese neve cando menos durante 120 días ao ano.

O resultado, no ano 2020, é que a estación de montaña non abriu nin un só día para efectos de que os seus usuarios utilizasen as pistas de esquí; no ano 2021 abriu dous días, exactamente os días 16 e 17 de xaneiro; e no que vai do ano 2022 non abriu ningún día.

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Grazas, señor Francisco Rivera.

O señor FRANCISCO RIVERA: E a pregunta que lle fago é:...

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Moitas grazas, señor Francisco.

O señor FRANCISCO RIVERA: ...¿cando van sacar vostedes a licitación esta estación...

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Grazas, señor Francisco.

O señor FRANCISCO RIVERA: ...para que a xestione unha empresa solvente e competente?

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

CSV: BOPGDSPG-OKp0MFw64-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Para contestar a esta pregunta ten a palabra o vicepresidente primeiro da Xunta, o señor Rueda Valenzuela.

O señor VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señora presidenta.

Bos días, señor Rivera.

Bueno, comparto a súa preocupación, compartímola todos, e creo que hai preocupación nos empresarios e nos concellos, en todo o mundo, pola viabilidade da estación. Niso estamos traballando, non lle caiba ningunha dúbida, e isto é o que lle vou intentar contestar na pregunta.

Efectivamente, vostede isto xa o preguntou o ano pasado, e as circunstancias obxectivas non mudaron demasiado dende a resposta que lle deu a directora da Axencia de Turismo. É verdade que se seguiu traballando e que hai moi boas cifras dende que vostede fixo a pregunta, que supoño que non farán outra cousa que alegralo.

Supoño que vostede sabe que dentro desa intención de desestacionalizar a estación de Manzaneda —porque os dous estaremos de acordo en que, que neve ou non neve, non depende da Xunta de Galicia, polo menos por agora e, polo tanto, haberá que intentar buscar outras solucións—, hai que dicir que visitaron a estación sen neve entre quince e vinte mil persoas dende que se retomaron outra vez ese tipo de actividades; é dicir, estamos falando de seis meses. Polo tanto, no momento en que neve, estou seguro de que haberá moitísimas máis. Pero estaremos de acordo tamén —volvo dicirlle— en que pouco podemos facer para iso. *(O señor Francisco Rivera pronuncia palabras que non se perciben.)* Despois imos falar do tema dos canóns, non se preocupe. Pero, bueno, creo que unha cifra de quince a vinte mil persoas non está nada mal.

Di vostede que houbo un procedemento de licitación fallido. Bueno, o que se fixo foi cumprir a Lei de contratos. Supoño que tamén estará de acordo comigo en que hai que cumprir a Lei de contratos. E se os que licitan non cumpren as condicións, non se lles pode adxudicar. Por certo, procedemento de licitación que vén —que vostede tamén se referiu a iso, e supoño que tamén o sabe; non o di porque non lle interesa— dunha acción xudicial que vén da propia Xunta de Galicia dicindo que iso hai que sacalo a licitación. Polo tanto, dannos a razón xa na licitación. O procedemento é fallido con dous licitadores, e a Xunta de Galicia tiña a opción de cruzar os de brazos e mirar a ver que pasaba ou de buscar un xestor —que, por certo, presentou unha proposta máis vantaxosa que as dúas licitacións que despois resultaron fallidas— e poñer a estación a funcionar. E, polo tanto, iso foi o que fixemos, cunha vixencia inicial dun ano, prorrogable ata o 31 de decembro do ano 2022, como máximo.

Os concellos seguen formando parte —é certo que cunha capacidade menor— da sociedade MEISA e, polo tanto, están perfectamente informados. Eu estiven cando arrancou a tempada outra vez, no mes de xuño, e alí estaban; por tanto, todo o que quixeron preguntar e toda a información necesaria se lles está facilitando.

CSV: BOPGDSPG-OKp0MFw64-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Respecto da información que piden, eu creo que xa se lles contestou dende a Xunta de Galicia. Resúltame curioso —e teño que dicirllo— que a documentación, que non lla podemos aportar porque non a temos, xa se lle dixo exactamente onde tiña que ir collela; e, segundo, dinme que vostede non foi. Debe ser que ese esforzo non lle vale a pena e que, ao mellor, a pregunta ten máis de política que de interese.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Grazas, señor Rueda.

Para a quenda de réplica, ten a palabra o señor Francisco Rivera.

O señor FRANCISCO RIVERA: Efectivamente, non neva. Claro, pero os canóns instálanse para producir neve, para propulsar a neve a través duns aparellos; para iso se gastan 5,5 millóns de euros. O asunto é: ¿por que non se poñen en funcionamento eses canóns? E vostede non se pode escudar en que non é posible, porque tecnicamente era posible, xa que había as condicións de humidade e as condicións de temperatura que así o facilitaban. Por tanto, perdéronse días de actividade nesa estación, días onde a afluencia de público é moi importante e onde a actividade económica do conxunto da comarca se ve beneficiada.

Nós levamos pedindo, efectivamente, documentación, e a Xunta non facilita a documentación. Levámola pedindo aquí, no Parlamento de Galicia, e mesmamente na Deputación. O señor Baltar, que é o campión mundial de transparencia, non facilita absolutamente nada, e agora viámolo tamén pedindo exixencias sobre a repartición obxectiva dos fondos europeos. Ben, sería bo analizar o que di o Consello de Contas en relación con como se reparten os fondos da Deputación Provincial de Ourense.

Pero, indo á cuestión, señor conselleiro, o contrato foi adxudicado a dedo a unha sociedade que se constituíu dez meses antes, que non tiña experiencia ningunha no sector e que, efectivamente, non está cumprindo ningunha das expectativas ás que vostede, dun xeito propagandístico, sempre alude. É dicir, vostede cítame aquí 20.000 cidadáns que visitaron esta estación, e eu dígolle que hoxe hai un programa da Deputación basicamente para que os nenos vaian facer esquí á estación, pero non é posible. Setecentos nenos de Ourense vense imposibilitados de facelo como consecuencia de non pór en funcionamento os canóns de innivación, eses nos que vostedes gastaron 5,5 millóns de euros.

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Grazas, señor Francisco Rivera.

O señor FRANCISCO RIVERA: Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Moitas grazas.

Para a quenda de réplica, ten a palabra o señor Rueda Valenzuela.

O señor VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señora presidenta.

CSV: BOPGDSPG-OKp0MFw64-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Señor Rivera, entre as súas moitas habilidades está tamén a de ser experto en funcionamento de canóns de innivación, *(Risos.) (Aplausos.)* Polo tanto, eu rétoo. Ao mellor cre que os canóns —que están en perfecto estado de funcionamento— non se poñen en marcha por un capricho, porque á Xunta de Galicia e á Deputación, que están investindo na única estación invernal que existe en Galicia —ben ou mal ubicada, pero está alí—, non nos gusta que a xente vaia esquiar. Fastídianos, gústanos ter uns canóns alí, que poderían funcionar pero non funcionan, para que a xente se fastidie e para que vostede poida vir aquí ao Parlamento a botarmo a min en cara. Ese é o esquema que ten. *(Murmurios.)*

Entón eu invítoo a unha cousa. Vaia vostede alí e, xa que é experto en canóns de innivación, póñase diante dos canóns e póñaos vostede en marcha. Iso si, se non se produce neve, ten que asumir vostede todos os gastos e vir aquí ao Parlamento a dicir que, efectivamente, ao mellor non coñecía tanto de como funcionan estes sistemas como vostede di aquí. Porque, se non, é que non podo entender este empeño que ten vostede en dicir que non funcionan os canóns porque non nos dá a gana.

En canto se dean as condicións, non lle caiba ningunha dúbida de que se producirá neve. ¡Ogallá que as condicións climatolóxicas fagan posible que nin sequera fagan falta os canóns!, ou polo menos que contribúan a que eses canóns teñan un funcionamento extensivo porque a climatoloxía axuda. Pero, bueno, isto é o que me contan a min os expertos. Vostede, que é outro experto, cóntame que isto é todo un conto, e que os temos aí pero non os queremos poñer a funcionar. Eu, se lle parece ben, vou confiar máis nos expertos, que se dedican a iso sempre, exclusivamente. Porque vostede é parlamentario e experto en canóns de innivación mentres estes só son expertos en canóns de innivación *(Risos e murmurios.)* e dinnos que non é posible. Polo tanto, se lle parece ben, queda aí a invitación para que vaia vostede e os poña en funcionamento. E mandamos alí tamén os medios de comunicación e vemos se efectivamente vostede tiña a razón, porque o que está afirmando aquí é que isto é así. Mentres, imos seguir traballando.

Mire, vostedes empeñáronse en criminalizar unha empresa que, por procedemento negociado, é a adxudicataria, despois dun procedemento que resultou fallido. É especialidade de vostedes o de: «Non vaia ser que o faga ben, non vaia ser que funcione, imos criminalizar calquera cousa que poida funcionar ben para despois vivir das consecuencias de dicir que isto non funciona ben». Pero, mire, non debería xogar con algo tan importante como o único recurso turístico que existe nesa zona. Debería poñer en valor e falar ben de que sexamos capaces de desestacionalizar, de que fosen vinte mil persoas en seis meses nun ano turístico tan complicado como o pasado, de que se fixesen circuítos internacionais de sendeirismo, marchas cicloturistas, o raid de aventura Liga Española Woman Raid, maratón e media maratón de montaña, orientación, trail nocturno «Manzaneda Carreira das Estrelas», a volta ciclista feminina —moitos equipos que están volvendo facer as súas concentracións alí en Manzaneda—... Todo iso creo que lle vén ben a todo o mundo. Vostede di que non porque lle dá moita rabia que, sabendo arreglar eses canóns e poñelos en funcionamento, a Xunta non lle deixe. Ese é o conto que ten que contar por aí. Eu cóntolle o conto de intentar que un recurso turístico funcione como ten que funcionar.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

CSV: BOPGDSPG-OKp0MFw64-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor vicepresidente.

Pregunta de Dª Patricia Otero Rodríguez e D. Juan Carlos Francisco Rivera, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o funcionamento do transporte interurbano de viaxeiros por estrada na comarca do Eume

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta ten a palabra a señora Otero Rodríguez.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Bos días de novo, señorías.

Benvida, señora conselleira.

Permítame tamén que lles dea a benvida aos alcaldes de Pontedeume e Cabanas e tamén á tenente de alcalde de Miño, porque eles tamén queren coñecer hoxe cal é o posicionamento da Xunta de Galicia no relativo ás eivas e aos problemas que ten o transporte interurbano na súa comarca. E tamén queren coñecer se por parte da Xunta de Galicia se quere poñer remedio a este problema. Porque, señora conselleira, hoxe do que vimos aquí falar é do transporte interurbano da comarca do Eume. Ou máis ben, por puntualizar, do mal funcionamento do transporte interurbano nesta comarca.

E recórdolle, señora conselleira —porque é vostede bastante dada a botar balóns fóra e a escudarse nas competencias, como a meirande parte do Goberno galego—, que é competencia absoluta da Xunta de Galicia o transporte por estrada que se desenvolva exclusivamente no noso territorio. E este é o caso.

Dende hai aproximadamente un ano, dende que empezou a nova adxudicataria a prestar o servizo de transporte interurbano de viaxeiros por estrada nesta comarca do Eume, son numerosas as queixas dos usuarios e usuarias en relación con este servizo —hoxe traemos a comarca do Eume pero isto, señora conselleira, sabe que é en toda Galicia—. Son numerosas estas queixas debido aos atrasos, ás reducións de frecuencias e tamén de horarios, e, nomeadamente, en diversos servizos da liña que comunica Pontedeume coas cidades de Ferrol e A Coruña.

Dende o comezo da prestación destes servizos pola nova empresa adxudicataria, e tamén vendo estas eivas, por parte do Concello de Pontedeume foron numerosas as ocasións nas que se dirixiron á súa consellería para trasladarlle a necesidade de que se adoptasen as medidas necesarias para o correcto funcionamento deste servizo, ao ter, como digo, detectadas numerosas deficiencias. Nunha auditoría propia realizada pola súa consellería e trasladada ao Concello de Pontedeume recollíase a proposta de reforzar servizos e frecuencias nun 11 %. Pero lonxe desta mellora, a Xunta de Galicia —sen previo aviso— procedeu na semana do 10 de xaneiro deste ano á supresión de varias liñas deste servizo. Houbo escolares que chegaron tarde ás súas clases, escolares que chegaron a quedar máis de media hora sós nas súas paradas esperando que este transporte os viñese recoller. Vostede ten que ser coñecedora de todo isto pero o que pasa é que non pon ningún remedio para solucionar esta situación.

CSV: BOPGDSPG-OKp0MFw64-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

É certo que este prego xa naceu coxo porque non recollía as realidades e as necesidades da propia comarca. E nós hoxe ao que a instamos é a que lle poña remedio á situación destes usuarios na comarca do Eume. ¿Vaino facer a Xunta de Galicia? *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Otero.

Ten a palabra a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, a señora Vázquez Mourelle.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Grazas, señoría.

Eu agradezo que traia a súa preocupación de mellorar a mobilidade en Ferrolterra e O Eume. A min o que me sorprende é que non estea dentro das súas preocupacións a mellora dos servizos ferroviarios, servizos ferroviarios que, dende logo, son o gran problema estrutural de Ferrolterra e O Eume. Polo tanto, lamento que non sexa unha das súas preocupacións, se quere falar de mobilidade, o tren en Ferrolterra e no Eume. Non se preocupe, que imos falar do autobús e dos servizos de autobús, pero, en calquera caso, se vostede fose xusta e ecuánime debería recoñecer o esforzo realmente importante e sen precedentes que estamos a facer e que fixemos polo transporte público.

Dende a Xunta de Galicia fixemos e seguimos facendo unha aposta que non parou. Non paramos de traballar, non paramos de reforzar servizos, e, sobre todo, ademais, entre A Coruña e Ferrol —con servizos directos e impulsando continuas melloras e continuos reforzos de servizos—. O transporte público en Galicia gañou calidade, gañou en utilidade, dende logo, e tamén en prezos homoxéneos e asequibles, unificando bonos e universalizando a tarxeta Xente Nova para que todos os mozos galegos poidan utilizar o transporte da Xunta de Galicia de xeito gratuíto. No autobús urbano onde goberna o Partido Socialista, como Vigo ou Santiago, ¿por que non poñen a tarxeta Xente Nova? Non apostan pola mobilidade. Non lles digo en Ferrol, porque en Ferrol, no transporte urbano, o Partido Socialista non foi capaz de poñer nin un bus, ¡nin unha liña!, ¡nin unha parada!, ¡nin unha pantalla! ¡E vénme falar vostede de mobilidade e do autobús! No concello de Ferrol, do Partido Socialista, foi a Xunta de Galicia quen tivo que saír ao rescate para que Ferrol teña bus urbano e ademais os mozos de Ferrol teñan a tarxeta Xente Nova. E son máis de once mil mozos os que teñen a Xente Nova no concello de Ferrol.

E nós seguimos traballando e traballando polas vantaxes do transporte público a pesar de que o Concello de Ferrol bote balóns fóra no transporte urbano. Gustaríanos máis implicación no momento oportuno, que é o momento en que planificamos os servizos e se someten a información pública. Vostedes aí non fixeron alegacións. Pero no momento da información pública e cando se planifican os servizos sería importante facer propostas construtivas, iniciativas construtivas e implicación construtiva, tanto polos concellos como polo resto da sociedade. Porque o momento oportuno e acaído é o momento da planificación.

Eu creo que funcionan razoablemente ben —todo é mellorable—. Hai un portal único que é «bus.gal». Eu pido achegas construtivas. E, dende logo, no momento da planificación é o momento, non agora —cando están implantados xa dende hai tempo— cunha explosión da

CSV: BOPGDSPG-OKp0MFw64-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

creatividade dende logo espectacular, de repente e creo que incluso politizada. Nós seguimos a traballar pola mellora dos servizos do transporte público en Galicia, non o dubide.

Pola miña parte, nada máis. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora conselleira.

Para a réplica ten a palabra a señora Otero Rodríguez.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Señora conselleira, a verdade é que vostede tamén é moi, moi previsible.

Eu faláballe —imos centrar a pregunta— de transporte interurbano na comarca do Eume. A competencia é da Xunta de Galicia. E vostede fálame do transporte urbano e dos servizos ferroviarios.

Pero, mire, señora conselleira, é que hoxe vostede perdeu unha ocasión de ouro de trasladarlles aos representantes políticos, pero tamén á veciñanza da comarca do Eume, que vostede é coñecedora dos problemas que hai neste transporte interurbano, que vostede é sensible aos problemas cos que se atoparon os veciños e as veciñas e, nomeadamente, os escolares —que lle repito que quedaron trinta minutos esperando sós na parada a que viñese o transporte interurbano recollelos—. Entón, señora conselleira, ¿vostede que fai? *(Aplausos.)* Vostede ten as competencias.

Claro, eu xa dicía que son moi expertos vostedes en escudarse nas competencias. Deixoumo clarísimo coa súa intervención. Ademais, vostede sabe coma min que non lles deron tempo aos concellos a presentar alegacións. ¡Un día hábil, e mandárono en pleno Nadal, en pleno Nadal, cun día hábil en total para presentar alegacións!

Mire, señora conselleira, a veciñanza eumesa, así como os concellos da bisbarra, piden unha solución inmediata a estes problemas, piden restituír as liñas suprimidas, piden o incremento dos servizos e que se cubran así as necesidades da cidadanía da comarca, tal e como se acordara nos últimos meses. Son necesarias moitas melloras, como recuperar eses servizos que se ofrecían anteriormente, aumentar as frecuencias, a gratuidade deste servizo para os estudantes, información veraz sobre os horarios —porque non a hai, señora conselleira—.

Eu repítollo: se vostede é coñecedora de todos estes problemas —porque ten que selo, porque é a responsable da consellería competente na materia—, sexa un pouco sensible con esta veciñanza e, por favor, déalles unha solución aos problemas que están a vivir.

Pola miña parte, nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Otero.

Para a réplica do Goberno ten a palabra a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, a señora Vázquez Mourelle.

CSV: BOPGDSPG-OKp0MFw64-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

Ben, eu voulle ler un escrito que nos chegou recentemente do Concello de Pontedeume, do alcalde: «Dende o Concello de Pontedeume valoramos moi positivamente a proposta final de reordenación das necesidades de mobilidade co aumento do 11 % do número de expedicións, sendo un 35 % directas.» *(A señora Otero Rodríguez pronuncia palabras que non se perciben.)* Polo tanto, vemos unha valoración positiva das melloras que vimos realizando no mes de xaneiro *(Aplausos.)* e que vostede non coñece en absoluto estas melloras que realizamos durante este mes.

E pídeme restituír o anterior. *(A señora Vázquez Mourelle amósalle á Cámara un documento)* Non sei se sabe que anteriormente había contratos privados de usuarios con Arriba, con 140 euros ao mes, que pagaban a Arriba —contratos privados—. No día de hoxe hai servizos por moito menos prezo. Vostede estame pedindo isto, que se recuperen liñas privadas con contratos privados pagando 150 euros. Ao mellor, claro, é que non coñece vostede a realidade do transporte público anterior; polo tanto, non sei se me está pedindo iso. Entendo que si. Nós apostamos por outra liña de traballo que mellore o transporte público. Se lles fixese caso, as liñas de autobús seguirían nos anos cincuenta e, como a preocupación polo tren xa desapareceu, tamén o ferrocarril no século XIX.

É incuestionable a aposta da Xunta de Galicia polo transporte público interurbano. Eu non veño aquí botar balóns fóra. Estamos traballando polo transporte interurbano, que é a nosa competencia, e veño aquí darlle explicacións. E levo dándolle explicacións permanentemente. Porque fomos nós quen melloramos o transporte público interurbano en Galicia, con determinación, con diálogo, incrementando e reforzando os servizos, planificando e con consenso. Reforzamos servizos e falamos cos alcaldes. Tivemos xuntanzas cos alcaldes e informámolos. Nós non modificamos nin unha soa parada, por mínima que fose, sen informar os concellos e os usuarios.

Vólvolle dicir que se conecte á plataforma bus.gal. Non debe saber que hai información en dixital e actualizada na páxina web bus.gal. Fixemos 1.600 enquisas e atendemos os concellos. E gustaríame que fosen propostas concretas e construtivas.

Mire, o 10 de xaneiro —que vostede non o sabe— incrementamos 55 expedicións á semana directas A Coruña-Ferrol. O 24 de xaneiro, moitísimas melloras: nova liña Pontedeume-Miño-Betanzos ás 15.25; no concello de Cabanas, que pediu tamén unha modificación, implantámola o 24; a liña Pontedeume-Monfero; a liña Pontedeume-Miño-Betanzos ás 14.20; estendemos ata Miño o servizo a Ferrol ás 15.30 etc. Non queda ningunha petición sen analizar. Vostede non as coñece. E ademais seguiremos. Tamén modificaremos —e neste mesmo mes a aplicaremos— a hora, á seis e media da mañá, para que saia desde Ferrol.

A vosa proposta de mobilidade son peaxes en autovías e nada de mellora da mobilidade. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora conselleira.

CSV: BOPGDSPG-OKp0MFw64-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pasamos á seguinte pregunta ao Goberno.

Pregunta de Borja Verea Fraiz e nove deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a opinión do Goberno galego respecto das consecuencias de que as desgravacións fiscais aos patrocinadores do Xacobeo non se estendan ata o 31 de decembro de 2023

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular esta pregunta ten a palabra o señor Verea Fraiz.

O señor VEREA FRAIZ: Grazas, presidente.

Vicepresidente, volvemos traer novamente ao Pleno unha cuestión que deriva dunha desas decisións incomprensibles do Partido Socialista en Madrid; polo tanto, estamos ante unha anomalía política como é a non ampliación ou prórroga dos incentivos fiscais. A lóxica no momento en que se prorroga o Ano Santo, como digo, sería que se prorrogasen automaticamente as desgravacións fiscais. Pois esta expectativa racional non ocorreu, máis ben todo o contrario. E o que podería parecer desgana, desleixo ou un bloqueo administrativo, confirmouse que era un acto político voluntario, un acto político expreso de non querer prorrogar estes incentivos fiscais. Así quedou demostrado no Senado hai unhas semanas, cando o Partido Socialista —insisto— de xeito directo, de xeito expreso, votou en contra da ampliación destes incentivos. E, o que é máis grave, senadores galegos do Partido Socialista votaron en contra da prórroga destes incentivos fiscais.

Non cabe dúbida de que o mecenado no Xacobeo é fundamental. A participación do tecido económico xera un proxecto moito máis colectivo, moito máis plural, moito máis rico e, ao mesmo tempo, o Xacobeo sería un proxecto de país, e é un proxecto de país, moito máis solvente con esta colaboración público-privada. E isto non son só palabras, aí están as cifras —que son cifras xa coñecidas— deses vinte millóns de euros que aportaron as empresas para o tecido económico galego para este Xacobeo. Nós queremos que sigan insistindo e que sigan participando as empresas, e querendo participar, no Xacobeo. Aínda hai posibilidade, evidentemente non nos orzamentos xerais do Estado pero si nos textos lexislativos que se están a tramitar nas Cortes Xerais.

Polo tanto, o que lle pregunta este grupo parlamentario ao Goberno da Xunta de Galicia é cal é o seu posicionamento despois de que hai quince días o Parlamento de Galicia por unanimidade aprobase a ampliación destes incentivos fiscais e, sen embargo, hai unhas semanas no Senado se votase en contra.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Verea.

Ten a palabra o vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo, señor Rueda Valenzuela.

O señor VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

CSV: BOPGDSPG-OKp0MFw64-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pois efectivamente, señor Verea, «incomprensible» é a palabra. Nós ao Goberno central pedímosllo —vamos, intentamos pedirllo e dixo que nin de broma—. Iamos pedirllo cando vimos que a Semana Cultural de Barcelona, unha semana e en Barcelona, recibía vinte millóns de euros de atribución directa. ¡Home!, o Xacobeo, que é como mínimo para toda España e dura dous anos, algunha transferencia directa podería ter, e dixéronnos que non, implantexable.

Ben, pois xa que non podía ser —incomprensible—, habería que ir, polo menos, a desgravacións fiscais. Xa que tivemos a enorme sorte de ter un ano máis de Xacobeo, pois tratábase de que as desgravacións fiscais simplemente se prorrogasen o mesmo tempo que ía durar o Xacobeo. ¡Se non estabamos pedindo nada diferente! Non era que o Xacobeo só fose un ano e quixésemos máis desgravacións, non, o Xacobeo son dous anos e, polo tanto, que se estenda o tempo que dure o Xacobeo.

Levamos tempo pedíndoo. Pediuse no mes de marzo do ano pasado. Aprobouse aquí no Parlamento de Galicia nunha proposición. Hai que agradecerlle ao Bloque Nacionalista Galego que votase a favor. O Partido Socialista de Galicia debía de ter medo naquel momento, como en tantas cousas, a que lle tirasen das orellas a nivel nacional e abstívose. Dáballe igual que si ou que non.

Ben, nós trasladámoslle esta proposta aprobada no Parlamento a todo o mundo que tiña que coñecela: ao presidente do Goberno, á vicepresidenta Calviño ou á ministra de Industria. Eu en todas as conferencias sectoriais nas que tiven ocasión de participar intentei reiteralo con insistencia. Algo conseguimos na Comisión de Facenda e Función Pública no Congreso dos Deputados: por iniciativa do Grupo Popular votouse a favor de que se introducise nos orzamentos do Estado esta prórroga da vixencia. Naquel momento, os socialistas estatais, que son un pouco máis valentes ou que lles gusta máis o Xacobeo que aos socialistas galegos, alí votaron a favor. Tamén é certo que despois no Senado tamén lles deberon tirar das orellas e votaron en contra.

Ben, pois así seguimos. Volveu vir ao Parlamento, esta vez déronse conta no Grupo Socialista de que non tiña ningún sentido non estar a favor de que se prorroguen os beneficios fiscais e tamén votaron a favor de que se prorroguen.

Imos seguir loitando, sen ningunha dúbida. Mire, non ten ningún sentido que, por exemplo, o bicentenario da Policía Nacional, que é no 2024, do 2022 ao 2025; Ano de Investigación Santiago Ramón y Cajal, do 2022 ao 2025; Ano Jubilar Lebaniego, do 2022 ao 2025, e 200 Aniversario do Paseo de Gracia de Barcelona, reconstrución da piscina histórico-cuberta de saltos do Club Natació de Barcelona, tres anos de prórrogas fiscais. O Xacobeo exactamente o que dura, nin un día máis. ¡Non fora ser que houbera algún tipo de simpatía cara a un acontecemento que, evidentemente, lle vén moi ben a Galicia! Efectivamente, vostede dicía 21 millóns, 33 patrocinadores; é que é un sistema que ademais lle sae barato ao Estado.

¿Cal é a razón de que nos digan que non? ¿Cal é a razón de que por unha vez esa especie de fobia de dicir que a todo o mundo e a calquera tipo de acontecemento, e que nos parece moi ben, si, e ao Xacobeo non? Como vai haber unha emenda no Congreso agora veremos se esta vontade manifesta de aquí se mantén.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor vicepresidente.

CSV: BOPGDSPG-OKp0MFw64-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO (Rueda Valenzuela): Falaremos máis na réplica.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Para a réplica ten a palabra o señor Verea Fraiz.

O señor VEREA FRAIZ: Grazas, presidente.

Como dicía, vicepresidente, pois os antecedentes do Partido Socialista nesta cuestión son —sendo xenerosos— erráticos, pois en marzo unha abstención, en setembro voto a favor, no Nadal voto en contra, hai unhas semanas voto a favor. Polo tanto, a credibilidade e a expectativa de que isto se poida solucionar cando menos está sendo unha dúbida.

E a isto ademais podemos sumarlle tamén os antecedentes de apoio ao que é o Ano Santo, ao que é o Ano Xacobeo. Xa repetimos en numerosas ocasións esa falta de financiamento directo, como si están tendo outros eventos culturais de menor entidade. E cuestións máis concretas, como pedimentos expresos por parte da Administración autonómica, como é o arranxo dos puntos negros por todos os camiños de Santiago, o reforzo das forzas de seguridade do Estado. Cuestións formais, pero que tamén teñen a súa importancia, como cando levaron fóra de Galicia a presentación dese Plan Xacobeo.

Como digo: uns antecedentes erráticos. Polo tanto, a cuestión que si lle gustaría coñecer a este grupo parlamentario é: ¿cales serían as consecuencias, cales serían os efectos de que non conseguiramos esa ampliación dos incentivos fiscais e das desgravacións para o Xacobeo?

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Verea.

Para a réplica do Goberno ten a palabra o vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo.

O señor VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Verea, erráticos non. A verdade é que, salvo o da última hora, sempre tiveron moi claro que non había que apoiar aquí no Parlamento de Galicia por parte do Grupo Socialista as peticións de ampliación das asociacións. Máis ben vergoñento. Eu teño falado con algún representante do Partido Socialista, e cando lle preguntas non che saben dicir cal é a razón, é que non... Eu enténdoo, non teñen unha explicación.

Un empresario galego ou unha empresa galega se quere patrocinar o Xacobeo non vai poder porque acaba xa, ata o 30 de setembro deste ano. É dicir, incluso —xa non digo ao ano seguinte— o mesmo Ano Xacobeo, os últimos tres meses non se pode facer nada con cargo a

CSV: BOPGDSPG-OKp0MFw64-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

patrocinio. Iso tamén hai que contarllo a moita xente que vén pedir o apoio do Xacobeo. Iso si, se esa empresa galega ou non galega quere patrocinar o Ano Lebaniego, vai ter dous anos máis, ou quere patrocinar o 200 aniversario da piscina de saltos do Club de Natació de Barcelona, vai tres anos máis. A nós acábasenos xusto antes de que acabe o Xacobeo.

Que non sei que dicir... Máis que outra cousa, aproveito para deixalo dito aquí e que conste en acta, e volver pedir o apoio dos tres grupos. Estou seguro de que vou ter o grupo maioritario. O Bloque nisto ata o de agora foi tamén bastante consecuente. E eu pídolle ao Grupo Socialista que fale co seu goberno e que diga que esa emenda, que está agora mesmo tramitándose, que leve incluída, entre outras cousas, a prórroga ata finais do ano que vén dos beneficios fiscais para aqueles que queiran patrocinar o Xacobeo, que se aprobe. Iso vai ser unha boa mostra de se rectifican todo ata o de agora. Evidentemente, o que fixeron ata o de agora non se pode borrar, aí está.

A min gustaríame que puideran dicir que ao final fixeron entrar en razón o seu goberno e que foron capaces de explicarlle que é moi difícil que vostedes poidan defender en Galicia que a todo o mundo se lle dean estas axudas en forma de prórrogas das exencións, e que aquí se nos diga que non ao acontecemento turístico nacional declarado polo seu propio goberno. Que o mires como o mires non ten outra explicación que pensar que se pode sacar algún tipo de vantaxe política de que algo que beneficie a todo o mundo poida saír ben, e vostedes están empeñados en que non poidamos aproveitar as vantaxes ou polo menos poñérnolo difícil. Non hai outra solución, e non creo que teñan outra explicación, pero teñen unha enorme oportunidade.

Pero con feitos, mire: hai uns días saíu un anuncio da secretaria de Estado de Turismo que dicía que a Galicia lle deran en fondos Next Generation 60 millóns, un mapa que falaba de toda España, e a nós 60 millóns. ¡Nin un euro no día de hoxe! Nada de nada de nada, está ingresado cero.

Polo tanto, deixémonos de bromas e empecemos a falar en serio do que lle importa moito a Galicia e aquí teñen unha oportunidade. Estamos moi expectantes e agradecémoslles moito que despois de facer un papelón respecto a este tema durante estes meses agora teñen a oportunidade de emendarse e de facerlle un favor a Galicia.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor vicepresidente.

Pasamos á seguinte pregunta.

Pregunta de D. Julio Torrado Quintela e tres deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a actuación do Goberno galego para repoñer a totalidade dos profesionais de atención primaria que teñen asignados o Centro de Saúde e o PAC de Vilalba

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta ten a palabra a señora Otero Rodríguez.

CSV: BOPGDSPG-OKp0MFw64-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Benvido, conselleiro.

Hoxe do que imos falar é da situación que está a atravesar a atención primaria en Vilalba. Pero a verdade é que hoxe poñemos Vilalba pero podiamos falar —por falar só da miña provincia— das situacións que se están a vivir en Burela, na Pontenova, ou a situación caótica que están a vivir, por exemplo, no Centro de Saúde de Viveiro.

Centrándonos en Vilalba, a verdade é que o caso de Vilalba e a súa contorna da Terra Chá é paradigmático da situación que se está a vivir na atención primaria. Existen problemas tanto no centro de saúde da localidade como no PAC que dá servizo a este concello, a Vilalba, ademais de a Abadín, Cospeito, Muras e Xermade.

Vilalba, con máis de catorce mil habitantes, conta con once cupos de profesionais facultativos de Medicina de Familia e Comunitaria, dos que soamente están sendo cubertos oito. Polo tanto, no papel, once cupos de profesionais, na realidade, oito cupos de profesionais. E estes profesionais que están a prestar servizo teñen que redistribuírse entre eles o cupo de pacientes, o que sitúa a ratio real —non a de papel— en máis de mil setecentos pacientes por profesional. Isto provoca un aumento da carga asistencial entre os profesionais, que teñen que asumir xornadas máis longas ou concentracións de asistencias no mesmo espazo de tempo.

A maiores desta situación non resolta, o cupo dos profesionais de Pediatría está sendo cuberto por profesionais de Familia e Comunitaria, e a atención especializada que existía anteriormente estase a perder, e falo de Oftalmoloxía ou Reumatoloxía.

En Xermade, o concello veciño, ocorre unha situación semellante, pois dos tres cupos existentes ata non hai moito tempo agora a asistencia sanitaria da atención primaria está cuberta só por un profesional variable e que non está fixado ao centro de saúde. O PAC que atende estes concellos citados sofre tamén a dificultade dunha xestión incompleta que dende a área sanitaria non conseguen dar cobertura do persoal que o centro precisa. Este escenario deixa con dificultades de cobertura a unha poboación de case vinte e cinco mil persoas, de aproximadamente mil oitocentas en idade pediátrica.

Polo tanto, vostedes que tanto falan de que fan apostas por fixar poboación nas contornas máis rurais, vemos que precisamente optan por todo o contrario. Nós preguntámoslles se van adoptar algunha medida para solventar o problema da atención primaria en Vilalba. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Otero.

Ten a palabra o conselleiro de Sanidade, o señor García Comesaña.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Boa tarde, presidente.

Señorías.

CSV: BOPGDSPG-OKp0MFw64-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Señora Otero, está claro que podemos entrar no detalle de cada un dos centros de saúde en Galicia, pero a resposta non diferiría moito. Hai unha realidade clara que afecta a atención primaria e que lle repetirei as veces que faga falta: non hai médicos especialistas de Atención Familiar e Comunitaria. Faltan médicos aquí e faltan en todas as comunidades autónomas. O recurso do Goberno do Estado de recorrer aos contratos dos médicos xubilados en todo o Estado é unha mostra máis, se lle serve, de que iso é un problema —repito— a nivel de todo o Estado.

Mentres este problema non se resolva, nós, por suposto, debemos tomar medidas, e así o facemos, como a implantación das axendas de calidade; o apoio dos farmacéuticos na renovación de receitas; a ferramenta do CRM 100; os plans locais de saúde —que, por certo, Vilalba é un dos centros que está a desenvolver un plan local de saúde—; o SIDE, unha ferramenta que foi presentada na mesa sectorial e con boa aceptación, e que tamén se vai implantar neste centro de saúde, porque é onde está o plan local de saúde.

Ademais, todas as medidas que a Xunta de Galicia tomou nestes momentos e nestes últimos anos para aliviar o traballo da primaria. Por exemplo, sacar da atención primaria as probas, neste caso as PCR cos covidautos; sacar da primaria todos os cribados de poboación e a vacinación, ou os acordos coas farmacias para diminuír a carga asistencial nos centros de saúde, e máis recentemente ese formulario de autodeclaración ou a tramitación automática das baixas e altas directamente.

Ademais, dentro das nosas competencias autonómicas, temos posto en marcha o contrato de continuidade para favorecer esas coberturas cando faltan médicos; as 331 prazas do Plan de atención primaria; as 109 prazas no orzamento deste ano, o máis alto en capítulo I e en Atención Primaria, para incorporar enfermeiros e farmacéuticos neste caso, e máis recentemente na Lei de medidas eses técnicos de saúde con máis de cento cincuenta escritos ou esa primeira convocatoria de especialistas en Medicina Familiar e Comunitaria por concurso de mérito, esas 106 prazas, exactamente as mesmas dos MIR que rematan este ano a súa formación en Galicia.

A sección de Vilalba —como dicía— non se escapa á realidade da atención primaria española e para resolver as cuestións coma esta dende a Xunta dende logo poñemos todo o que está na nosa man para avanzar cara a unha primaria máis renovada e cada vez mellor dotada.

Nada máis. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Para a réplica ten a palabra a señora Otero Rodríguez.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Pois ben o propio conselleiro na súa resposta recoñecía porque me dicía que podiamos hoxe falar do Centro de Saúde de Vilalba, pero que podiamos falar de calquera outro centro de saúde de Galicia. Porque iso é que hai un problema estrutural, unha falla de xestión por parte da Xunta de Galicia para cubrir estes servizos de atención primaria.

CSV: BOPGDSPG-OKp0MFw64-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Eu pregúntome, señor conselleiro, porque sempre nos di que non hai médicos, se algo terá que ver a xestión da Xunta de Galicia en que non haxa estes profesionais, porque, ao mellor, algo ten que ver coas condicións laborais dos profesionais sanitarios, porque Galicia ten das peores condicións laborais de España, e así é imposible facer atractivo que eles veñan prestar os seus servizos á nosa comunidade autónoma. Ou, ao mellor, tamén ten que ver como que Galicia renunciou durante moitos anos, dende que goberna Feijóo, a formar 151 médicos de primaria. Ao mellor, algo ten que ver isto, señor conselleiro. Ou sexa, esas prazas MIR que poderían ter convocado, que non o fixeron, e o máis grave, tampouco explicaron por que non o fixeron.

Agora é todo botar balóns e culpa ao Goberno de España, e agora é dicir que o problema é o mesmo que temos en toda España. Non, mire, señor conselleiro: hai unha falla total de xestión, hai unha incapacidade de xestión total por parte do Sergas, e non son quen de cubrir estas baixas, de cubrir estas vacacións, de cubrir os días libres, e todo é dicir «non». Estamos traballando niso pero que a verdade é que os usuarios destes servizos, os usuarios de atención primaria ven como cada vez teñen unha peor atención, a pesar do grande esforzo dos profesionais, que poñen todo o que poden e máis en dar o mellor servizo.

Por iso hoxe eu pregúntolle sobre cando teñen pensado en pasar deses cupos profesionais no papel que hai no Centro de Saúde de Vilalba a eses cupos profesionais reais.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Otero.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Pola miña parte, nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Para a réplica do Goberno ten a palabra o señor García Comesaña.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Moitas grazas, presidente.

Señora Otero, se o problema fora de xestión da Xunta de Galicia sería o problema na Xunta de Galicia, e como acabo de dicirlle, e pode vostede constatar por múltiples fontes, o problema é en todo o Estado. Ou a ver se a culpa da Xunta de Galicia tamén repercute en Asturias, en Andalucía, en Cataluña, no País Vasco. Ben, non quere ver a realidade.

Nós pola nosa banda traballamos todo o que podemos. Por suposto, acabo de relatar as medidas no noso ámbito e en todo o que podemos ter traballado —repito— para descargar a atención primaria neste momento, e voulle falar de xeito concreto do PAC de Vilalba. Mire: non hai nin agora nin houbo en todo este período ultimamente nin unha soa vacante nin prazas sen cubrir no PAC de Vilalba. Polo tanto, non sei onde está o problema do PAC de Vilalba.

Saben ademais que esa é a nosa prioridade. Todos os nosos recursos de médicos de familia, os poucos que hai, dedicámolos fundamentalmente a cubrir a atención urxente.

CSV: BOPGDSPG-OKp0MFw64-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Respecto do centro de saúde, esa atención primaria ordinaria, —como vostede ben di— na quenda da mañá hai nove facultativos, dos que un está sen cubrir pola xubilación dun facultativo recentemente, e no de tarde de dúas prazas hai unha cuberta e outra sen cubrir. Para estes dous cupos que faltan de xeito estrutural, o Servizo Galego de Saúde, igual que o resto dos servizos de saúde de toda España, utiliza dúas fórmulas: a intersubstitución e a prolongación de xornada. Estas dúas modalidades, retribuídas por suposto, utilizáronse e utilízanse no Centro de Saúde de Vilalba para cubrir estes dous ocos.

Vostede fala da ratio. Pois creo que ten un pequeno erro. Se descontamos os facultativos, eses dous que non están e unha terceira IT que hai nestes días, a ratio en Vilalba é de 1.562. Gustaríanos que fora menos, que estivera na media de toda Galicia, que está en 1.250. Pero aquí quero agradecer especialmente o traballo que están a facer todos os traballadores e traballadoras dese centro de saúde, tanto na súa parte ordinaria como na parte de PAC. Non só estes días senón —insisto— ao longo de toda a pandemia.

E voulle dar un dato que creo que é definitivo: hoxe mesmo en todos os cupos dese centro de saúde, para unha cita de atención sanitaria a demora é de menos de dous días; dous días de demora nese centro de saúde. De feito, todos teñen ocos dispoñibles para o mesmo día, excepto un, no que a cita sae para o día seguinte. ¿A vostede parécelle que esa é unha situación especialmente grave neste centro de saúde? Gustaríanos que tiveran todos os recursos, por suposto, pero trato de explicarlles que o problema está na falta deses profesionais.

E nós seguiremos traballando, por suposto, con todas as medidas. E quero destacar dende aquí as que non nos corresponden a nós, porque das nosas xa falei hai un momentiño. Quero insistir nesa proposta que remitiu a Xunta de Galicia para flexibilizar a acreditación de prazas MIR, e quero insistir nesas sesenta e cinco prazas adicionais que pedimos este ano. Pero como di miña nai: tarde piaches, porque xa pasou o exame MIR. E eses sesenta e cinco, de entraren, entrarán o ano que vén. Seguiremos agardando.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Pregunta de Dª Ana Pontón Mondelo e dezaoito deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a consideración do Goberno galego respecto da sanción imposta a unha profesional do Servizo de Urxencias do Centro Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta ten a palabra a señora Carreira Pazos.

A señora CARREIRA PAZOS: Grazas, señor presidente.

Moi bo día.

CSV: BOPGDSPG-OKp0MFw64-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cada vez que se trae a esta cámara algunha iniciativa que supoña unha crítica cara á situación actual do sistema público de saúde do noso país, tanto os representantes da Xunta de Galiza como tamén os propios deputados do Grupo Popular seguen a mesma táctica: esquivar o tema central e parapetarse detrás das profesionais da sanidade. Profesionais ás que desde aquí quixera trasladar unha vez máis no meu nome e no de todo o meu grupo todo o agradecemento, *(Aplausos.)* porque son no día de hoxe as verdadeiras e únicas responsables de que o sistema de saúde siga en pé.

Vostedes parapétanse e habitualmente —que non sempre— recoñecen o labor das profesionais, pero non recoñecen a súa propia ineptitude como xestores do sistema público de saúde. Agóchanse detrás do bo facer das traballadoras para non recoñecer que a súa consellería non está a facer as cousas ben. Desfanse en boas palabras ata que as profesionais protestan e se rebelan. Daquela, son implacables contra elas.

Un exemplo disto é o sucedido co doutor Castrillo, a quen se lle abriu un expediente hai algo máis dun ano por mor dunha discrepancia respecto dun traslado. O doutor Castrillo, que se pronunciara en reiteradas ocasións de xeito enérxico e público en contra do peche da sala de partos do Hospital de Verín.

Outro exemplo é o sucedido coa doutora Maquieira —caso que vostede coñecerá de primeira man—, quen foi cesada da xefatura do Servizo de Cirurxía Plástica no Álvaro Cunqueiro porque seica chamaba ao alarmismo ao reclamar medios de protección en marzo de 2020. ¡Que atrevemento resultou demandar máscaras e equipos de protección individual cando nos atopabamos ante un virus que se contaxia por gotas! Vostede mesmo aseguraba que as críticas públicas son inapropiadas.

Outro máis: o caso que ocupa esta iniciativa. A doutora Nercellas foi unha das voces críticas do que estaba a suceder nas Urxencias do CHUS. Como supoño que vostede saberá, as Urxencias do Clínico padeceron unha situación de grave colapso antes incluso da irrupción da covid, onde os pacientes se amoreaban nos corredores antes de poder ser atendidos, agardando durante horas porque faltaba o espazo físico para prestarlles atención, e as profesionais non daban abasto. Un lugar que debera ser unicamente de tránsito albergaba pacientes que nalgúns casos agardaron máis de tres horas para recibir tratamento. Esta doutora ten no día de hoxe enriba da mesa unha proposta de sanción por mover dous pacientes que tiña asignados do corredor aos boxes de observación para recibir tratamento.

A vostedes moléstanlles as críticas, non queren escoitar que o seu traballo non está a ser bo. Non queren escoitalo cando llelo di o Bloque Nacionalista Galego, cando llelo di a oposición ou cando é a cidadanía que se manifesta. Rabian e protestan. E de paso acúsannos a nós de non valorar as profesionais ou de ser alarmistas. Pero cando lles protesta o persoal directamente vostedes non dubidan en aplicar con man de aceiro a normativa sancionadora que teñen ao seu alcance.

Por iso lle preguntamos, señor conselleiro: ¿que opinión lle merece a proposta de sanción que no día de hoxe figura contra a doutora Nercellas? *(Aplausos.)*

CSV: BOPGDSPG-OKp0MFw64-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Carreira.

Ten a palabra o conselleiro de Sanidade, o señor García Comesaña.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Boa tarde, presidente.

Señorías.

Señora Carreira, vostedes traen de novo a este parlamento cuestións que poñen en dúbida o funcionamento de determinados servizos, así como a obxectividade e a independencia de determinados profesionais, porque vexo que doutros non, pero doutros neste caso si. E neste caso estou a falar dos profesionais que traballan na Consellería de Sanidade.

Temos manifestado xa en diferentes ocasións a inoportunidade de debater sobre asuntos como neste caso perfectamente regulados, ao igual que tampouco ten sentido facelo sobre sentenzas xudiciais. Aínda que pouco me sorprende que vostedes empreguen unha cuestión como esta para convertela nun debate partidista.

Eu non vou entrar a valorar o procedemento no que un instrutor segue todo un proceso fixado polo réxime sancionador recollido no estatuto marco. Como xa comentei neste pleno con anterioridade, a raíz dalgún dos casos que vostede relataba, dubido da conveniencia desta pregunta pola desconsideración que supón ao traballo que realiza o Servizo de Inspección da Consellería de Sanidade. Parece moi desconsiderado co instrutor do expediente, un funcionario público independente e soberano na instrución deste procedemento. Vostedes poñen en dúbida o bo facer deste profesional neste caso con só formular esta pregunta. ¿Que intentan vostedes trasladar?, ¿que queren insinuar?

A Inspección da Consellería de Sanidade tramita anualmente centos de expedientes, sempre segundo as normas establecidas e coa máxima obxectividade, que é a base do traballo de todo o persoal da Inspección, ofrecendo ademais nestes procesos todas as garantías aos profesionais afectados. As sancións fixadas están reguladas neste caso no artigo 19 da Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto marco do profesional estatutario dos servizos de saúde.

A profesional contou con toda a información precisa ao longo de todo este procedemento e, de feito, atendéronse peticións específicas sobre a documentación relativa ao caso, e puido —como é obvio— presentar as alegacións correspondentes. Agora, unha vez realizada a proposta de resolución do expediente disciplinario coa correspondente sanción, a profesional ten posibilidade —¿como non?— de interpoñer recurso.

Os cargos políticos non debemos interpoñernos nun proceso como este.

Nada máis. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Grazas, señor conselleiro.

Para a réplica ten a palabra a señora Carreira Pazos.

CSV: BOPGDSPG-OKp0MFw64-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A señora CARREIRA PAZOS: Grazas, presidente.

Concordo en algo con vostede, señor conselleiro: non nos compete a ninguén dos presentes resolver a proposta de sanción que se lle formulou á doutora Nercellas por trasladar —reitero— pacientes a un espazo máis axeitado para recibir tratamento. No que supoño que concordará comigo é na curiosa casualidade que une a todas as profesionais que se alzan en contra da súa consellería, xa que todas acaban con algún tipo de castigo, aínda que despois os expedientes e as propostas de sanción non chegan a ningún sitio. Pero, polo de pronto, queda o susto enriba da mesa e queda claro quen manda aquí. Volvo recoller as súas palabras de cando era vostede o xerente da Área Sanitaria de Vigo: «as críticas públicas son inapropiadas». *(Aplausos.)*

Actúan ademais practicamente con nocturnidade e con aleivosía porque nin sequera cumpren coa súa obriga de informar a Xunta de Persoal da apertura do expediente disciplinario á doutora Nercellas.

E volvo reiterarme tamén: teñen a sanidade galega contra as cordas por falta de medios e por falta de persoal. As denuncias do colapso non é algo que o seu goberno estea disposto a admitir; evitan falar do colapso que padecen as Urxencias hospitalarias, por exemplo, nos hospitais da Coruña ou de Ourense, que están que botan por fóra. Comezan agora a falar timidamente da saturación da atención primaria despois de tildarnos a nós de «alarmistas» cada vez que denunciabamos a situación. E así vimos a noticia de que este último domingo o médico que estivo de garda no PAC da Parda atendeu máis dun cento de pacientes el só, *(Aplausos.)* el só de tres facultativas que tiñan que estar de garda. *(Aplausos.)*

Se no día de hoxe o sistema sanitario continúa en pé teña claro que é polas traballadoras e polos traballadores que parten o lombo todos os días para sacalo a adiante. Sanitarias como a señora Nercellas, como o señor Castrillo ou como a señora Maquieira, mais tamén administrativas, persoal de limpeza, persoal de cociña, etc., que o que precisan son medios e dereitos...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Carreira.

A señora CARREIRA PAZOS: ...para realizaren o seu traballo con dignidade,...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas. Xa rematou a súa rolda.

A señora CARREIRA PAZOS: ...non gabanzas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Para a réplica do Goberno ten a palabra o conselleiro de Sanidade, o señor García Comesaña.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Como dicía anteriormente, o expediente foi instruído do xeito o máis garantista posible, e vostedes probablemente non o poderán comprender porque igual terían actuado doutro xeito.

CSV: BOPGDSPG-OKp0MFw64-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Non me fale vostede de expedientes no caso da doutora Maquieira porque —como vostede ben di— o coñezo ben e non houbo tal expediente. Quizais teña vostede que repasar mellor a documentación.

Efectivamente... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, non houbo un expediente, non o houbo... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, non o houbo... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Directamente, era unha comisión de servizo de libre designación... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Silencio!

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): ...que cesou como tal libre designación.

Efectivamente, no caso desta doutora Nercellas trátase dunha persoa que levaba a cabo a súa representación sindical, pero non por iso o trato debe ser diferente para ela do que reciben os seus compañeiros de servizo.

Eu —como dicía— non vou entrar en determinadas consideracións porque creo que non acae. Pero é que ademais esa profesional e o seu sindicato interpuxeron no xulgado un recurso contencioso-administrativo respecto dunha acción de dereitos fundamentais, que foi —como ben debe saber vostede— arquivado en sentenza firme. Polo tanto —insisto—, non vou seguir nesa liña.

Pero si que quero falar dalgunhas referencias que fai vostede á situación das Urxencias, neste caso en Santiago. As Urxencias do CHUS non están colapsadas. A vostede e ao seu partido gústalles moito lanzar estas mensaxes alarmistas; non sabemos moi ben para que, pero a verdade é que cada vez é máis frecuente. E creo que deberían facer unha reflexión sobre que supón lanzar este tipo de mensaxes.

No caso do CHUS gustaríame dar algún dato. Por unha banda, nos meses de máis incidencia —que son estes que estamos agora a vivir, dende outubro ata despois do Nadal— as atencións nas Urxencias do CHUS —fíxese— este ano nin creceron nin están colapsadas, senón que incluso son 3.500 menos que no ano 2019 e no ano 2020. Por outra banda, a porcentaxe de ingresos neste hospital está dous puntos case por debaixo da media en toda a comunidade autónoma. Eses ingresos e as consultas realízanse tamén —como vostede debe saber— nun espazo renovado e ampliado cun investimento de 1,6 millóns de euros e máis de corenta novas camas de observación, e ademais da posibilidade de crear circuítos diferenciados para pacientes covid e non covid. Esta obra foi executada, por certo, con moita dilixencia, e permitiunos contar con novas instalacións, así como ter mellorada a redución do servizo.

E voulle dar un dato: nesas Urxencias colapsadas que vostede di, cada día os trescentos sesenta e cinco días do ano traballan 271 profesionais, cada día, señora Carreira: 180 profesionais específicos do Servizo de Urxencias: 33 médicos, 56 enfermeiras, 42 TCAE, 9 técnicos, 25 celadores, 6 auxiliares administrativos e 9 traballadores de limpeza —repito, cada día—. Ademais de 58 médicos de especialidades dispoñibles para eles: 30 médicos de presencia

CSV: BOPGDSPG-OKp0MFw64-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

física, 22 de presencia localizada e 6 médicos de presencia mixta. Ademais de 33 residentes. En total —como digo—, 271 persoas a diario traballando nese Servizo de Urxencias que vostede di que está colapsado.

Máis nada. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Pasamos á seguinte pregunta ao Goberno.

Pregunta de Dª Teresa Egerique Mosquera e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as accións postas en marcha para iniciar o desenvolvemento do Plan da cultura marítima de Galicia

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta ten a palabra a señora Egerique Mosquera.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: Grazas, presidente.

Benvida, señora Quintana.

Un convenio de colaboración asinado entre a Universidade da Coruña e a Eurofundación Universidade da Coruña coa Consellería do Mar acordou a elaboración do Plan da cultura marítima horizonte 2030. Cando se anunciou houbo a quen lle provocou riso e, coma sempre, con oportunismo aproveitou para criticar todo o que se anuncia e o que se fai dende a Xunta de Galicia, que co tempo se ve que funciona.

Vostede, señora Quintana, é unha conselleira moi apegada ao territorio, gran coñecedora da realidade social, económica e política no ámbito marítimo e mariñeiro de Galicia. E a estes factores —o social, o económico e o político— vou engadirlle hoxe a gastronomía e a cultura, que —como todos sabemos— van tamén da man do noso mar, das nosas vidas mariñeiras e da forma de vida de moitos galegos que vivimos nas zonas costeiras. Dous factores fundamentais na nosa identidade polo noso estilo de vida e que herdamos de xeracións anteriores. E convén lembrar que vostedes na Consellería do Mar téñeno moi en conta.

Por iso cando falamos de proxectos importantes que xiran arredor da pesca, arredor do mar, que moitos galegos deciden emprender libremente, iso causa mofa do PSdeG e do BNG en ocasións. Coma se a gastronomía, a cultura e mesmo o turismo non formasen parte ou non estivesen relacionados coa forma de vida nas vilas mariñeiras.

Coma sempre, señora Quintana, a pesar das críticas recibidas que encaixamos e soportamos dende o Partido Popular; a pesar das acusacións de que facemos todo mal ou non facemos nada, por onde lles dea; a pesar tamén de moitas mentiras que sustentan moitos dos discursos da oposición en Galicia; a pesar dos mantras cos que queren ter a hexemonía da cultura e da pesca, cando é todo o contrario; a pesar de todo iso e máis, os galegos escollen o Partido Popular para gobernar Galicia e, polo tanto, lexitimar traballos como o seu á fronte

CSV: BOPGDSPG-OKp0MFw64-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

da Consellería do Mar. *(Aplausos.)* E fano, señora Quintana, porque saben que o seu obxectivo foi e será o de velar polos intereses do sector pesqueiro e dos intereses de Galicia sempre.

Dito isto, traemos esta pregunta ao Pleno precisamente para dar conta da implicación que ten a Consellería do Mar co patrimonio mariñeiro e as accións que se levan a cabo para preservar a cultura marítima. Un traballo que se engloba no Plan da cultura marítima de Galicia, ao que fixen referencia ao principio; nome que seguramente non lles gustará aos grupos da oposición, pero que co tempo acabarán asimilando como unha boa tarefa, como tantas veces pasou con outros plans e con outras accións que levou a cabo a Consellería do Mar. O reforzo na protección do dito patrimonio e a súa protección son os piares dese plan.

Polo tanto, hoxe queremos, señora Quintana, que nos informe das accións postas en marcha para iniciar o desenvolvemento dese plan, para que quede claro que hai unha acción, que hai un traballo e que hai un obxectivo.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Egerique.

Ten a palabra a conselleira do Mar, a señora Quintana Carballo.

A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo): Grazas, señor presidente.

Señorías.

Señora Egerique, como vostede moi ben di, o Plan da cultura marítima horizonte 2030 enmárcase na aposta da Xunta de Galicia pola posta en valor e recuperación do patrimonio marítimo galego.

No litoral galego desenvolvéronse actividades, oficios e modos de vida vencellados ao mar; condicionados desde os inicios polas peculiaridades xeográficas e climatolóxicas da súa localización, que deron lugar a unha cultura característica. Un patrimonio ligado ao mar que explica a transformación do territorio e o modo de vida da xente do mar, da súa construción social e cultural ao longo do tempo, e tamén da evolución dos oficios e das súas técnicas.

O Plan da cultura marítima é un traballo ambicioso que nos permitirá definir os compromisos estratéxicos, as liñas políticas e as iniciativas que nestes anos que temos por diante asentarán a nosa guía no camiño de pór en valor e recuperar o patrimonio marítimo de Galicia. Un plan que plasma o compromiso irrenunciable do Goberno galego coa cultura marítima como o eixo fundamental que lle dá sentido e significación á identidade cultural marítima de Galicia.

Deste xeito, o 5 de xullo de 2021, no balandro da Asociación Joaquín Vieta, que é o máis antigo de Galicia e é a viva imaxe da nosa cultura mariñeira, asinouse o convenio de colabora-

CSV: BOPGDSPG-OKp0MFw64-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

ción entre a Consellería do Mar, a Universidade da Coruña e a fundación desta universidade para o desenvolvemento deste plan, que conta cun orzamento de 192.000 euros. Traballarase no conxunto global do territorio litoral, e as distintas actividades por realizar buscan definir as liñas principais das políticas e versións culturais da nosa Galicia litoral, unindo as tradicións, o valor do patrimonio marítimo e os pasos que hai que seguir no futuro para garantir así a súa coherencia e continuidade.

O plan proposto quere ser un documento vivo e en permanente construción e reflexión, no que todos poidan facer as súas contribucións: os expertos vencellados ao sector marítimo-pesqueiro, as xentes do mar e as principais asociacións da cultura marítima e todos os axentes, sen excepción, que conforman a nosa sociedade.

O noso patrimonio cultural concíbese como o alicerce dunha actividade que ten nesa expresión cultural e etnográfica a cerna do seu ser, co fin de mellorar a súa conservación, o seu coñecemento e aumentar a autoestima dun sector e das persoas que desenvolven as actividades arredor do mar, porque son eles a parte da nosa historia e do noso ser como pobo e o obxectivo principal deste plan.

É por iso que queremos que esa Galicia se defina como a comunidade consciente do que é, do seu legado asentado nas ribeiras do noso mar. E traballaremos, claro está, se Costas nos deixa.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Grazas, señora conselleira.

Para a réplica ten a palabra a señora Egerique Mosquera.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: Grazas, presidente.

Pois un estudo co que analizar dende unha perspectiva científico-didáctica as conexións históricas e culturais e as transferencias de coñecemento patrimonial entre as comunidades litorais. Comunidades que creceron mantendo o equilibrio, o ecosistema costeiro tradicional, velando polos seus valores de presente, e seguramente, de forma inconsciente pero responsable, sen saber canto ben estaban a facer pola Galicia do futuro. Ese equilibrio do que falabamos tamén —e falamos moitas veces— nos debates neste parlamento, e que debe seguir así adaptándose aos tempos. Unha Galicia que hoxe nese futuro mira cara a atrás para seguir mirando cara a adiante, unindo as tradicións, o valor do patrimonio marítimo e os pasos a seguir para garantir a versión cultural do seu litoral.

E falaba dese equilibrio e esa convivencia cordial, e quero aproveitar, señora Quintana —xa que remata o pleno e que tivemos na pasada sesión un debate aquí, que aprobamos unha iniciativa por unanimidade na que reinaba o diálogo e o equilibrio—, para dicir que poucos días despois vostede foi vítima duns altercados violentos nos que non prima a palabra e o diálogo, senón que prima o escrache, a violencia, o insulto e o acoso. E creo que esa non é a maneira de arranxar as cousas, non é a súa maneira de traballar para nada. Totalmente inxusto, queda condenado.

CSV: BOPGDSPG-OKp0MFw64-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Señora Quintana, eu anímoa a que siga traballando con estes plans, con ese espírito, con esa implicación e con esa responsabilidade que a caracterizou sempre, porque todas as decisións que se toman agora serán para beneficio de futuro. E —como digo— vostede aquí sempre no Parlamento con debates vehementes ofrece diálogo e palabra, e realmente iso é o que demostrou sempre vostede nesa traxectoria que ten.

Pola miña banda, nada máis.

Por este tema de cultura marítima soamente dicir cales foron as accións levadas a cabo dende a sinatura do convenio en xullo, porque realmente hai acción —como digo—, hai acción e hai traballo detrás do que vostede fai.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Grazas, señora Egerique.

Para a réplica do Goberno ten a palabra a conselleira do Mar, a señora Quintana Carballo.

A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo): Grazas, presidente. *(Prolongados aplausos.)* Moitas grazas, presidente.

Moitísimas grazas, señora Egerique, polas súas palabras e polo seu apoio.

A verdade é que o venres pasado non foi un día nada agradable, foi un día duro e triste. Pero a min o que me gustaría é que ese día quede no olvido. E nesa liña podo comprometer xa o meu traballo de diálogo constante con todos os sectores. *(Aplausos.)* Quero dicir que a inmensa maioría do sector pesqueiro condenou esa actitude.

Teño que dicir tamén que o mesmo luns xa se convocou o sector bateeiro para unha reunión, á que asistiron todos os representantes. Onte mesmo reuninme cos presidentes das federacións. A vía do diálogo está aberta. E eu espero máis pronto que tarde acadar un consenso que permita que se poida desenvolver tanto a actividade dos señores bateeiros como tamén a actividade de todos os señores e señoras percebeiros, que fan moi ben o seu traballo. *(Aplausos.)*

Así é que imos esquecer todo aquilo, *(Aplausos.)* imos traballar polo futuro. *(Aplausos.)* E nesa liña de futuro enmarcamos tamén este plan, que, por resumir, lles direi que o mesmo día 20 de decembro asinamos na Aula Náutica da Universidade da Coruña xa a presentación da páxina web, que enmarca as liñas e os obxectivos nos que traballar para desenvolver este plan. Está esa páxina feb. á disposición de todos os cidadáns que queiran facer as súas aportacións para enriquecer este plan e as diferentes liñas de traballo.

O plan estruturouse en seis fases. A primeira xa está en marcha, e están nestes momentos constituíndose, despois de ter feito xa unha primeira análise de investigación, sete mesas de traballo; sete mesas onde traballarán os expertos e todos aqueles que teñan que aportar para esta cultura. É dicir, traballaremos constituíndo sete mesas de traballo nas sete zonas

CSV: BOPGDSPG-OKp0MFw64-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

de Galicia. E de todas elas sairá ao final esa reflexión dun plan vivo que nos enmarcará e nos fará chegar á autoestima de todos os señores e señoras que traballan no mundo do Mar. Máis nada, moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora conselleira.

Rematados os puntos da orde do día, levántase a sesión.

Remata a sesión ás dúas e corenta e un minutos da tarde.

CSV: BOPGDSPG-OKp0MFw64-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

CSV: BOPGDSPG-OKp0MFw64-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/